# A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual

Xosé-Henrique Costas González

Cadernos de Lingua

Anexo

núm. 8

REAL ACADEMIA GALEGA

R(05)/3

CADERNOS DE LINGUA

# *A LINGUA GALEGA NO EO-NAVIA, BIERZO OCCIDENTAL, AS PORTELAS, CALABOR E O VAL DO ELLAS: HISTORIA, BREVE CARACTERIZACIÓN E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA ACTUAL*

XOSÉ-HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ

ANEXO 8

REAL
ACADEMIA
GALEGA

R 123

**Director:** Manuel González González
**Coordinador:** Xosé Luís Regueira
**Secretaria:** María do Carme Pazos Balado

**Consello de redacción:**
Carlos Díaz Abraira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao, Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

**Comité científico:**
R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giralt (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Freiburg), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coímbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

**Colaboracións e correspondencia:**
Xosé Luís Regueira Fernández
Paseo da Quinta, 23
15897 Santiago de Compostela

**Subscrición e intercambio:** Dirixirse a
Editorial Galaxia, S. A.
r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

© Real Academia Galega
A Coruña, 2011

Edita: Real Academia Galega
r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

I.S.B.N.: 978-84-87987-46-5

Título clave: Cadernos de Lingua
Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-573-2011

Deseño: SINMÁS COMUNICACIÓN VISUAL S.L.
Imprime: Galigraf Galicia

A Carlos Xesús Varela Aenlle, Toño Ron, Emilio Pérez, Belén Rico, Lucía Iglesias, Ángel Prieto Souto, Quique de Roxíos e demais amigos eonaviegos.

A Gaspar Méndez, Marisa Cela, Paco Macías, Héctor Silveiro, Manuel Mañá, Rafa Adán, María Xosé Montero, Ana Regueira, Manuel Mañá, Nuria Mariño, Paco Velasco, Xabier Lago, Alberte Bautista e demais amigos bercianos.

A Felipe Lubián e os amigos das Portelas, e Mingos Frades, Maxi Gaspar, Xulián e Eusebio Carretero, Toño Bellanco, Severino López, Marga Noche, Xesús Laxas, Alfonso Berrío, Antonio Garrido, David Carrasco e tantos amigos valegos do Ellas.

A todos eles e a todas elas: beizón polo mel e a música da lingua, polo orgullo e o exemplo de fidelidade que nos transmitides.

A Paco Fernández Rei, Suso Fernández Acevedo, Xoán Babarro, Antón Santamarina, Xosé Luís Regueira, Xavier Campos, Luís Vilares, Rita Paredes, Benxamín Riobó, Asunción Sóñora, Miguel Anxo Sartal, Manuel Portela, Paula Fernández, Lucía Outeiro, Manuel-Antonio Lourenzo, Isaac Xubín, Xabier Xil Xardón, Rita Bugallo, Xosé Manuel Sardiña, Anxo Angueira, Xosé Luís Méndez Ferrín e todos os que se esforzan en rimar as *razois* cos *corazois*.

A Marga, Bran, Xepe e Helena, polo tempo roubado mergullado entre libros, diante dun ordenador ou pola Galicia arraiana e valega, camiñando, gravando e facendo pola patria da lingua dobremente negada.

**Nota:**

En 2011 non celebramos o Día das Letras en homenaxe ao brigadier progresista berciano Antonio Fernández e Morales (1817-1898), cuarta coroa poética do noso Rexurdimento, pero xa hai moita xente a traballar para que en 2017, bicentenario do seu nacemento, a RAG volva ao Bierzo e apoie coa súa presenza a loita polo noso idioma en todas estas terras de lingua e identidade dobremente negadas.

## ÍNDICE


0. Limiar: Definición das marcas orientais (X. L. Méndez Ferrín) ..... 7
1. Introdución ..... 9
2. A formación do romance da Gallaecia ..... 15
3. Historia dos esgazamentos da Galicia oriental ..... 23
   3.1. Terra Eo-Navia ..... 24
   3.2. Bierzo Occidental ..... 26
   3.3. As Portelas e Calabor ..... 32
   3.4. Val do Ellas ..... 34
   3.5. Recapitulación ..... 46
4. Extensión e breve caracterización das falas galegas extramuradas ..... 49
   4.1. Galego da Terra Eo-Navia ..... 51
   4.2. Galego dos Ancares Orientais e Bierzo Occidental ..... 65
   4.3. Galego das Portelas e Calabor ..... 76
   4.4. O "galego" do Val do río Ellas ..... 78
      4.4.1. Trazos comúns co galego (e co portugués) ..... 89
      4.4.2. Maqueta dialectal ..... 99
         4.4.2.1. Fonética e fonoloxía ..... 99
         4.4.2.2. Morfoloxía ..... 102
         4.4.2.3. Léxico ..... 106
      4.4.3. Trazos atribuídos ao influxo do castelán ..... 110
      4.4.4. Trazos atribuídos ás achegas do asturleonés ..... 112
      4.4.5. Trazos considerados propios do Val do Ellas ..... 113
   4.5. Ramo ..... 116
5. A situación sociolingüística actual das falas galegas exteriores: entre a ocultación e a desgaleguización ..... 121
   5.1. Non recoñecemento como falas galegas. Repercusións normativas ..... 123

5.1.1. Unha derivación complexa: o problema normativo ..... 129
5.2. A indefinición e inconcreción do territorio onde se emprega ..... 136
5.3. A ausencia dun censo actualizado de falantes por tramos de idades ..... 138
5.4. A mínima ou inexistente lexislación protectora no ensino e na administración nas diversas comunidades autónomas. ..... 141
V.4.1. Castela e León ..... 143
V.4.2. Asturias ..... 146
V.4.3. Estremadura ..... 148
5.5. O practicamente inexistente estudo científico nas universidades e mínima existencia no sistema escolar non universitario. ..... 150
5.6. A negativa (de Asturias e Estremadura) a asinaren acordos bilaterais coa Xunta para a promoción do idioma ..... 155
5.7. Os incumprimentos xerais da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM): entre a ignorancia e a belixerancia ..... 158
5.8. Os incumprimentos concretos da CELRM e a desatención ás reiteradas recomendacións do Consello de Europa ..... 163
5.9. Ramo ..... 174
6. Bibliografía ..... 177

## *LIMIAR: DEFINICIÓN DAS MARCAS ORIENTAIS*

Permitídeme uns apuntamentos persoais.

No tempo en que eu cursaba os estudos de Filoloxía Románica, os coñecementos científicos da lingua galega exterior eran insuficientes. A carón de estudos impagábeis, coma os de Dámaso Alonso e Cortés y Vázquez, respectivamente, sobre o galego das Asturias e sobre a fala de Lubián, na dialectoloxía autorizada de Alonso Zamora Vicente fomos instruídos na falsidade das falas de Hermisende e a dos Tres Lugares de Cáceres seren portuguesas. A xeografía lingüística do Bierzo era imprecisa.

Débolle moi especialmente a Xosé Henrique Costas, así como a Francisco Fernández Rei, Xoán Babarro e Ana Seco Orosa, a actualización da miña instrución verbo da realidade do galego exterior, ou o que é o mesmo, a miña reeducación ao respecto.

Dámaso Alonso sempre insistía: "Galicia está á espera dun xove: aquel que sexa o primeiro en coñecer a realidade sincrónica do galego falado". Naturalmente, don Dámaso, especialmente el, cando decía "galego falado" incluía sempre o galego falado alén das marcas orientais das provincias de Lugo e Ourense artificialmente impostas polo centralismo decimonónico. Hoxe o desexo do vello mestre é realidade e son moitos os xoves e os vellos que coñecen a realidade das falas de Galicia.

O profesor Costas é, alén de lingüista, un activista da lingua capaz de suscitar o entusiasmo e recrutar outros activistas en defensa do galego exterior. El sabe moi ben que, se a nosa lingua se encontra baixo ameaza de liquidación na Galicia administrada pola Xunta, na outra Galicia, a adscrita ás Asturias, Castela-León e Estremadura, a situación é de extrema gravidade.

Como este prologuiño vai adquirindo un ton confidencial e subxectivo, quixera revelar algo para min moi valioso. Cando

eu xa coidaba ter na cabeza a cartografía lingüística e cultural da Galicia que Fernández Rei soe decer estremeira, comentáballe a Xosé Henrique unha falsa crenza que vexo moi estendida en sectores nacionalistas. Ela é a de que Lubián, Pías, Porto e Hermisende, concellos de lingua galega, pertencen á Seabra. Daquela, o filólogo deume unha noticia que me conmoveu: existe unha poboación de fasquía xabresa e asentada na Seabra que fala galego. O nome do pobo (son pobos aqueles de alí) pareceume belo e misterioso: Calabor.

Tanto foi así que, antes de pisar o sitio, cousa que non faría senón moito máis tarde, discorrinlle a Calabor un poemiña que terminou no meu libro *Contra Maquieiro*. Así pode ser de provocador Xosé Henrique Costas. Beizón ao "profesor de enerxía" que el é.

---

Esta obra que agora se edita apresenta o estado da cuestión da lingua nosa no exterior da autonomía compostelá. Ela invade diversos territorios metodolóxicos e foca o obxecto de estudo desde distintos puntos de vista.

O primeiro, diacrónico. Nel o autor fai historia da lingua nos espazos estremeiros, incluída a explicación máis ben difícil do galego do Val do Ellas. Desde o segundo punto de vista, sincrónico, o profesor fai exposición descritiva das falas eonaviegas, ancarás, bercianas, das Portelas e de Calabor, e das dos tres concellos do Ellas. E iso segundo a metódica da dialectoloxía e da xeografía lingüística.

Finalmente, Xosé Henrique encara con decisión a actual realidade sociolingüística do galego exterior. Coa súa obxectividade, termina por denunciar a situación de subalternidade (verdadeira persecución nalgúns casos) en que se acha a lingua e a cultura nacional na Galicia exterior.

Este libro servirá par afortalar a reivindicación do noso idioma nos territorios estremeiros e será, sen dúbida, politicamente útil. Eu doulle as grazas ao autor por todo o que nel aprendo.

X.L. Méndez Ferrín

# 1. INTRODUCIÓN

En toda Europa, e máis concretamente nos territorios onde se falan linguas románicas, é difícil que coincidan un límite administrativo, sexa provincial, rexional ou estatal, cunha fronteira lingüística, e Galicia, como parte deses territorios, non podía ser unha excepción. Do mesmo xeito que ocorre co catalán, falado en catro estados e oito entidades xurídico-administrativas diferentes (Cataluña, Valencia, Aragón, Murcia, Illas Baleares, Sardeña, Andorra e os Pirineos Orientais franceses), ou co occitano ou co friulano, por citarmos só algunhas das linguas máis próximas, o territorio lingüístico galego non coincide co territorio administrativo actual, senón que neste caso o sobarda e o supera polo leste e o sueste.

A historia da falta de coincidencia entre o espazo administrativo e dominio lingüístico constituínte galego é a historia da perda reiterada de territorios desde o século XII, cando por decisión real se esgallou do bispado de Lugo a terra Eo-Navia para incluíla no territorio do bispado de Ovedo, ata o XIX coa artificiosa división provincial de Javier de Burgos e a adscrición das Portelas á provincia de Zamora, pasando polo continuo recuar da fronteira administrativa galega cara ao oeste no Bierzo durante os séculos XVII e XVIII ata a actualidade[1].

Por distintas circunstancias históricas de índole política e eclesiástica quedaron fóra da actual Galicia administrativa terras e xentes de tradición constitutiva cultural e lingüística galega que se senten, nos máis dos casos, nun estado de "confusión socio-identitaria": asturianos, leoneses e zamoranos que non falan asturiano ou leonés ou castelán, senón que son conscientes de falar coma os de Galicia ou, como pouco, máis semellante ao que falan os seus inmediatos veciños galegos.

---

[1] Vid. López Mira (1998).

Sobre as novas fronteiras administrativas sempre os poderes e os poderosos pretenderon construír novas e, nos máis dos casos, artificiosas identidades. É famosa a frase de Juan José Lucas cando era presidente da Comunidad Autónoma de Castilla y Léon, quen, para alicerzar e reforzar a nova identidade "castellano-leonesa" propuña como primeira medida "coser las esquinas", e neste "coser las esquinas" as vacas frieiresas de Porto, Pías, Lubián e Hermisende, da mesma raza e da mesma comarca histórica e natural das Frieiras da que forman parte Viana do Bolo, A Mezquita ou A Gudiña, pasaron a ser de raza "alistano-sanabresa"; e o galego falado nas Portelas pasou a ser denominado oficialmente "alto-sanabrés" ("una extraña mezcla de leonés antiguo, castellano antiguo, portugués y gallego con rasgos propios"[2]) e a se lle negar a galeguidade; ou o galego do Bierzo foi simplemente "unha lingua diferente: o berciano occidental", "unha fala castellano-leonesa de fronteira", en opinión dalgunhas autoridades políticas e voces mediáticas, sempre proclives a facer manifestacións sobre temas históricos, culturais e lingüísticos aínda que non posúan competencia ou coñecementos fundados para facelo.

Estas novas denominacións, produto do revisionismo histórico e cultural, teñen un obxectivo claro: conformaren novas identidades "autonómicas" sobre a base das fronteiras provinciais e autonómicas. O poder uniformizador perseguiu este obxectivo para perpetuar o estado actual das cousas, homoxeneizar e diluír noutro conxunto maior calquera diferenza ou disidencia lingüística e cultural que, por avatares forzados da historia, quedara xebrada e fóra do seu territorio histórico natural.

As terras situadas en Asturias *grosso modo* entre os ríos Eo e Freixulfe (alén do río Navia), no Bierzo Occidental e no noroeste da Serra da Cabreira en León, nas Portelas e Calabor de Zamora, son parte integrante do territorio lingüístico

[2] Caracterización *sui generis* manifestada por un cargo autonómico castelán-leonés no transcurso do "Encuentro en la frontera. Mundo rural y urbano", organizado por ADISAC (Asociación para el Desarrollo Integral de Sanabria y Carballeda) en Porto das Portelas os días 26 e 27 de maio de 2001.

constitutivo galego. O galego tamén naceu e se formou nesas terras. Os primeiros documentos romanceados ou romances producidos nos mosteiros destas zonas presentan un estado de lingua inequivocamente galego e non asturiano nin leonés, nin moito menos castelán. Por iso non debe estrañar que na actualidade, e a pesar de séculos de desprezo e decadencia, aínda o galego cante baixiño nos beizos de case 80.000 falantes de toda esta zona estremeira ou arraiana.

Así como as terras anteriores forman parte do territorio constitutivo do galego, o Val do Ellas, no recanto noroccidental de Cáceres, forma parte do territorio consecutivo ou substitutivo do galego. O modelo de lingua empregado hoxe polos 5.000 falantes dos tres concellos do occidente da Serra de Gata é unha evolución directa e nivelada daquelas variedades de lingua galega levadas polos colonos alí instalados durante os reinados de Fernando II e do seu fillo Afonso VIII Fernández, reis de Galicia, León, Asturias e Estremadura, para repoboaren nos séculos XII e XIII as terras que lles ían conquistando aos musulmáns[3].

Os *Foros de Castelo Rodrigo* (séc. XIII), ben estudados polo filólogo portugués Luis Filipe Lindley Cintra, amosan un modelo de lingua máis próximo ao coetáneo galego do norte (galego) ca ao galego do sur (portugués), mais con lóxicas pinceladas leonesizantes. Este mesmo modelo de lingua é o que se mantén hoxe no Val do Ellas[4], evolucionado ao longo de nove

---

[3] En febreiro de 2010 presentouse un documental titulado *Entre línguas*, da V. Vila-Verde, E. Maragoto e J. Aveledo (vid. http://agal-gz.org/blogues/index.php/entrelinguas/). Estes autores sosteñen a lusitanidade destas terras e negan, xa que logo, a súa galeguidade histórica. Vid. a entrevista publicada en Galicia Hoxe o 23 de marzo de 2010.

[4] En decembro de 2000 coincidiron nun congreso en Compostela (*Galego no mundo, latín en pó*) Felipe Lubián, alcalde de Lubián (As Portelas) co alcalde de San Martiño de Trebello (Val do Ellas), Máximo Gaspar. Simplemente pola entoación, o de Lubián preguntoulle ao de Trebello se era de Porto (das Portelas), e sorprendeuse cando soubo que era estremeño. Máis se sorprendeu Felipe Lubián cando lle comentamos que de Porto foi de onde saíron -a finais do século XII e comezos do XIII- boa parte dos colonos que foron parar ao Val do Ellas. É lástima que aínda non se fixese un estudo comparativo dos trazos prosódicos entre as dúas zonas.

séculos sen contacto con Galicia e con relativamente escasos contactos con Portugal.

Con todo, leva razón Carrasco (2009:230-231) cando, a propósito da «perspectiva gallega» do estudo das falas galegas exteriores e a consideración das falas do Ellas como galegas, afirma que:

> «*...variedades fronterizas de evolución propia y variedades nacidas de la mezcolanza y criollización de dos lenguas en contacto requieren aplicar una metodología muy diferente cuando se trata de caracterizarlas y de definir sus límites lingüísticos.*»

Porén, é mágoa que este autor non nos ofreza unha idea de cal debería ser na súa opinión esa «metodología muy diferente» coa que deberiamos analizar as características, límites e tipoloxía lingüística destas falas galegas consecutivas ou substitutivas.

No presente traballo pretendemos facer unha síntese e repaso do moito feito ata agora en diversos estudos por varios autores en materia lingüística nestas áreas, pero pretendemos agora expolos de maneira conxunta. Se hai un desequilibro expositivo en favor das falas do Ellas isto é debido a que son as menos coñecidas e as máis especiais dentro do conxunto da dialectoloxía galega, polo que cumpría deterse un pouco máis nelas.

A todo isto amecémoslle un apartado final sobre a situación sociolingüística destes territorios de maneira global pero analizando polo miúdo cada unha das áreas. Deste xeito, queremos que este manual forneza a estudosos e interesados unha información completa ao día de hoxe sobre estas falas, que, se non exhaustiva, sexa suficiente para que coñeza o estado lingüístico e sociolingüístico de cada unha delas.

Tense dito ata a saciedade que toda lingua non é máis que a punta dun iceberg cultural, antropolóxico, histórico, a parte máis inmediatamente perceptible, audible e lexible, da identidade dun pobo. Trataremos de ver a lingua como

integrante dese conxunto de trazos identitarios. Fernández Rei (1990:118) di que a estes trazos lingüísticos habería que «engadirlles criterios extralingüísticos para tratar de demostrar que a prolongación do idioma rosaliano fóra da Galicia administrativa non é casual, que existe unha interrelación entre lingua, cultura popular e (pre)historia dos dous lados da franxa oriental». Trataremos de ver a lingua galega estremeira (ou a transplantada no Ellas), xa que logo, como integrante dese conxunto de trazos identitarios e encadrelada neles.

Como lingüistas, é fundamental termos e contribuírmos a un bo coñecemento da realidade lingüística de todas estas zonas. Hoxe a galeguística posúe un bo coñecemento lingüístico da terra Eo-Navia e do Bierzo e As Portelas grazas a toda unha constelación de contributos realizados na segunda metade do século XX, empezando polos traballos de Dámaso Alonso e continuando polos traballos do *Atlas Lingüístico de Galicia*; máis recentemente, foron fundamentais e case definitivos os traballos de Xoán Babarro no Eo-Navia e Ana Seco Orosa no Bierzo, As Portelas e Calabor[5]. A galeguística ten tamén un coñecemento cada vez maior e mellor da realidade lingüística do Val do Ellas grazas aos traballos de Lindley Cintra, Azevedo Maia, Gargallo Gil, Carrasco González, Fernández Rei, Román Domínguez, Rodríguez Guerra, Frades Gaspar e outros. Mais faltan estudos lexicais de conxunto, fundamentalmente lexicométricos e de dialectoloxía lexical, segundo e seguindo os métodos de Goebl, Séguy ou Guiter. E unha vez que teñamos isto encamiñado deberiamos conxugar estes estudos con outros de tipo prosódico, patronímico, toponímico, etnográfico, antropolóxico,

[5] De Calabor tiñamos moi poucos datos fóra da media ducia de trazos recollidos por Seco Orosa no seu día e que lle bastaron para incluír esta fala no conxunto das falas galegas. En Calabor só queda hoxe en día medio centenar de veciños, dos cales apenas un terzo é autóctono e competente en calaborés e maior de 75 anos. Nestes momentos unha alumna de doutoramento da Universidade de Vigo, Ana Belén Mourín López, está a traballar sobre a lingua dos últimos falantes de calaborés. Ela é principalmente a que nos forneceu a maioria dos materiais cos que máis adiante caracterizaremos a única fala galega xabresa (non portelá) de Zamora.

arqueolóxico, histórico, folclórico[6], xenético etc., para tentarmos establecer con máis precisión o territorio cultural e lingüístico galego, independentemente da súa adscrición administrativa pasada, presente ou futura.




Mapa 1. Territorios de lingua autóctona galega (elaboración propia)

[6] Cando en 2007 se celebrou o curso de verán «A fala de Xálima/El habla de Jálama» (San Martiño de Trebello, 10-12 de xullo), o etnomusicólogo galego Pablo Carpintero comentáraME abraiado que topara un pastor no Soito de Ogesto (ao norte do concello de San Martiño de Trebello) tocando nunha pipa ou frauta de castiñeiro. Estaba emocionado Pablo Carpintero porque en toda a península ibérica este rústico instrumento só se conservaba e se empregaba na zona oriental de cultura galega (Ancares, Courel, Bierzo, Ozcos...), non en Portugal nin en Castela ou no Cantábrico, e agora Carpintero descubría que tamén o tiñan no Val do Ellas (véxase a distribución deste instrumento na páxina 346 do libro de Pablo Carpintero *Os instrumentos musicais na tradición galega* (2009).

## 2. A FORMACIÓN DA GALLAECIA

Todas as investigacións prehistóricas e arqueolóxicas[7] confirman que debeu existir unha unidade cultural homoxénea desde o megalitismo na Gallaecia, é decer: en Galicia, norte de Portugal ata o Douro e nos occidentes de Asturias, León e Zamora, segundo os estudos de construcións e cultura material destas áreas[8]. Arrincando das mostras prehistóricas desde o primeiro milenio a.C., e pasando pola chamada cultura castrexa (construcións, deseño artístico, cerámica, alfaias, ferramentas, armas, divindades, estruturación social etc.), esta área do cuadrante noroccidental peninsular manifestou sempre unha certa unidade e proximidade antropolóxica e cultural[9].

Sábese que os romanos establecían primeiramente as súas divisións administrativas sobre entidades macro-étnicas para, nunha segunda fase e xa avanzada a romanización do territorio, estableceren divisións menores con criterios micro-étnicos, aínda que non sempre estas divisións eran acertadas. Suponse que os pobos primitivos que habitaron o cuadrante noroccidental peninsular, galaicos, ástures e cántabros, mantiñan algún tipo de cultura común, vencellos ou alianzas que os levaron a combater xuntos os romanos en sucesivas ocasións xa desde algúns anos antes da era cristiá[10].

---

[7] Vid. por exemplo Vázquez Varela (1980) ou Delibes (s.d.). No occidente de Asturias maniféstanse os mesmos tipos dolménicos achados en Galicia, fronte aos tipos dolménicos diferentes do centro e oriente do Principado.

[8] Vid. por exemplo Krüger (1925).

[9] Vid. Pereira-Menaut, G. (2005) e Santos Yanguas, J. (2009).

[10] Santos Yanguas (2009: 69-70) declara que a unidade dos pobos de toda esta zona viña dada polo carácter indoeuropeo de cadansúas linguas, pero que estaban claramente diferenciados en moitos outros aspectos, como por exemplo, no caso dos galaicos, pola súa senlleira estrutura social e comunitaria demostrada polo signo epigráfico do C invertido, que significaba castellum (é

A incorporación de Galicia ao Imperio efectuouse serodiamente e nunca dun xeito completo. Coa chegada dos romanos o territorio galego sufriu unha serie de transformacións definitivas para a súa conformación histórica.

No século III, baixo Diocleciano, toda a Hispania se organiza en provincias, unha das cales sería a dos *gallaecus*, a *Gallaecia* que, aínda que saibamos cales eran os seus lindes meridionais, os historiadores discuten aínda hoxe acerca dos seus lindes orientais (se chegaba ou non a toda a cornixa Cantábrica, ou se chegaba ou non ata o río Sella)[11].

As sucesivas divisións romanas, baseadas en unidades ou confederacións de pobos cultural e etnicamente afíns, van delimitando un territorio que case coincide coa Galicia política e lingüística actual, se non fose polo esgallamento da Galicia bracarense e polas sucesivas "mordidas" que lle deu a historia a Galicia polo leste.

A provincia da *Gallaecia* estaba subdividida en tres *conventus*: o lucense, con capital en Lugo; o bracarense, con capital en Braga; e o asturicense, con capital en Astorga. Os propios historiadores latinos (Plinio, Ptolomeo, Mela, Silo Itálico, Estrabón, Posidonio etc.) establecían a fronteira entre os galaicos lucenses (albións) e os ástures no río Navia[12]. O convento lucense, cuns 165.000 habitantes na época da súa formación, abranguía unha ampla extensión de terra, delimitada polos ríos Lérez e Miño, ao sur, polo Navia no nordeste e polo leste central tiña uns límites imprecisos, como vimos máis arriba.

O convento bracarense, cuns 300.000 habitantes, abranguía a circunscrición eclesiástica actual de Tui e a maior parte das terras situadas entre os ríos Miño e Sil e Doiro, incluíndo As Portelas e excluíndo Valdeorras. O convento

---

decer: castro), pertencente ao castro de..., algo do que carecían o resto dos pobos ao expresaren cadansúa filiación.

[11] Vid. Santos Yanguas (2009).

[12] Vid. F. Cuevillas (1989:59-63).

asturicense[13], cuns 250.000 habitantes, comprendía a parte central e oriental de Asturias, Cantabria, Valdeorras, Trives e mais as terras leonesas e zamoranas situadas ao occidente do río Esla[14].



Mapa 2. Os tres conventus: lucense, bracarense (máis escuro) e asturicense (máis claro). En trazo groso márcase a área de cultura castrexa, onde se formou a lingua galega.

A terra Eo-Navia estaba habitada na época prerromana e romana por galaicos lucenses das tribos dos salaenos, cibarcos e albións. As terras do Bierzo e Valdeorras, pertencentes ao convento asturicense, estaban habitadas por tribos gigurras que procedían do norte Gallaecia lucense, concretamente da zona do cabo Ortegal. Aínda que se lles chamase "asturicenses

[13] Di J. Santos Yanguas (2009:75) que "cuando hablamos de *Gallaecia*, nos estamos refiriendo a la *Gallaecia* romana, es decir, los *conuentus Lucensis* y *Bracarum*, y no sabemos exactamente por dónde iban los límites entre galaicos y astures en época prerromana. Además, el estudio de esta zona de transición galaicos-astures se ha visto convulsionado por la aparición en Bembibre de un nuevo bronce, la *Tabula Paemiobrigensis*, que ha demostrado que estos límites eran máis bien freáticos y nada rígidos".

[14] Vid. o mapa das divisións xentilícicas do norte da Iberia elaborado por J.Caro Baroja (1977) segundo os datos fornecidos por Ptomoleo.

bercianos" en realidade eran "lucenses de Ortegal"; esta pode ser unha causa importante para explicar por que nunha área asturicense tamén se formou a lingua galega: porque os pobos que habitaban esa área eran de orixe lucense[15]; ademais, aínda estando en territorio asturicense, os castros desta zona eran de cultura material nidiamente castrexa.

Santos Yanguas (2009:68) apunta neste sentido outro detalle ben significativo:

> *Un claro ejemplo lo tenemos en la zona de El Bierzo, transición entre Gallaecia y Asturia. De acuerdo con los datos de la epigrafía y la historiografía reciente, el signo epigráfico de C invertida y los términos castellum y castellani son propios de la organización indígena de Gallaecia. Pero se conocen documentos epigráficos aparecidos en la zona de El Bierzo, zona astur, que los contienen. No debe extrañarnos, pues, aunque Gallaecia está formada en época romana por los conuentus Lucensis y Bracarum, no se sabe exactamente si éstos incluyen a todas las poblaciones organizadas "al modo galaico" o algunas de éstas han quedado integradas en el conuentus Asturum, pues no siempre los romanos han respetado los límites entre poblaciones indígenas a la hora de trazar sus divisiones administrativas, en este caso los conuentus.*

Non toda a Gallaecia (incluíndo aquí a asturicense) foi de cultura castrexa, pois castros hóuboos mesmo fóra da Gallaecia romana (Miróbriga, Segóbriga, etc), pero castros de cultura castrexa[16] só os houbo na Gallaecia lucense, na bracarense e na parte da asturicense poboada por pobos procedentes da

---

[15] Vid. E. Martínez Hombre (s.d.:97): "Astures bergidanos", en *Gran Enciclopedia Asturiana*, II, pp. 97.

[16] Por cultura castrexa entendemos uns tipos propios e autóctonos de manifestacións artísticas (cerámica e ourivería, deseño), relixiosas, construtivas, lingüísticas (onomástica e léxico) característicos dunha cultura que se manifestou no noroeste da península entre os séculos VIII a.C. e IV d.C. Díaz Santana (2002) coincide coa división da cultura castrexa realizada polos arqueólogos e historiadores F. Calo Lourido e A. de la Peña Santos; véxase tamén Rosa Brañas (1995), García Fernández-Albalat (1990) e Calo Lourido (1997 e 2010).

Gallaecia lucense[17]. Seguramente non é ningunha casualidade que os límites orientais da cultura castrexa (cos castros Coaña no Navia, Ventosa no Bierzo e a Croa ou As Muradellas nas Portelas como marcos referenciais nas estremas dos tres territorios fronteirizos) coincidan cos límites orientais constitutivos da lingua galega, así coma con outros límites históricos, etnográficos e antropolóxicos aos que tamén nos referiremos máis adiante.

Carrasco González (2009) cita como territorio constitutivo da lingua galega a chamada por Joseph Piel "Gallaecia Magna", que non se correspondería exactamente co territorio da Lucence e da Bracarense nin co territorio de cultura castrexa. Ivo Castro (1991) levantou un mapa cos datos lingüísticos de Piel e configurou un territorio constitutivo que chega ata o centro de Asturias pero obvia boa parte de Ourense, Bierzo, As Portelas e do centro-leste setentrional portugués.

Mapa 3. A Gallaecia Magna (en escuro) e áreas de influencia (en claro), territorio onde se formou o galego, de Joseph Piel, segundo interpretación de Ivo Castro.

[17] J.L. Maya (1989), estudoso dos castros en Asturias, di que os castros do Eo-Navia son de tipoloxía occidental galaica, mentres que os do centro e oriente de Asturias son dunha tipoloxía cultural e arquitectónica distinta, máis relacionada xa coa meseta castelá. Vid. J.L. Maya (1989): *Los castros en Asturias*. Xixón: Silverio Cañada.

Sobre a base da Gallaecia romana fundouse no 417 o reino suevo de Galicia[18], territorio anexionado no 585 ao reino visigodo. Durante o período de cristianización do reinado galaico-suevo elaborouse a mediados do século VI o *Parrochiale Suevorum* e no concilio de Lugo (569) fixáronse os novos trece bispados galegos, así coma os seus lindeiros territoriais e organización parroquial[19], parroquias e arciprestados que se pertetúan case inalterados ata os nosos días. Da diocese de Lugo dependían: Astorga, Britonia, Iria Flavia, Ourense e Tui. Da diocese de Braga dependía o resto de bispados suevo-cristiáns. Tamén na base desta división episcopal latexaba un substrato étnico-cultural (e se cadra lingüístico) diferenciado. O mesmo substrato, o mesmo estrato, a mesma proporción de achegas de superestrato, cos mesmos ingredientes formouse o galego na Gallaecia lucense, na bracarense e nunha parte suroccidental da asturicense que xa era de antigo de cultura castrexa. Que a división episcopal, tanto a antiga coma a modificada nos últimos séculos, debeu responder a unha división social, cultural (e étnica) minimamente diferenciada próbao o feito de que a maioría das divisións dialectais, tanto as antigas coma as modernas, adoitan coincidir con divisións eclesiásticas (bispados, arciprestados etc.)[20].

[18] Vid. Baliñas Pérez (1991) e Torres (1977).

[19] Vid. P. David (1974), González López (1957) e Armesto (1994).

[20] E tamén veñen coincidir estas divisións coas microdivisións do mapa xenético de Galicia elaborado por Salas Ellacuriaga e Ángel Carracedo (2006). Non debe ser casual esta coincidencia das microdivisións xenéticas, administrativas e lingüísticas.

Mapa 4. Reino suevo de Galicia coas súas sés episcopais. Reelaborado sobre o mapa http://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Galician-suevic-kingdom.png

## 3. HISTORIA DOS ESGAZAMENTOS DA GALICIA ORIENTAL[21]

A Galicia de finais do século IX, despois da invasión musulmá e de certa recuperación de territorio pola faixa atlántica, era herdeira directa da Gallaecia tardorromana de Diocleciano e da Gallaecia sueva con certa expansión pola faixa cantábrica e polo occidente da meseta.




Mapa 5. O Reino de Galicia a finais do século IX. Reelaborado a partir do mapa http://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Galicia891.png

[21] É moi recomendable a lectura do documentado capítulo "O progresivo esgazamento da Gallaecia" en López Mira (1998: 26-31).

### 3.1. Terra Eo-Navia

No ano 716 a sé da diocese de Britonia, San Martiño de Mondoñedo, foi destruída, co que desapareceu a igrexa e diocese bretoas, que tiñan xurisdición nas terras do que hoxe é o bispado de Mondoñedo e mais o Eo-Navia. O bispo britoniense refúxiase provisoriamente en Ovedo, onde estableceu unha nova sé que se fusionou ou confundiu coa sé ovetense. A partir do 716 comezou unha disputa sobre a adscrición ou pertenza das terras eonaviegas que "de feito pero non de dereito" pasaron a pertencer a Asturias, onde estaba a nova sé episcopal de Britonia, absorbida e asimilada rapidamente a Ovedo.

Durante máis de tres séculos preitearon os bispos de Ovedo e Lugo pola terra Eo-Navia, que fora a parte oriental do desaparecido bispado de Britonia, ata que en 1154, Afonso VII partillou salomonicamente estas terras outorgándolle as do oriente do Eo á sé ovetense e as do occidente a Lugo, e compensado a maiores a Lugo con outras terras que foran de xurisdición asturiana[22].

Na reforma administrativa que quixo levar a cabo José Bonaparte en 1810 previase a creación da subprefectura de Navia dentro da prefectura de Ovedo, co que se pretendía recoñecer unha certa especificidade da terra Eo-Navia. Na división xudicial que se pretendeu aplicar en 1821 existía un proxecto de división territorial que incorporaba o Eo-Navia e o Bierzo a Galicia. A reforma de Javier de Burgos de 1833, que en principio ía ser provisoria, consolidou as fronteiras administrativas actuais infrinxindo gravemente todos os postulados iniciais desta reforma.

Unha das premisas para os novos trazados provinciais de 1833 era "que no se mezclaran las provincias cuyo lenguage, educación, costumbres y preocupaciones sean diferentes. Se trata de reunir las que sean de igual índole, idioma y carácter". Nada disto se cumpriu porque primaron intereses políticos na división provincial definitiva.

---

[22] Véxase isto en Meilán García, A. (2001).

O romance que se formou historicamente nesta zona eonaviega e xurdiu nos primeiros textos neolatinos foi o galego, curiosamente na mesma zona que fora lucense[23] e dentro da área da primitiva cultura castrexa, coma os documentos de calquera outro mosteiro do dominio lingüístico galego.

Se botamos unha ollada á documentación do mosteiro de Santa María de Vilanova de Ozcos repararemos con facilidade en que o latín medieval en que se redactaron os documentos ata mediados do século XIII está inzado de galeguismos, e non de asturianismos, e que os documentos redactados a partir de 1250 xa están en galego.

O proceso de substitución do galego polo castelán tamén é apreciable nos documentos de finais do século XIV[24] de igual xeito que ocorreu no resto dos territorios de lingua galega. A situación de xurdimento e esmorecemento do galego nesta parte do bispado de Ovedo non se diferencia en nada á acontecida nos bispados galegos.

Afortunadamente a colección de documentos de Vilanova de Ozcos está conservada e accesible, e unha copia exacta dos textos realizada no século XVII tena a antiga dirección da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias (MDGA), é decer, accesible para o seu estudo completo por parte de investigadores galegos ou coñecedores do galego, pois por certos detalles significativos sospeitamos que boa parte das lecturas e edicións feitas ata agora non merecen moita confianza lingüística[25].

---

[23] Na foz do Navia hai máis fronteiras cás lingüísticas. Alí está a fronteira da cultura castrexa, das lareiras, dos contos de mouros, contos de mouras con tesouros, das pallozas, dos tellados de lousa, dos maios, dos botelos, do caldo, da empanada...de infinidade de trazos culturais diferenciais. A divisoria lingüística é de primeiras a máis perceptible, pero non a única. Vid. por exemplo Aparicio Casado (1999).

[24] Vid. por exemplo as lecturas de Álvarez Castrillón (2001 e 2008) e de Floriano Llorente (1981). Hai un bo traballo inédito de Manuel Antonio Lourenzo Sobral: "Os documentos galegos de Vilanova de Ozcos (1275-1300)", TIT defendido na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo en 2003.

[25] Nestas edicións feitas por persoas descoñecedoras da realidade lingüística medieval son frecuentes as frases inintelixibles, formas irrecoñecibles,

Cómpre acometer o estudo completo desta documentación de Vilanova de Ozcos, tanto da orixinal conservada no Arquivo Histórico Nacional como da copia en poder da MDGA, completala con documentación do mesmo mosteiro que figura no Arquivo Histórico Nacional (AHN), carpeta 1616 e con documentación do mosteiro de Meira que figura nas carpetas 1126-1130 no mesmo arquivo, pois houbo épocas nas que Vilanova dependeu de Meira. Do mesmo xeito sería conveniente amecer toda a documentación procedente da terra Eo-Navia que figura no Arquivo da Catedral de Ovedo[26] e mesmo no Arquivo Histórico Diocesano de Astorga.

Mapa 6. Zona galegófona do Eo-Navia

### 3.2. Bierzo Occidental

A maioría dos historiadores supoñen que o Bierzo pertencía á Gallaecia Astúrica, pero non teñen en conta que o

---

a deturpación de topónimos e patrónimos, o desenvolvemento de abreviaturas seguindo a tradición española, e non a galega etc.

[26] Vid. García Larragueta (1957).

Bierzo, ata non hai nin cen anos, non abranguía máis ca ata Cabelos, de Cacabelos para o occidente eran Os Ancares e historicamente os seus habitantes nunca se consideraran bercianos[27]. Cando chegaron os romanos habitaban Os Ancares, Bierzo e Valdeorras tribos asturicenses de orixe lucense setentrional. Precisamente a estrema entre estes pobos "asturicenses" de orixe lucense e os outros asturicenses coincide plenamente cos límites da civilización castrexa que aínda se pode apreciar, por exemplo, na morfoloxía e cultura material do castro da Ventosa (Cacabelos) e doutros daquela zona.

Afirma Verardo García Rey (1934:10) que "en la época de los Reyes Católicos el Bierzo está incorporado a Galicia". Efectivamente, durante a época medieval e despois dela, a adscrición do Bierzo estivo repartida entre a Casa de Lemos, a Casa de Benavente, o mosteiro de Carracedo, o mosteiro de Samos, o arcebispado de Santiago etc. Hai enormes dificultades para precisar e pór orde en todas as "irregularidades" dun mapa xurisdicional atomizado, ateigado de enclaves e discontinuidades, con escasa claridade nos señoríos e moitas alteracións nunhas lindes a cotío raramente estables. Segundo Mercedes Durany (1989), a única adscrición permanentemente fiable das terras bercianas durante a Idade Media era a xurisdición eclesiástica de Compostela. A maioría das parroquias do occidente do río Burbia aínda pertenceron á diocese de Lugo ata finais do século XIX.

Decatémonos de que, por exemplo, a comezos do século XVIII Viana do Bolo pertencía a Valladolid (e é en Valladolid onde se encontra hoxe o *Catastro* do Marqués de la Ensenada referido a Viana do Bolo). Durante os séculos XVI-XVII-XVIII fan a súa aparición as primeiras cartografías pretendidamente "científicas" e nelas podemos observar como estas terras arraianas se inclúen normalmente dentro de Galicia. Unhas

---

[27] Os ancareses e os courelaos orientais nunca ata hai pouco se consideraran Bierzo, o Bierzo era o val, a chaira, non a montaña, de aí que Bierzo sexa un topónimo leonés ou castelán pero non galego. Do latín Bergidum en galego o esperable sería *Berxo, e non *Berzo* ou *Berço*, como hoxe reconstrúen algúns, con máis vontade ca coñecemento.

veces a fronteira administrativa está en Ponferrada, outras en Cacabelos e as menos en Vilafranca. Sarmiento, no seu *Problema chorográfico para describir Galicia con un nuevo método* (1762) pon como límites para trazar o mapa do Reino de Galicia o río Navia, Astorga e Seabra.

Mapa 7. "Gallaecia Regnum" de Gerardi Mercator, Amsterdam, 1611. Aprécianse dentro de Galicia Vilafranca e Cacabelos (con Ponferrada enriba do límite) e tamén As Portelas de Zamora ata Requeixo e Calabor.

En 1785 ten lugar a reforma administrativa de Floridablanca, que supón unha convulsión nos lindes administrativos: inclúense en Ourense e Lugo lugares

galegófonos da daquela provincia de Valladolid (por exemplo Vilanova das Frieiras, hoxe oficialmente Villanueva de la Sierra, simétrica e xémea da Vilavella, no concello da Mezquita) ou de León e, outramente, adscríbense a León amplas zonas que sempre foran de Galicia, como a comarca de Valdeorras.

Durante o trienio liberal (1820-1823) créase a provincia de Vilafranca e nela inclúese a comarca de Valdeorras, ata entón tamén leonesa. En 1833, coa desafortunada reforma territorial de Javier de Burgos, a provincia de Vilafranca foi partillada entre León e Ourense. As terras de Vilafranca, Bierzo e Ancares orientais foron adxudicadas a León e Valdeorras foi a Ourense.

Neste mesmo século o Bierzo, ao igual ca Galicia, vivía ao abeiro do romanticismo o seu particular Rexurdimento literario (e tamén lingüístico). Deste rexurdimento berciano, paralelo ao galego e influído sen dúbida por este, temos abondos exemplos en publicacións periódicas e produción lírica, debéndomos salientar por riba de todo a monumental obra titulada *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), do brigadier de infantería Antonio Fernández Morales[28], oito mil versos en galego berciano publicados dous anos antes dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro[29].

Nestas terras tamén se formou e conformou a lingua galega. Os cartularios dos mosteiros desta zona confirman sen ningún xénero de dúbidas que na pasaxe do latín ao romance, ese romance era o galego e non o leonés nin o castelán. Nos cartularios dos mosteiros bercianos de Carracedo[30] e San Pedro de Montes abonda a documentación galega, aínda que, tamén é

---

[28] Unha pequena gramática da lingua de Morales témola en R. Álvarez (1996): "Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales", en *Homenaje a Pilar Vázquez Cuesta*, pp. 157-202. O primeiro poema berciano do Rexurdimento é de Isidoro Andrés Ovalle, 1860, "Un recuerdo a Puentedeume en dialecto berciano", publicado en *El Esla* de León.

[29] Se non fose por un só poema dialogado bilingüe (diglósico), este libro sería o primeiro libro monolingüe do Rexurdimento galego, xa que o resto dos poemas que compoñen esta inmensa obra é monolingüe en galego berciano.

[30] O mosteiro de Carracedo tiña numerosas posesións en terras do Bierzo e de Valdeorras.

certo, en ocasións ese galego presenta contados leonesismos propios xa dunha terra de fronteira moi permeable.

Na nosa opinión, acerta de cheo Ramón Mariño (1998:157-176) cando na súa *Historia da lingua galega* lle concede un capítulo especial ao que el chama "Os textos galego-leoneses". Por vez primeira os estudos de lingüística histórica lle prestan atención a esta documentación e a insiren dentro do historia da lingua galega.

Pois ben, faltan por estudar desde a lingüística e a filoloxía galegas os textos galegos e galego-leoneses dos mosteiros de Carracedo e Montes[31] custodiados no Arquivo Histórico Diocesano de Astorga e en Madrid, na Biblioteca Nacional e mais no Arquivo Histórico Nacional[32], pois, ao igual que ocorría en Asturias e ocorre tamén nas Portelas, as edicións agora en circulación non ofrecen garantías de fidelidade, están feitas por historiadores preocupados unicamente polo contido dos documentos e normalmente descoñecedores da lingua galega e despreocupados da expresión lingüística dos documentos. Faltan por estudar desde nosoutros, por exemplo, aqueles documentos galego-leoneses que editou Staaf (1907/1996) como documentos leoneses por estaren recollidos en León. E para completar esta visión da documentación medieval galega do Bierzo deberíanse ter en conta os documentos de Samos[33], mosteiro matriz dos mosteiros bercianos.

---

[31] Vid. Martín Martínez Martínez (1994), Quintana Prieto (1971 e 1983) e Balboa de Paz (1991).

[32] Carpeta 4357 da Biblioteca Nacional, *Índice das escrituras da Igrexa de Astorga*, e 1197 do AHN, *Colección de Privilegios de la Catedral de Astorga*.

[33] A edición dos documentos de Samos que fixo Lucas Álvarez (1986) só contén documentación en latín. Descoñecemos se os documentos de Samos depositados no AHN, carpetas 1240-1, conteñen documentación en galego.

Mapa 8. Territorio galegófono dos Ancares orientais e o Bierzo occidental.

Mapa 9. Concellos e parroquias de lingua galega no Bierzo Occidental (Ramón Pais Pazos). Consultable en www.cousas.tk.

### 3.3. As Portelas e Calabor

A histórica comarca natural das Frieiras abrangue o que actualmente son varios concellos administrativamente galegos e zamoranos limítrofes que sempre formaran parte da Gallaecia e pertenceran ao bispado de Ourense. As fronteiras entre Galicia, León e Portugal nunca estiveron ben fixadas nesta área, pois por exemplo Hermisende, San Cibrao e A Teixeira (concello de Hermisende) pertenceron a Portugal ata 1640 e varias aldeas da raia seca hoxe portuguesas (Cambedo, Lama de Arcos e Soutelinho da Raia) pertenceron a Galicia ata 1864.




Mapa 10. As Portelas e Calabor

Os concellos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende, xunto con Requeixo e Calabor, figuraron sempre cartograficamente dentro de Galicia. De feito pertenceron a Galicia ata 1789, ano en que foron incorporados a Valladolid. En 1822 volveron integrarse en Galicia, pero en 1833 Javier de Burgos adscribiunos para sempre a Zamora.

Así e todo, a *Carta Geométrica de Galicia*, de 1834 e da autoría do xeógrafo Domingos Fontán, aínda inclúe de norte a sur a franxa exterior de Galicia polos seus antigos límites, desde o río Navia ata Hermisende[34].

No *Parrochiale Suevorum* os arciprestados de Seabra e Calabor pertencían á diocese de Ourense. O mosteiro medieval que gobernou toda esta zona de Seabra, Carballeda e As Frieiras foi o de San Martín da Castañeira ou de Castañeda[35].

O libro de Fernández de Prada (1998) sobre os documentos do mosteiro de Castañeda é un cúmulo de despropósitos: traduce ao castelán, ás veces resumindo e con abundantes erros, un cento de documentos de Castañeira, traducindo tamén nos cabezallos e títulos os topónimos[36], galegos, como el mesmo recoñece (1998:227). Pola época, século XIII e comezos do XIV, os topónimos, a patronimia, o lugar de redacción etc., deducimos ao instante que se trata de documentos galegos, redactados en galego.

Faise necesario revisar os documentos da Castañeira (chamémoslle á galega, á leonesa e á medieval) gardados no Arquivo Histórico Nacional, Clero carpetas 3563-3569, na Biblioteca Nacional, Códices ms. 18382[37]; Archivo Histórico Provincial de Zamora, carpeta 8 (cinco documentos do XIII e

---

[34] Véxase *Cartografía de Galicia (ss.XVI ó XIX)* [Colección Puertas-Mosquera] (2000) editado pola Universidade de Santiago de Compostela, páx. 191.

[35] En toda a documentación medieval consultada, mesmo nos textos deste mosteiro, unicamente rexistramos "San Martín (ou Martiño) da Castañeira".

[36] Nas páxinas 422-423 fala da forma antiga da actual Villanueva de la Sierra. Segundo Fernández de Prada era Villanueva de las Freiras (sic), cando no orixinal di literalmente: "*...in terra que vocant illas Friarias illa villa qui vocant Villa Noua...*" (Arquivo Histórico Nacional, Clero carpeta 3565 pergameo 8). Vilanova das Frieiras (hoxe oficialmente Villanueva de la Sierra) é a primeira poboación que topamos ao pasarmos da actual Vilavella, no concello da Mezquita, en terras da comarca das Frieiras.

[37] Este texto xa foi publicado por Ángel Rodríguez González (1973): *El Tumbo del monasterio de San Martín de Castañeda*. León: CSIC

dous do XV) e Archivo Diocesano de Astorga[38], pois é moi probable que achemos entre eles "novos" documentos en galego.




Mapa 11. Territorio galegófono de Zamora (en gris): As Portelas e Calabor (Ramón Pais Pazos). O concello de Requeixo é hoxe de fala castelá aleonesada, pero a súa microtoponimia é inequivocamente galega, co que se demostra que Calabor non foi sempre un enclave, pois estaba unido ao resto do territorio galegófono por Requeixo.

### 3.4. Val do Ellas

O Val do Ellas, situado no noroeste da provincia de Cáceres, non forma parte do territorio constitutivo da lingua

[38] Tamén publicado por A. Quintana Prieto (1972): *La documentación de San Martín de Castañeda*, separata de *Archivos Leoneses*, nº 5.

galega, pois está ao sur do río Doiro. A modalidade lingüística galega falada no Val do Ellas, ao igual có que sucede en terras portuguesas do sur do Doiro, forma parte do territorio substitutivo ou consecutivo do primitivo romance ibérico occidental, como consecuencia da imposición do galego nos séculos XII e XIII nuns territorios habitados ata daquela por poboacións musulmás e mozárabes.

Ata hai escasamente dez anos os historiadores galegos, ao se ocuparen do estudo da nosa época medieval, constrinxíanse dentro das marxes xeográficas da Galicia actual, sen abordaren na inmensa maioría dos casos o estudo da nosa historia dentro dunha idea de Galicia cultural e lingüística que transcende as nosas fronteiras políticas modernas, esquecendo a contribución de Galicia e dos galegos á expansión meridional, xa non só do reino de Portugal, senón do reino de Galicia, León, Asturias e Estremadura. Se hoxe no occidente do sur de Castela-León, Estremadura e Andalucía se rexistra numeroso léxico galego (ou galego-portugués), toponimia, patronimia etc., non é froito da casualidade. Galicia e os galegos tiveron moito que ver na colonización destas terras e, aínda que a lingua galega dos colonos desaparecese na inmensa maioría deste territorio, quedan aínda abondas pegadas da súa presenza[39].

Igualmente, cando se abordaba o estudo da documentación medieval redactada en galego apenas se tiñan en conta os textos das terras estremeiras que un día foran galegas. Enténdese deste xeito, pois, que ata agora para nada se tivesen en conta textos galegos, ou galego-leoneses, das áreas colonizadas polo reino ao sur do Doiro. Queremos decer con isto que aínda está por estudar a fondo a historia da contribución galega á "reconquista" das actuais provincias españolas de Salamanca, Cáceres e Badallouce ata o castelo de Cumbres Mayores (Huelva), ou das zonas beirás portuguesas do Sabugal e Ribacoa. Falta por estudar e divulgar a historia de Galicia entre os séculos XII-XIV por riba das actuais fronteiras nacionais ou estatais.

---

[39] Vid. X.H. Costas González (2004:81-89).

A fronteira oriental do reino galaico-ástur-leonés co castelán era moi imprecisa e difusa, mais, a grandes trazos, podemos asegurar que formaban parte inequívoca deste reino as terras de Ledesma, A Cidade (Ciudad Rodrigo), o campo de Salamanca e as actuais Riba-Coa e Sabugal da Beira portuguesa. En palabras do investigador Julio González (1943:240):

> *En todo el XII y el XIII se llama Extremadura, en líneas generales, a lo que más tarde se ha llamado provincia de Salamanca. En tiempos posteriores se perdió tal denominación, que se aplicó a lo que antes se llamaba la Transierra leonesa.*

O rei Afonso VIII Fernández de Galicia, León e Asturias[40], estabilizou a fronteira meridional do seu reino no río Texo contra o ano 1188. Este rei concedeulle a repoboación desta zona á Orde de Santiago, quen trasladou colonos das vigairías que tiña nas súas terras do norte: Barruecopardo (Salamanca), Villanueva de la Lampreana (Zamora), Destriana (León), Quintela-A Veiga e Vilar de Santos (Ourense), e Porto (Zamora); este dato non é secundario de termos en conta que os repoboadores procederían das posesións que as ordes tiñan no norte, polo que se pode doadamente deducir que con colonos das vigairías devanditas se repoboarían boa parte das novas terras, senón todas.

---

[40] Vid. Camilo Nogueira (1996): "Sobre as orixes da cuestión nacional galega: a división de Gallaecia e a creación do Estado portugués", n' *A Trabe de Ouro*, nº25, pp. 11-25 e nº26 pp. 59-79. Os galegos, leoneses e asturianos, os galaicos, non podemos aceptar a cronoloxía oficial española (castelá) para a dinastía real galaica ou galego-astur-leonesa, porque o Alfonso VIII oficial foi unicamente rei de Castela, nunca reinou en Galicia, León e Asturias; xa que logo, o noso Afonso VIII é o que os casteláns, e máis tarde a historiografía española, chaman Alfonso IX; e o rei sabio debe ser para nós Afonso IX, como é para os casteláns Alfonso X, da mesma maneira que se fala dun Carlos I de España e V de Alemaña. Repárese na profunda incoherencia da historiografía oficial española: os reis galaicos Fernando II e o seu fillo Afonso VIII reinan nos períodos 1157-1188 e 1188-1230 respectivamente; o Alfonso VIII castelán faino entre os anos 1158-1214. Como semella ben evidente, non puideron reinar asemade nun mesmo territorio Alfonso VIII e Alfonso IX (o noso Afonso VIII segundo cronoloxía galaica) durante vinte e seis anos.




Mapa 12. Repoboacións do sur do reino nos séculos XII-XIII e orixe dos colonos (elaboración propia cos datos de Ángel Barrios).

No ano 1227, Afonso VIII Fernández concedeulle á vila e castelo de Salvaleón[41] os mesmos foros que anteriormente lle

[41] Salvaleón son hoxe as ruínas dun castelo circundado de construcións civís situado no sur do actual concello de Valverde do Fresno, no Val do Ellas, na confluencia dos ríos Ellas e Basádiga.

outorgara a Coira. No ano 1257 déuselle á Orde do Pereiro ou de Alcántara a igrexa de Salvaleón e todas as igrexas ou capelas que na súa contorna estivesen feitas ou por facer. Afonso VIII tamén repoboara entre 1188 e 1230 Castelo Rodrigo e Castelo Mellor[42], actualmente na Riba-Coa beirá, para se defender de posibles ataques da coroa portuguesa.

Documentos do século XIII desta zona (Sabugal, Riba-Coa, Ledesma, A Cidade e Coira) consérvanse algúns e deles podemos tirar en conxunto dúas conclusións sobranceiras:

a) Son documentos do reino galego-ástur-leonés -e non é gratuíto repetírmolo-, porque á parte de iren asinados por monarcas deste reino, os bispos[43] e os nobres que os asinan son unicamente os deste territorio. Non hai intervención ningunha nesta documentación de nobreza ou xerarquía castelá ou portuguesa.

b) A maioría son documentos redactados en latín nos que translocen topónimos e antropónimos romanceados con formas galegas ou do leonés occidental: *Penna de Sequeyros, montem Malladas, montem Tinallas, Trebello, Bovadela, Cabrelas, Linnares, Sabugo, Ellas, San Martinno, Pombeiro, Vegamean* etc., topónimos estes que nuns casos desapareceron e noutros aparecen xa castelanizados en documentos dos séculos XIV e XV. En textos

---

[42] En realidade, Afonso VIII fixo enviar colonos a poboaren as terras defendidas por numerosos castelos en Sabugal e Riba-Coa (Castelo Bon, Castelo Mellor, Castelo Rodrigo etc.) para estabilizar a fronteira co reino portugués. No ano 1297, polo tratado de Alcanizas, produciuse unha troca de territorios entre os reinos de Portugal e Castela: Portugal cedeu Toroño e Aliste a cambio de gañar Sabugal e Riba-Coa: "*E des ally forom muy ben avvindos el rey de Portugal e el rey de Castella. E foy antre elles firmado e jurado que ficasse Riba de Coa pera todo o sempre cõ Portugal. E esto por escãybo de terra de Toronho e d'Aliste que Portugal tiinha em Galiza e doutros logares que Castella tiinha tomados des o tempo del rey dom Affonso, o primeiro rey de Portugal...*"; fragmento tomado da *Crónica de 1344* reproducido en Lindley Cintra (1959:LXX).

[43] Son bispos de todas as dioceses galegas, asturianas, leonesas e norestremeñas, é decer, son bispos galaicos sufragáneos de Compostela. Os nobres que figuran nestes documentos son da Limia, Sarria, Toroño, Trastamara, Monterroso, Infantado, Astorga, Benavente, Seabra etc., son tamén nobres galaicos. Faltan unicamente da antiga Gallaecia os bispos e nobres que na época formaban parte doutro reino de orixes galaicas: Portugal.

de Sabugal e Riba-Coa rexístranse, como veremos despois, algúns topónimos con forma claramente leonesa ou híbrida galego-leonesa á beira doutros moitos con forma puramente galega ou galego-portuguesa.

O historiador Ángel Barrios[44] (1982 e 1985) utilizou o método toponímico-comparativo para establecer a procedencia dos colonos nas distintas zonas de repoboación ao sur do Doiro. Con este método pretendeu detectar sinonimias toponímicas coetáneas entre zonas dos reinos do norte e zonas de repoboación, comparando listas de (micro-) topónimos medievais de ambas as zonas, pois a coincidencia sería un indicio probable do lugar de procedencia dos repoboadores. Para este autor, hai vilas que expresan claramente a orixe dos seus colonizadores; por exemplo, *Bouza* e *Vilar~Villar* só existían correntemente en galego-portugués e ástur-leonés occidental e, xa que logo, aqueles topónimos posuidores dun destes elementos deberían responder a esta orixe colonizadora que el denomina xenericamente "occidental" e nosoutros preferimos chamar "galaica".

Deste xeito, para Barrios é innegable a orixe galaica de microtopónimos como *Sexolo, Seyxu, Trabanca, Villar, Villar de Cervos, Villarmorto, Villarino* etc., na zona de Ledesma; *Canedelo, Carvallosa, Pallares, Villanova de Canedo* etc., no campo de Salamanca; ou *Bermellar, Bouza, Figal, Payo, Santa Olalla, Sesmiro, Soutel de Arrago* etc., na contorna da Cidade (Ciudad Rodrigo).

Outro indicador máis da orixe dos repoboadores son os etnotopónimos: se hai un etnotopónimo que sobresaia cunha frecuencia inusitada na toponimia da Estremadura e da Transerra galego-leonesas ese é *galego/a*[45]. Menéndez-Pidal (1960:LI) dubida moito de que a presenza destes topónimos

---

[44] Ángel Barrios (1982): "Toponomástica e historia: notas sobre la despoblación en la zona meridional del Duero", en *En la España medieval. En memoria de Salvador de Moxó*, vol. I, pp. 115-134; e Ángel Barrios (1985): "Repoblación en la zona meridional del Duero: Fases de ocupación, procedencia y distribución espacial de los grupos repobladores", en *Studia historica. Historia medieval*, 3, pp. 33-82.

[45] Vid. tamén Menéndez-Pidal (1960: XLII): *Manual elemental de Gramática Histórica del español.*

étnicos supoñan abundancia de poboadores dunha determinada orixe e Ángel Barrios (1985:75) toma tamén os etnotopónimos con moita precaución, por canto

> *...la existencia de topónimos étnicos no siempre es reveladora de la masiva afluencia de gentes originarias del lugar al que se refieren; en bastantes ocasiones tales nombres son indicativos del carácter excepcional de un determinado grupo de repobladores más que de su abundancia...*

Evidentemente "non sempre", pero o propio Barrios, na súa análise toponímico-comparativa, chega á conclusión de que o 83 % dos topónimos da zona de Ledesma é de orixe "occidental", é decer, galega ou astur-leonesa occidental, porcentaxe que é dun 63% na zona da Cidade fronte a porcentaxes mínimas de topónimos de orixe castelá, aragonesa, rioxana, vasco-navarra etc. Podemos ver a seguir o mapa tirado de Barrios (1985:66) no que se indica a porcentaxe estimada de repoboadores galegos e asturleoneses ao sur do Doiro: máis da metade en Ledesma e A Cidade e máis dun terzo na zona que vai de Medina a Salamanca.

Mapa 13. Intensidade da repoboación galega. En cores máis intensas: maioría absoluta e relativa de repoboadores galegos ao sur do río Doiro nos séculos XII e XIII. Fonte: Ángel Barrios (1985).

O modelo de lingua romance empregada nas áreas de repoboación tamén é un elemento sobranceiro na determinación da orixe dos colonos. Quedou dito máis arriba que a meirande parte da documentación conservada estaba redactada en latín; porén, conservamos tamén unha serie de textos escritos nun castelán inzado de leonesismos e, ás veces, galeguismos e, á parte, un documento foral valiosísimo redactado nunha variedade lingüística senlleira que mereceu a atención e o estudo do filólogo portugués Luis Filipe Lindley Cintra. Estámonos a referir aos *Foros de Castelo Rodrigo*, datados no ano 1209.

Cintra afondou na análise da lingua "aparentemente estraña" na que foron redactados os *Foros de Castelo Rodrigo* (*FCR* en diante) e chegou á conclusión de que esta variedade non era senón a sobreposición de dous sistemas lingüísticos, xa que se trata dun galego-portugués lixeiramente alterado con trazos senlleiros do leonés occidental[46], interferencias estas que segundo Cintra (1959:498) "*ou se encontram muito raramente ou não se registam em textos leoneses* [do século XIII], *sobretudo em textos escritos na parte meridional do reino de Leão*". Cintra (1959:503-504) só encontra un paralelismo deste modelo de lingua nun texto de Cacabelos (Bierzo Occidental) de 1294[47].

> *Com base no aparecimento destes traços -poucos, mais muito significativos- podemos afirmar, segundo creio, que a variedade de galego-português falada pelo copista de Castelo Rodrigo era, fundamentalmente, galega e não portuguesa, por estranho que isto à primeira vista pareça, dada a situação geográfica da localidade onde os* Foros *foram escritos e onde estiveram em vigor.*

[46] Leite de Vasconcellos, na sua *Esquisse* (1970:125), cualificaba os *Foros de Castelo Rodrigo* como "documentos do 'dialecto' beirão medieval". De feito, sempre se estudaron como documentos do portugués medieval e nunca se utilizaron no estudo do leonés antigo.

[47] Vid. Staaff (1907, 1992:167-170).

> *Se a língua materna do copista era, na essência, galega, a língua que pretendia escrever era o leonês. Nada há a estranhar nesse facto, quando o sabemos ao serviço de uma vila leonesa, e transcrevendo um texto legal outorgado por un rei de Leão. Leoneses são, certamente, os modelos que tem presentes; embora com um certo desleixo (...) esforça-se em imitá-los.*

Afirma asemade que esta mestura ou sobreposición de sistemas podería moi ben ser simplemente o reflexo dunha realidade lingüística, da nivelación en zonas de repoboación das linguas que traían os colonos. A lingua do copista reflectiría, pois, a fala viva da rexión onde escribía e da que se supón era natural. De feito, Cintra (1959:505) compara estes foros con outros de zonas próximas redactados por outros copistas e conclúe que:

> *...a variedade da língua galego-portuguesa que está na base da linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo, certamente por ser a língua do copista que os redigiu, se falou em várias localidades de Riba-Coa na época da dominação leonesa.*

Os foros da Estremadura e Transerra galego-ástur-leonesas son todos copias (case)literais doutros textos anteriores, o que manifesta a escasa capacidade innovadora ou creadora dos redactores, pexados polo peso da tradición no proceso de elaboración dos foros máis novos.

Segundo Martínez Díaz[48] (1971: 88-89) todos os foros desta zona sur do reino galego-ástur-leonés teñen como texto de partida os desaparecidos *Foros de Cibdad Rodrigo*, dos que descoñecemos practicamente todo, mesmo a lingua na que foron redactados. Deste texto perdido copiaríanse primeiramente os foros de Castelo Rodrigo e de Castelo Mellor e posteriormente os de Alfaiates, Castelo Bon, Coira, Cáceres e Usagre.

Pero Cintra vai máis alá do simple confronto dos diferentes foros, pescuda nos restos actuais daquela lingua nivelada entre galego e leonés e descobre que existe *"uma coincidência surpreendente nos traços fundamentais"* entre *"a*

[48] Vid. Martínez Díaz, G. (1971): "Los foros de la familia de Coria Cima-Coa", en *Revista Portuguesa de História* 13, pp. 88-89.

*variedade galega do português que está na base da linguagem dos* Foros" e as falas vivas actuais de San Martiño de Trebello, As Ellas e Valverde do Fresno.

Para Cintra estes últimos falares son o resultado da *"impressionante persistência (e retardada evolução independente)"* en condicións especiais de illamento dunha linguaxe do século XIII, eliminada dos territorios onde se falou polo português ou polo *"castelhano-leonês invasor"*. En palabras de Cintra (1958: 535-536):

> *O **falar fundamentalmente galego**, mas com leonesismos, de Castelo Rodrigo e de Riba-Coa no séc. XIII, o falar também **essencialmente galego** da região **de Xalma**, outra coisa não são, segundo creio, do que falares destes núcleos de repovoadores galegos tão frequentemente recordados pela toponímia(...) Só en condições especialíssimas de isolamento -geralmente correspondentes a um prolongado abandono- estes falares dos repovoadores, ou, pelo menos, algumas das suas características, puderam persistir. Foi exactamente o que se produziu na região de Xalma, vizinha da Serra de Gata, durante muitos séculos uma das zonas mais isoladas de toda a Espanha.*

Cando no ano 1230 morre Afonso VIII de Galicia, León, Asturias e Estremadura, e o seu fillo Fernando III -que xa era rei de Castela desde 1217- unifica a coroa de Galicia e León coa de Castela, en contra da vontade reiteradamente manifestada polo seu pai Afonso VIII, totalmente reacio a esta integración de Galicia en Castela, este territorio ao que nos vimos referindo pasou a ser marxinal dentro do novo reino (de feito Fernando III nunca o visitou nin se preocupou del), en beneficio doutras terras que Castela ía incorporando.

En época ben temperá, tan pronto como Sabugal e Riba-Coa pasaron a pertencer ao reino de Portugal e o reino galego-ástur-leonés foi absorbido polo de Castela, a maioría destes topónimos foron ou ben "aportuguesados", os astur-leoneses en Portugal, ou ben castelanizados, os galegos e asturleoneses en

León[49]. Deste xeito *Pena de Sequeyros* pasou a *Sequeros*, *Liñares* a *Linares*, *Vegameán* a *Peña de la Vega*[50], *Sabugo* a *Saúgo* (sic), *Cileiros* a *Cilleros*, *Xálama* a *Jálama*, *Pombeiro* a (*Casal del*) *Palomero*, *Trebello* a *Trevejo* etc. Na parte hoxe portuguesa os *Castiel* (*Mellor*, *Rodrigo*, etc) leoneses pasaron a *Castelo* ou o antigo *Fresneda* foi transformado nun híbrido *Freineda*; e o mesmo ocorreu na onomástica e na patronimia[51]. Estas "oficializacións" que detectamos na toponimia deberon operar igualmente para as linguas híbridas ou variantes lingüísticas niveladas que falarían os colonos nas distintas zonas, aportuguesada nuns casos ou castelanizada noutros, como nos indica Cintra.

Así e todo, chegaron ata os nosos días moitísimos restos toponímicos e léxicos, case todos hibridizados, da presenza do ástur-leonés en Sabugal e Riba-Coa[52] e da presenza do galego-portugués no occidente de Salamanca e noroeste de Cáceres. Unicamente no Val do Río Ellas permanecen totalmente vivos os topónimos sen as alteracións provocadas polas "oficializacións" históricas en castelán, posto que é soamente neste val onde se

---

[49] Indícao claramente Cintra (1958:535-536) cando escribe que "*O primeiro* [o galego de Riba-Coa e Sabugal do século XIII] *sucumbiu perante a invasão do português da Beira que acompanhou a anexação do território por Portugal, nos fins do próprio séc. XIII. Sorte paralela tiveram certamente muitos falares galegos, vivos no séc. XIII em outras colónias da mesma proveniência fixadas na Estremadura leonesa; um tipo de leonês oriental fortemente castelhanizado veio nelas a impor-se e a apagar a linguagem primitiva dos repovoadores. O mesmo -e pela mesma época- estaria acontecendo nas colónias de Narros(...), nas dos próprios asturianos, de fala leonesa, ocidental ou central.*"

[50] Xa desde os primeiros documentos desta zona aparece unicamente a forma *Vega* no canto do galego-portugués *Veiga*. *Vegameán* pasou a *Peña de la Vega* oficialmente en 1960, pois os seus habitantes solicitaron o cambio ao seren obxecto de burla polos seus veciños debido á relación do adxectivo galego *meán* (castelán *mediano/a*) co castelán *mear*.

[51] Nunha carta redactada en castelán en Cáceres o 4 de xuño de 1257 menciónase no encabezamento o "maestre del *Pereyro* de Alcántara"; na mesma carta figura tres veces máis este título pero xa como "*Perero* de Alcántara". Nos documentos de finais do XVI comeza a figurar como *Valencia de Mombuey* o que ata aquela época aparecía unicamente como *Valencia de Momboy* ou *Bon Boy*. A castelanización foi total entre o XIII e o XVI.

[52] Aínda existen nestas terras hoxe portuguesas os microtopónimos *Chanada*, *Vale Maçano*, *Lha Fria*, *Ganau*, *Nave Godina*, *Zambranas* etc., como exemplos de restos leoneses.

fala unha variedade lingüística herdada directamente das falas dos colonos galegos e leoneses.

Desde unha época ben temperá comezou a castelanización oficial desta zona repoboada con galegos, asturianos e leoneses. Do propio Val do Ellas a penas conservamos documentación despois de arderen -en distintas etapas da súa historia- os tres arquivos parroquiais e municipais. O único que puidemos consultar foron documentos notariais e municipais de Valverde redactados nos séculos XVI e XVII. Neles pódese constatar xa como a onomástica está moi castelanizada ou leva camiño de estalo completamente: os nomes de pía son todos en castelán, pero os apelidos oscilan entre a forma castelá e a forma galega, predominando progresivamente a forma allea: *Castelo-Castillo, Valente-Valiente, Piñeiro-Piñero*[53] etc.

Ata mediados do século XX San Martiño de Trebello, que figurara sempre nos mapas como San Martiño dos Viños, xunto coas Ellas, pertenceran á diocese da Cidade[54], mentres que Valverde, apelidado antes "da Serra" e despois "del Fresno", pertencera desde sempre á de Coira (hoxe Coria-Cáceres). Estes dous bispados foron sufragáneos da mitra compostelá ata finais do XIX.

Coa división administrativa de Javier de Burgos, en 1833, San Martiño foi adscrito a Salamanca e os outros dous lugares a Cáceres. En 1959 San Martiño de Trebello foi incorporado á provincia de Cáceres ao tempo que eclesiasticamente, tanto San Martiño coma As Ellas, pasaban a formar parte do bispado de Coira[55].

Despois de novecentos anos de afastamento de Galicia, a lingua galega resistiu neste val a homoxeneización castelanizadora ao prezo dunha fasquía diferenciada do galego e

---

[53] *Piñero* é hoxe o terceiro apelido máis frecuente en Valverde, pero aínda quedan algúns *Piñeiro* sen alterar. *Valenti* e *Valiente* alternan a partes iguais.

[54] Considérase que esta diocese é continuadora da diocese de Caliabria que figura no *Parrochiale Suevorum*.

[55] De feito o mosteiro de San Miguel, en San Martiño de Trebello, seguiu sendo ata hai moi poucos anos propiedade do bispado da Cidai (Rodrigo).

-moito máis- do portugués comúns, e aínda co mantemento dalgúns trazos lingüísticos das áreas surorientais e orientais de onde procedían os colonos.

Para o estudo da lingua usada na documentación nestas zonas de colonización, á parte dos *Foros de Castelo Rodrigo*, copia case exacta dos *Foros de Cidade Rodrigo*, hoxe desaparecidos, deberíase consultar o fondo documental do Arquivo Episcopal de Salamanca[56], pero sobre todo os documentos dos arquivos diocesanos e municipais de Coira e A Cidai[57]. Sabemos tamén que no Colegio de Santa Ana, en Almendralejo, existe un arquivo microfilmado de todos os documentos e incunables que teñen que ver coa historia de Estremadura. Botamos de menos algo semellante para Galicia.

### 3.5. Recapitulación.

* Todas estas terras hoxe extramuradas pertenceron desde sempre á Galicia histórica, lingüística e cultural, constitutiva. Por diversas circunstancias políticas determinados territorios orientais desta Galicia histórica foron esgazándose da Galicia administrativa: o Eo-Navia no século XII, o Bierzo ao longo dos séculos XVI-XVII-XVIII-XIX e As Portelas no XIX. O Val do Ellas, derradeiro reduto galegófono que chegou aos nosos días procedente das colonizacións das áreas conquistadas aos musulmáns nos séculos XII e XIII polos reis galego-astur-leoneses, é

---

[56] Vid. Rodríguez, M. (1962): *Catálogo de Documentos del Archivo Catedralicio de Salamanca*. Salamanca.

[57] Archivo Diocesano de Ciudad Rodrigo, Archivo de la Catedral de Ciudad Rodrigo, Archivo Histórico Diocesano de Coira e Archivo Capitular de Coria. Pódese consultar a seguinte bibliografía: J.J. Rosa Sánchez-Oro (1997): *Orígenes de la iglesia en la Diócesis de Ciudad Rodrigo. Episcopado, monasterios y Órdenes Militares (1161-1264)*. Salamanca: Centro de Estudios Mirobrigenses; D. Lomax (1976): *Los documentos primitivos del archivo municipal de Ciudad Rodrigo*, separata de *Archivos Leoneses* XXX; e, sobre todo, A. Barrios García (1988): *Documentos medievales del Archivo Municipal de Ciudad Rodrigo*. Salamanca: Diputación de Salamanca.

un caso distinto por ser un territorio galegófono substitutivo, resultado dunha expansión militar e posterior repoboación civil sobre poboación autóctona non galega.

* Hai unha enorme dispersión dos documentos medievais referidos a ou escritos nestas zonas, algo ao que non é alleo tampouco o galego da actual Galicia administrativa, o que dificulta grandemente o estudo conxunto dos textos, da historia e da lingua medieval.

* Os poucos textos que están editados presentan unhas grandes deficiencias de lectura, ben por estaren traballados por xentes descoñecedoras do galego, ben por se trataren de historiadores pouco preocupados pola expresión dos documentos, ben por "inferiorización" inconsciente e rutineira dos documentos de fronteira, periféricos e marxinais.

* Cómpre facer serios e documentados estudos lingüísticos de todos estes materiais (dialectais, grafémicos, morfosintácticos, léxicos, onomásticos etc.) para enriquecer o noso patrimonio cultural e lingüístico común e camiñarmos nas investigacións actuais e futuras sobre bases máis sólidas.

* Faise imprescindible o labor anterior para alicerzar a galeguidade antropolóxica e cultural dobremente negada de todas estas terras. Neste sentido, as achegas de disciplinas como a historia medieval, a etnografía, a antropoloxía xeo-xenética etc., intercomplementaranse cos datos lingüísticos tirados dos textos, pois hai que entender o estudo da lingüística galega como parte máis perceptible e inmediata da nosa identidade histórica, pasada e presente, pero non como a única fonte de coñecemento desa identidade.

## 4. EXTENSIÓN E BREVE CARACTERIZACIÓN DAS FALAS GALEGAS EXTRAMURADAS

Despois dos traballos do *ALGa* e dos estudos posteriores e recentes de Francisco Fernández Rei (1990, 1991, 1994b, 1994c, 1999, 2002 e 2003) e Xoán Babarro (2003 e 2004), sobre o galego do Eo-Navia, e de Ana Seco (1997, 2001 e 2004), sobre o galego dos Ancares Orientais, Bierzo Occidental, As Portelas e Calabor, se hai algo que é lingüisticamente difícil de cuestionar é que os falares galegos de Asturias e de Castela-León son unha continuación natural dos falares galegos veciños situados aquén das artificiais fronteiras provinciais ou autonómicas. As isoglosas xa as estableceran os falantes séculos antes de existiren Javier de Burgos ou o bispo de Ovedo que lle conseguiu arrebatar a Mariña británica oriental ao bispado de Lugo.

Caso ben distinto é o do Val do Ellas, resultado do enxerto dun bacelo galego que xermolou en terras do norte de Estremadura. O feito da discontinuidade xeográfica con Galicia, o feito de ser un enclave distante varios centos de quilómetros, e o acaroamento a Portugal, xogaron sempre en contra da adscrición destas falas ao conxunto de falas galegas. Segundo imos coñecendo máis sobre delas ímonos decatando cada vez máis da súa galeguidade histórica e da súa personalidade diferenciada forxada ao longo de nove séculos de separación de Galicia e evolución propia.

Porén, ultimamente veñen saíndo voces dalgúns autores[58] alertando da "apropiación lingüística" que das falas do Ellas

[58] Desde unha óptica científica merecen respecto e consideración as opinións de Carrasco González (2009:230-233), pero é absolutamente delirante a opinión de José Luís Martín Galindo no seu libelo «La estrategia del nacionalismo gallego en el Val de Xálima...o las acciones para la absorción

facemos os lingüistas galegos, pois temen que co contacto co galego as falas do Ellas "se asimilen" a este e se desnaturalicen.

Verbo dalgunhas informacións apriorísticas que circulan recentemente por Galicia deberiamos lembrar que estas terras nunca pertenceron á coroa portuguesa nin nunca foron repoboadas con portugueses.

No documental titulado *Entre línguas* (2010), os autores, despois de percorreren os territorios de Calabor, Alamedilha, Val do Ellas ou Xálima e Olivença (non indican que visitasen outros puntos como A Bouça, en Salamanca, de fala portuguesa) chegan á conclusión de que todos eles posúen unha característica común:

> *"Son territorios que nalgún momento da súa historia foron portugueses e que logo pasaron a ter soberanía española. Neses territorios o portugués pasa a estar en contacto co español, co cal chega o momento que o fai moi similar ao galego actual (...) A teoría oficialista defendía que coa Reconquista, os galegos repoboaran ese territorio e por iso, conservaron a fala galega. Nós pensabamos que todos parten dun mesmo tronco, o portugués, e que existe unha lingua por enriba, o español, que é o que fai que esas falas conflúan co galego".*[59]

Parten os autores dunha premisa falsa porque algúns destes territorios nunca pertenceron a Portugal nin foron repoboados con portugueses, pero a conclusión á que queren chegar é que todo galego é o resultado do portugués españolizado, premisa de partida coa que elaboraron este documental: secasí, para eles, como para o común do reintegracionismo, non existe galego exterior, porque todo galego é xa de seu portugués exterior gravemente interferido polo castelán.

---

lingüística y cultural de Eljas, Valverde y San Martín de Trevejo», edición do autor dentro da súa colección "Iniciativa Val de Xálima", nº 3, Cáceres 2010.

[59] http://www.galiciahoxe.com/hemeroteca-web/gh/linguas/idEdicion-2010-03-23/idNoticia-528920/ .

Esta é a posición do reintegracionismo verbo das falas do Val do Ellas. Evidentemente, non podemos estar en maior desacordo. Levamos 18 anos estudando as falas do Ellas (non fomos só por alí uns días a gravar) coñecemos perfectamente os falares de Ferreira, de Olivença, da Bouça, de Alamedilha, de Alcântara, de Calabor e, desde o noso coñecemento filolóxico, si podemos afirmar que Calabor e o Val do Ellas son falas de tipo galego e o resto: A Bouça e Alamedilha (Salamanca), Ferreira, Cediho, campo de Alcântara, Olivença e Táliga (Estremadura) son de tipo portugués. E os falantes son perfectamente conscientes disto.

Xa que logo, a teoría de que estas falas son "galegas" por seren primitivo portugués españolizado non é certa, do mesmo xeito que non é certo que o galego sexa un portugués "mal falado" por españolizado.

Vaiamos logo coa caracterización e delimitación das falas galegas exteriores a partir dos traballos de Fernández Rei, Babarro González e Seco Orosa.

### 4.1. Galego da Terra Eo-Navia

Nunca foi empresa doada delimitar con exactitude, ás veces nin sequera con aproximación, as fronteiras entre os territorios constitutivos de dúas linguas cando estas proveñen do mesmo tronco lingüístico, posto que a transición dunha lingua para a outra ten lugar dun xeito gradual e en ocasións escasamente perceptible.

Malia a que hai isoglosas caracterizadoras (pero non exclusivas) do galego que chegan ata moito máis alá da vila asturiana de Lluarca (os ditongos decrecrentes en *cousa, pouco, corredoira, vaqueiro, primeiro...*) e, reciprocamente, algunhas isoglosas caracterizadoras do asturiano penetran máis acá do río Navia (o mantemento do -L- en *palo, calente, molín, avola*), existe unha fronteira máis ou menos definida na que coinciden moitos elementos que permiten diferenciar o territorio dunha lingua do territorio da outra, unha fronteira na que coinciden elementos

capitais, e non só secundarios, na identificación dunha lingua fronte a outra.

O primeiro estudoso en establecer con claridade a fronteira entre o galego e o asturiano en Asturias foi Menéndez Pidal[60], na delimitación de linguas que realiza en *El dialecto leonés*. O primeiro e fundamental trazo xebrador de galego e asturiano é o resultado e Ĕ, Ŏ tónicos latinos, con ditongación en asturiano e non ditongación en galego (*terra/tierra, move/mueve*); o segundo trazo, igualmente sobranceiro, foi o tratamento do -N- intervocálico latino, que cae en galego e se mantén en asturleonés (*corazois/corazones*). Estes dous elementos son os que lle serviron a el, e posteriormente a outros moitos autores, para xebrar lingüisticamente as falas galegas das asturianas, porque, amais, a liña coincidente destas dúas isoglosas discorre canda outras isoglosas, chamémoslles "secundarias". Di Pidal (1906:16-17):

> *Por el Occidente, el límite del leonés no coincide con el del antiguo reino de León, ya que este abarcó también Galicia y Portugal. A pesar de que la frontera del dialecto leonés es bien precisa (a diferencia de la frontera oriental), está poco estudiada y mal conocida; es preciso ir marcando una línea que pase por entre pueblos vecinos, de los cuales los de Occidente no diptongan la é y la ó latinas, diciendo* corpo, terra, y los *de Oriente las diptonguen, diciendo* cuerpo, tierra [...]

A seguir, referíndose ao tratamento de -N- di Pidal (1906:17, n.6):

> *Otro rasgo gallego del habla de Armental es la pérdida de -N- intervocálica:* chao, *llano,* cazuaya, *pértiga del carro (en Villapedre* cazonaya)', foucía, *hoz chica (en Villapedre* foucina), ra, *rana,* ras, *ranas,* caes, [...] *Pero va más allá que el gallego diciendo* vecíos, *vecinos (sing.* vecín, *gall. viciño, viciños).*

Foi o propio Pidal o primeiro estudoso en tentar delimitar unha fronteira a partir dos escasos datos dos que dispuña, porén esta liña divisoria foi ben trazada:

---

[60] Menéndez Pidal, R. (1906:16-18).

> *En* Asturias, *junto al mar, el dialecto leonés, no empieza sino a la derecha del río Navia; a la izquierda del río se habla una variedad del gallego de Lugo, y aún en algunos pueblos inmediatos a la orilla derecha. Así en Armental, que está a la derecha, se dice* corpo, terra, morto, tempo *(mientras que Villapedre, que dista ocho kilómetros, ya aparece el diptongo* muorto [...] *A juzgar por estos nombres, el gallego se extiende por una franja de unos ocho kilómetros al oriente del Navia. Probablemente este límite esté determinado por razones históricas tan antiguas, que tendrá algo que ver con el límite de los conventos jurídicos Asturicense y Lucense; el río Navia, según Plinio, separaba a los astures pésicos de los gallegos lucenses.*

A Dámaso Alonso debémoslle acertadísimos estudos sobre o galego de Asturias[61]. El foi quen acuñou a denominación de *galego-asturiano* para se referir a estes falares, deixando claro que *asturiano* é un engadido xeográfico, xentilícico, do mesmo xeito que acontece co ancarés, para el *galego-leonés*, e *galego* é a denominación lingüística. Verbo da fronteira, Dámaso Alonso (1972; G, 397) coincide cos límites marcados anos antes por Pidal:

> *Frente a la cortante división administrativa entre Galicia y Asturias, el lenguaje ofrece una serie de gradaciones. Como el arco iris entre dos colores inmediatos, hai un momento, en dirección para Occidente, en que nos sentimos dentro del gallego, y otro, rumbo a Oriente, en que nos sentimos dentro del asturiano. Pero existe una zona intermedia, en la que, después de todo, la designación que demos a la lengua dependerá de nuestra manera de pareciar e interpretar, uno a uno, toda una serie de hechuras lingüísticas.* [...] *la afirmación ya antigua de que el gallego llega, dentro de Asturias, hasta el río Navia, es justísima, si bien, como es sabido, algunos fenómenos tipicamente asturianos penetran al oeste de esa línea.* ***Estas hablas de entre el Navia y el Eo, fundamentalmente gallegas, pero con algunos trazos***

[61] Vid. D. Alonso (1972).

> *asturianos, las designo con el nombre de gallego-asturiano.*

Para afirmar noutra cita (1972:315)

> *El gallego-exterior o gallego-leonés comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia, están dentro del sistema lingüístico galaico si lo miramos en una perspectiva sincrónico-diacrónica; por junto a estos rasgos esencialmente galaicos, presentan siempre las hablas del gallego exterior unos pocos que son propios del leonés. Una rama del gallego leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano.*

A denominación de galego-asturiano deu pé para certos autores asturianistas trataren o galego de Asturias como unha mestura, un complexo lingüístico de transición, un híbrido fronteirizo de galego e asturiano, sen repararen que "galego" é glotónimo e "asturiano" é xentílico político-xeográfico, como ben establecera Dámaso Alonso.

M. Menéndez García (1951) estableceu uns límites moi precisos entre galego e asturiano atendendo sobre todo a tres criterios: ditongacion ou ausencia dela, perda de -N- e tratamento de -L-, -LL-. As isoglosas viñan coincidir todas tres agás en tres puntos: oriente de Navia, Villaión e parroquia de Astierna. Neste autor baseouse posteriormente Diego Catalán (1956), quen percorreu esa mesma fronteira lingüística e a detallou aínda máis claramente, atendendo tanto aos trazos sinalados por Menéndez García, coma a outros fonolóxicos e morfosintácticos que el ameceu.

Desde estes estudos vistos ata agora, a investigación sobre o galego destas terras avanzou vertixinosamente grazas aos traballos do *ALGa*[62]. Fernández Rei (1990:139-143) singulariza dentro do bloque oriental das falas galegas unha "Área

[62] O *ALGa* estableceu unha rede de sete puntos primarios en terra eonaviega.

asturiana" caracterizada polas isoglosas *vecín-vecíus/vecín-veciños*; artigo masculino *el* ou *l'*; vogal temática *i* nos perfectos fortes, *tuviche, dixiche*, e *è* nos fracos da segunda conxugación, *collèmos, collèron*; timbre etimolóxico en *fònte, bòn*, e antietimolóxico en *lòmbo, canciòn*; conservación do -L- latino: *avòlo, molìn*; posesivos *mou, tou, sou* etc. Dentro da área asturiana distingue dúas subáreas: a) A Veiga-Os Oscos-Ibias (*leite, cabalo*) e b) Salave-Coaña-Boal (*lleite, caballo*). A descrición máis recente e completa do galego de Asturias debémoslla a Xoán Babarro (2003), quen perfilou con gran detalle e precisión a fronteira lingüística[63].

Hai fenómenos propios do galego, característicos e sen embargo non exclusivos, que tamén o son do asturiano occidental; é o caso dos ditongos decrecentes *ei, ou* (*cantei, primeiro; cantou, cousa*) ou o do mantemento de F- latino (*faba, fariña*), que neste caso tamén caracteriza o asturiano central. Outros fenómenos galegos só aparecen parcialmente en asturiano occidental, como a palatalización dos grupos latinos PL-, CL-, FL- (*chover, chamar, cheirar*) ou a dexeminación de -NN- (*ano, pano*).

Por outra banda, hai fenómenos propios do asturiano verbo do galego que se rexistran nalgúns falares da Terra Navia-Eo, como ocorre coa palatalización de L- inicial e de -LL- (*llobo* "lobo", *caballo* "cabalo"); tamén se rexistra a conservación do -L- (*molín* "muíño", *calente* "quente") na práctica totalidade das falas eonaviegas, e en falas de Lugo estremeiras con Asturias e nalgunhas falas galegas do Bierzo.

Así e todo, existen diversos fenómenos fonéticos e morfolóxicos (e algún sintáctico), en boa parte coincidentes no seu trazado, que permiten que no occidente de Asturias se poida establecer unha fronteira aproximada do galego co asturiano. Os

---

[63] Recomendamos a lectura das páxinas 49-64 ("Notas lingüísticas" e "Proximidade e distancia estrutural entre el galego, os falares eonaviegos e el asturiano") do *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias)*, da Asociación Abertal del Eo-Navia, 2007, elaboradas a partir dos datos de Xoán Babarro González (2003).

fenómenos de maior importancia para a delimitación da fronteira do galego en Asturias son os seguintes:

1º) Aditongación / ditongación de lat. Ĕ, Ŏ tónicos en formas como *pedra* e *porta* do galego e *piedra* e *puerta* do asturiano.

2º) Desaparición de -N- latino en galego (*chao, lúa*) fronte ó mantemento en asturiano (*chano, ŝuna* do ast. occ.). A desaparición desta nasal ten gran relevancia morfolóxica, pois é o que explica en todo o galego oriental (ao que pertencen as falas lingüísticamente galegas de Asturias) o plural tipo *pantalois* e formas verbais temáticas como *teis* e *pois* (gal. común *pantalóns, tes, pos*) fronte ás asturianas *pantalones, tienes* e *pones*.

3º) Pronome persoal *eu* (e variante *eo* en falares da Terra Navia-Eo) fronte á forma asturiana *you*.

4º) Distinción entre os pronomes persoais *che* complemento directo ("collin*che* un libro ") e *te* complemento indirecto ("vin*te* onte"), mentres que en asturiano só hai a forma *te* para as dúas funcións.

5º) Desinencia *-n* na primeira persoa dos perfectos fracos en *-er* e *-ir* (*collín, partín*) e nos perfectos fortes (*dixen*), característica do galego fronte ó asturiano. Ademais, nalgúns falares eonaviegos (e noutros do galego oriental) rexístrase esa desinencia en verbos en *-ar* (*cantein*), como ocorre en falares do galego occidental (*cantín, cantén, cantein*).

6º) Desinencia palatalizada na segunda persoa dos perfectos galegos (*cantache, colliche*, sen *-s* nas falas eonaviegas), fronte ás asturianas *canteste, colliste* sen palatalización.

7º) Presentes etimolóxicos *teño, teña* e *veño, veña* do galego, que corresponden ós analóxicos asturianos *tengo, tenga* e *vengo, venga*.

Verbo do léxico hai continuidade e descontinuidade entre galego e asturiano ou ben entre galego oriental e asturiano occidental. Hai léxico característico do galego común, que tamén o é do asturiano, con semántica semellante, aínda que as palabras poden ser diferentes debido á diferente evolución fonética propia de cada idioma.

No léxico común ás dúas linguas están substantivos como gal. *bouza* e ast. *boza* (*bouza* no ast. occidental), gal. *colo* e ast. *cuellu* como sinónimos de "regazo" nas dúas linguas, gal. *pescozo* e ast. *pescuezu*, gal. e ast. *zuna* "teima, manía"; verbos como gal. *esque(n)cer* e ast. *escaecer*, gal. *que(n)cer* e ast. *(es)calecer*[64], gal. e ast. *esmorecer*, *refugar* e *xantar*, aínda que en galego *xantar* é substantivo (comida do mediodía) e verbo, mentres que en asturiano hai unha forma para o verbo (*xantar*, *xintar*) e outra para o substantivo (*xanta*, *xinta*)[65]; e adverbios como gal. *arreo*[66] e ast.*(d)arréu*, gal. *daquela* e ast. *daquella*.

Seguíndomos para o léxico eonaviego o magnífico traballo de Francisco Fernández Rei (2002: 941-971), sabemos que hai léxico do galego que á súa vez o é de falas do asturiano occidental, como ocorre con *toxo* (semellante á *árgoma* do asturiano centro-oriental) e *xeito*[67]. Por outra parte, hai léxico característico do galego oriental de Lugo e da Terra Navia-Eo veciña, que tamén o é de todo o asturiano, non só do occidental; é o caso de *aburar* "queimar" (*aburiar* no ast. occidental e *amburar* no central e oriental), *cuito* "esterco" e *cuitar* "estercar" (no ast.

---

[64] Esta é tamén a forma do galego de Asturias, onde non hai perda do -L-. Azevedo/Fernández (1932: s.v. *calecer*) din que de Valdés ao Eo se usa *calecer*, que é forma rexistrada máis recentemente en El Franco (García García 1983: 305), en Mántaras-Tapia (Súarez Fernández 1996, s. v. *calecer*) e na Veiga (Fernández Vior: 1998 s.v. *calecer*).

[65] *Xantar* e *xanta* (comida do mediodía) no ast. occidental, *xintar* e *xinta* no ast. central e oriental (Neira/Piñeiro 1989: s.v. *yantar*). E idéntica distinción dáse no galego da Terra Navia-Eo, tal como anotaron Azevedo/Fernández (1932, s.v. *xanta* e *xantar*) e máis recentemente García García (1983) para El Franco, Díaz López/García Galano (1996) para A Roda-Tapia e Suárez Fernández (1996) para Mántaras-Tapia. E o mesmo na Veiga (Fernández Vior 1998), aínda que neste concello en Añides se usa *almorzo* e *almorzar* para *xanta* e *xantar*, de igual xeito que en puntos do leste de Lugo próximos (García 1985, s. v. *almorzar* e *almorzo*).

[66] O adverbio *arreo* rexistrouse en puntos da Coruña (García 1985: s. v. *arreo*) e da Terra Navia-Eo, aínda que en Azevedo/Fernández (1932: s. v. *arreo*) non se indica onde se anotou. En Mántaras rexistrouse na loc. adv. *(al) arreo de* "da que, de paso que" (Súarez Fernández 1996: s. v. *arreo de*).

[67] No *Dicionariu de l'Academia de la Llingua Asturiana* (2000) hai entrada para *xeitu*, con indicación de que é forma occidental, e o mesmo para *toxu* [en rede: http://www.academiadelallingua.com/diccionariu/index.php].

central e oriental *cucho* e *cuchar*) e *freita* "corremento de terra; fendedura no terreo" (no ast. central e oriental *frecha*).

Semellante é o caso de formas como *mércores* (ast. *miércoles*), *venres* (ast. *vienres*) e *xabaril* "porco bravo"[68], que no caso do galego eran características desta zona oriental (e de falas do galego berciano), mais que hoxe forman parte do galego común. O gal. *xebrar* e o ast. *(di)xebrar* "separar", de emprego común en cadanseus estándares, eran formas propias do galego oriental e do asturiano occidental.

Hai léxico propio do galego, incluído o da Terra Navia-Eo, que non se rexistra en asturiano, o que explica que non se incluíse no *Diccionariu de l'Academia de la Llingua Asturiana (DALLA)* (2000). É o caso de formas galegas como *ameixa, freixo, maceira* (*maceiro* entre o Navia e o Eo), *pechar* e *pexego* ou *péxego* que se corresponden coas asturianas *nisu, fresnu, mazaneru* (e *mazanal, pumar*), *pesllar* e *piescu* (D'Andrés[69] 1993; Acebedo/Fernández[70] 1932).

Alén disto, infórmanos no mesmo traballo Fernández Rei (2002) de que hai léxico característico do asturiano que non existe en galego agás nalgún caso en falas da Terra Navia e nalgunhas de Lugo da estrema con Asturias. Entre esas formas tipicamente asturianas están adxectivos como *sele* "calmo" e substantivos como *andecha* "grupo de xente que colabora nun traballo", *cacía* "vaixela", *llercia*[71] e *llerza* "medo grande", *seronda* "outono" (estación) e *árgoma* "pranta silvestre de flores marelas

---

[68] En puntos do leste de Lugo dise *xabaril* (na estrema coa Terra Navia-Eo) e *xabarín* (na estrema co Bierzo), que pode concorrer con *porco bravo* (García 1985: s.v. *porco* e *xabaril*). De Valdés ó Eo a forma é *xabaril* (Acevedo/ Fernández 1932: s.v. *xabaril*), que na Veiga concorre con *cocho bravo* (Fernández Vior 1998: s. v. *cocho*).

[69] D'Andrés, R. (1993): *Diccionariu temáticu asturianu*. Xixón: Alborá.

[70] Acebedo y Huelves, B. e Fernández e Fernández, M. (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid.

[71] En Navia de Suarna e en Negueira de Muñiz existe *lercia* (García 1985: s.v. *lercia*). En S. Xorxe de Piquín, tamén no leste de Lugo, dise *lercioso* "temeroso", en especial aplicado aos "castaños que por su altura y por estar situados al borde de precipicios, infunden temor al que sube a ellos" (A. Otero (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, anexo 7 de *Verba*, s. v. *lercioso*).

e pinchos nas ramas"[72]. Esta forma non se documenta no galego oral, nin sequera no da Terra Navia-Eo[73]; pero a *árgoma* como equivalente de toxo e especialmente o verbo *argomar* están en diferentes dicionarios galegos (Santamarina 2003[74]), mesmo nos dicionarios máis completos coma o de Estraviz (1995)[75] ou o *Gran Dicionario Xerais* (2009)[76].

E así mesmo existen voces características do asturiano, que tamén se rexistran no galego de Asturias, non en Galicia. É o caso da *fuína* "garduña" do ast. occidental e central (*h.uína*, con aspiración do F-, no ast. oriental), que na Terra Navia-Eo é *fuíña* na Veiga, *fuina* en Mántaras e El Franco e *fuína* na Roda. Nestas falas esta forma ten tamén unha acepción figurada para a persoa ruíña.

Será fundamental para o coñecemento do léxico do galego eonaviego consultar a tese que proximamente defenderá na Universidade de Vigo o académico correspondente da RAG para o Eo-Navia Carlos Xesús Varela Aenlle: *Contribución ao léxico galego: Dicionario da lingua galega de Asturias*, que contén aproximadamente unhas 30.000 voces dos dezanove concellos eonaviegos (incluído o concello lugués de Negueira de Muñiz).

Pero están aínda por facer estudos lexicométricos e de dialectoloxía léxica para tentar deseñar a transición entre galego e asturiano. Porén, podemos perfilar con certa claridade os límites fonolóxicos e morfolóxicos entre galego e asturiano en

---

[72] Na primeira acepción do *DALLA* é "planta montés del xénero *Ulex* [de flores pequeñes de color mariello, con munchos pinchos]", un tipo de toxo, mentres que na segunda acepción é a *Genista hispanica*, un tipo de xesta. No vocabulario do bable de Somiedo hai entrada para *árguma* "Argoma, planta de la familia de las *fabaceae (luguminosae). Genista hispanica subsp. Occidentalis*" e unha entrada diferente para *toxo* "tojo" (Cano 1982).

[73] A forma *árgoma* non figura no material inédito do *ALGa* nin no *Glosario* de García (1985) e tampouco en vocabularios do galego da Terra Navia-Eo (Azevedo/Fernández 1932, Díaz López/García Galano 1996, Fernández Vior 1998 e Suárez Fernández 1996).

[74] Santamarina, A. (2003): *Diccionario de diccionarios* (versión 3), CD-ROM. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.

[75] Permanentemente actualizado, é consultable en www.estraviz.org.

[76] Carballeira Anllo, X.M. (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da lingua*, 2 vols. Vigo: Xerais.

Asturias. Esta fronteira imaxinaria comeza na Mariña de Navia, onda o río Freixulfe, máis ao oriente do río Navia. A raia coincidente da desaparición de -N-, a aditongación e outros moitos fenómenos fonéticos e morfolóxicos vai conxuntamente nestes primeiros momentos, quedando coma vilas galegófonas cara ao interior Freixulfe, Freal, Villaoril, As Murias, Puñil e Villartorei, penetrando logo en Villaión, incluíndo lugares como Arbón, Ribalagua, Llanteiro, Argolellas e Bustantigo.

A partir deste punto, aínda en Villaión, a serra é o límite natural, quedando dentro do galego a parroquia de Ponticella. Máis adiante, en Allande, a beira esquerda da serra do Rañadoiro é galegófona, salvo o lugar de El Rebollo. Esta serra, ao longo das parroquias de Santa Colomba, Verducedo, San Martín del Valledor, San Salvador del Valledor, segue marcando o límite ata Ibias, onde na parroquia de Sistema hai un dialecto de transición, o tixileiro. Polo tanto, as serras de Leirosa (agás El Rebollo, como xa se dixo), El Palo, El Valledor (as tres en Allande), Valvaler e Valdebois (as dúas en Ibias) son fronteira nítida ata a parroquia de Sisterna.

Segundo o que acabamos de ver son 18 os concellos do extremo occidental de Asturias onde o galego é lingua propia: Tapia de Casarego (4.223 habitantes[77]), El Franco (4.075 h.), Coaña (3.458 h.), Castropol (3.900 h.), Boal (2.040 h.), Santiso de Abres (564 h.), A Veiga do Eo (4.289 h.), Eilao (497 h.), Taramundi (769 h.), Vilanova de Ozcos (404 h.), San Martín de Ozcos (462 h.), Santalla de Ozcos (582 h.), Pezós (194 h.), Grandes de Salime (1.101 h.), Navia (9.118 h.), Allande (2.106 h.), Villaión (1.621 h.) e Ibias (1.734 h.), precisamente os concellos historicamente galaico-lucenses, os concellos con testemuñas de cultura castrexa, os concellos onde hai lareiras e non cociñas, os concellos onde as lendas populares son de mouros e non de xanas, os concellos onde hai caldo e empanada, louxados e non tellados etc. Precisamente.

---

[77] A cifra de poboación que vai despois de nome de cada concello do occidente de Asturias corresponde a 1 de xaneiro do 2008; a fonte é o servidor web do INE: www.ine.es.

Mapa 14 . Concellos galegófonos do occidente asturiano ou Eo-Navia. Máis escuras: áreas de transición (tirado de Xoán Babarro).

A poboación total dos 18 municipios da Terra Eo-Navia (mapa 1) a primeiro de xaneiro do 2008 era duns 41.000 habitantes; pero cómpre ter en conta que nas parroquias orientais dos catro últimos concellos citados (Navia, Allande, Villaión e Ibias) fálanse variedades do asturiano occidental e non do galego oriental, aínda que se poidan rexistrar nelas algúns trazos caracterizadores do galego, e tamén que o galego é

a lingua habitual do 70% da poboación, non da totalidade, aínda que a totalidade da poboación desta zona manifeste comprender perfectamente a fala local.

Segundo Babarro González (2003) no galego de Asturias existe unha zona A, moi minoritaria e que se pode denominar "taramundesa" que abrangue os concellos de Santiso e Taramundi, o lugar da Trapa, en Santalla de Ozcos, as parroquias de Abres e Guiar no concello da Veiga e os lugares dos Coutos, Valdeferreiros e Barca, no concello meridional de Ibias, con trazos propios do galego común como o artigo *o*, as terminacións *-iña(s)* e *-iños* e os posesivos *teu(s)*, *seu(s)*, que é galego oriental sen ningún xénero de dúbidas.



Mapa 15. Áreas dialectais no Eo-Navia. Zona A (taramundesa): branco; zona B1(altonaviega ou asturnegueiresa): gris claro; zona B2 (baixonaviega): gris escuro; zona C (áreas de transición): negro.

E aparte existe unha ampla zona B, maioritaria, á que tamén pertence o concello lucense de Negueira de Muñiz, e os lugares

de Porto (Ribadeo), Pántaras (A Fonsagrada) e Peliceiras (Navia de Suarna), onde se rexistran fenómenos que caracterizan o galego de Asturias propiamente dito, como artigo *el* (plural *os*), terminación *-ía(s)* e *-íos* (*vecía, vecíos*) e posesivos *tou(s), sou(s).*

No interior da zona B, a Área asturiana que denomina Fernández Rei (1990) pode facerse unha división entre as falas coas formas sen palatalizar L- e -LL- (*leite, tarrelo*) B1, denominada zona altonaviega (ou asturnegueiresa), e as que palatalizan (*lleite, tarrello*), B2, denominada zona baixonaviega. A maiores, distingue Babarro unha zona C, na parte máis oriental dos concellos de Navia (CN2), Villaión (CV2) e Ibias (CI2), falares de transición, con trazos galegos e asemade trazos do asturiano occidental.

| GALEGO ESTÁNDAR | V2, N2 | ASTURIANO ESTÁNDAR |
|---|---|---|
| 1. festa , novo<br>noite, folla | fiesta, nuovo<br>nuoite, fuolla | fiesta, nuevo<br>nueche, fueya |
| 2. unha, cancións (úa, canciois) | < V.2 N.2 > | una, canciones |
| 3. leite<br>Val | (tseite, cheite)<br>(vatse, vache) | lleite<br>valle |
| 4. tempo, bebendo | | tiempo, bebiendo |
| 5. ven / vén | | ven / vien |
| 6. solteiro, solteira | | solteru, soltera |
| 7. o, a, os, as | (las) | el, la, los, les |
| 8. eu<br>min<br>che / te<br>lle, lles | (iou~ieu) | Yo<br>mi~min<br>te<br>-y, -yo~(-ys) |
| 9. teño, teña / vexo, vexa | | tengo, tenga, veo, vea |
| 10. bebín, dixen | | bebí, dixi |
| 11. bebiches, fuches<br>fuches | (bebiche) (fuche)<br>(fuche) | bebisti, -iesti, fu<br>fuisti, fuesti, fosti |
| 12. cantei, cantarei<br>cantou, comeu (-iu), partiu | | canté, cantaré<br>cantó, comió, partió |
| 13. teito, escuitar | | techu, escuchar |

| | | |
|---|---|---|
| 14. chamar, chover | | llamar, llover |
| 15. cabana, pequeño | | cabaña, pequeñu |
| 16. corredoiro, corredoira | | corredoriu, corredoria |
| 17. meu | (mieu~miou) | míu/mio, mío/mio |
| miña | (mia) | mía/mio |
| teu, seu | (tou, sou) | tuyu/to, suyu/so, |
| túa, súa | | tuya/to, suya/so |
| noso, -a | (nuoso, -a) | nuestru, ~nuesu |
| voso, -a | (vuoso, -a) | vuestru, ~vuesu |
| 18. -ades, -edes, -ides | | -áis, -éis, -ís |

**Cadro 1.** Comparación entre galego estándar, falas de transición e asturiano estándar. Tirado de Babarro (2003:187-189):

Entre galego e asturiano, en tanto que complexos lingüísticos iberorrománicos occidentais veciños e consecutivos, hai moitos fenómenos comúns (mantemento do F- inicial latino, sintaxe do pronome átono etc.), pero tamén hai diferenzas, porque son linguas distintas. No capítulo 8 do *Informe* da Asociación Abertal del Eo-Navia (2007:57-64) colléronse 28 fenómenos fonético-fonolóxicos e morfosintácticos diverxentes entre galego e asturiano comúns e mediuse con eses fenómenos a aproximación ou afastamento das falas eonaviegas ao galego común ou ao asturiano común. Reproducimos o cadro final cos resultados sobre a proximidade destas falas ao galego común e ao asturiano común, tomando como 0 a non coincidencia co galego de ningún deses 28 trazos diferenciais e como 100 a plena coincidencia co galego deses mesmos fenómenos.




**Cadro 2.** Aproximación ou achegamento ao galego e ao asturiano das variedades eonaviegas (tirado da Asociación Abertal).

A partir deste cadro queda bastante claro que as falas eonaviegas (baixonaviego, astur-negueirés ou altonaviego e taramundés) están meridianamente máis próximas do galego ca do asturiano e en ningún caso son "falas de transición que non son galego nin asturiano" nin "mestura de galego e asturiano a partes iguais", pois para iso a proximidade ou afastamento de galego ou de asturiano tería que estar entre o 40 e o 60%, cousa que non ocorre nunca.

### 4.2. Galego dos Ancares Orientais e Bierzo Occidental

A romanística e a iberorromanística sempre consideraron que as falas ancaresas orientais e bercianas occidentais pertencían ao conxunto das falas galegas. O científico catalán Mariano Cubí i Soler, no "Prólogo" aos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Fernández Morales (1861) opinaba que *"El berciano es un sub-dialecto gallego, acercándose al castellano en lo que*

*del gallego se separa*"[78]. O propio autor do poemario, Fernández Morales, así o recoñecía tamén nas páxinas preliminares ao poemario: "*el berciano es un subdialecto gallego*" (2003:4).

Menéndez Pidal (1906:18-19) afirmaba en *El dialecto leonés* que "*la divisoria entre las cuencas del río Cúa y del Sil debe marcar poco más o menos el límite del gallego y del leonés, en esta región*", afirmando a seguir que o Bierzo baixo, ou occidental, falaba galego, mentres que o Bierzo alto ou oriental falaba leonés. Outras figuras como Lapesa (1985)[79] ou Zamora Vicente (1986)[80] eran da mesma opinión. Di Lapesa (1985: 483-484) que "*la divisoria, muy borrosa, corre entre el río Navia y la sierra de Rañadoiro, reparte el Bierzo y deja para el gallego algunhas aldeas del suroeste de León y otras de Sanabria*".

En 1982 Gutiérrez Tuñón consideraba que o Bierzo era un "*lugar de encuentro*" entre castelán e galego, e referíase á fala do Bierzo coma un "híbrido"[81], do mesmo xeito que viamos anteriormente que se dicía (e di) das falas eonaviegas galegas. Afastalas do galego, negarlles adscrición galega é o primeiro paso para diluílas.

As falas galegas dos Ancares orientais e o Bierzo occidental encádranse, ao igual cás de Asturias, dentro do Bloque oriental das falas galegas, segundo a clasificación establecida por Fernández Rei (1990) e participan da maioría dos fenómenos fonéticos e morfolóxicos caracterizadores deste:

---

[78] Fernández Morales, A. (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, León, páxina XVI (citamos pola reedición facsimilar que fixo en 2003 o Instituto de Estudios Bercianos).

[79] Lapesa, R. (1985): *Estudios de historia lingüística española*. Madrid: Paraninfo.

[80] Zamora Vicente, A. (1986): *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

[81] Gutiérrez Tuñón, M. (1982): "Apuntes dialectales sobre El Bierzo", en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 37, pp. 129-136. Matizaba estas afirmacións en 1992 en "Notas sobre el habla del Bierzo", en *Revista de Estudios Bercianos*, 16, pp. 122-125; e xa nunhas xornadas sobre Sarmiento que organizou a Comisión cultural Sarmiento e a Escola de Gaitas de Vilafranca e que tiveron lugar en Vilafranca o 8 de marzo de 2002, este autor rectificaba o dito en anos anteriores e falaba xa abertamente do "galego do Bierzo" e non de mestura ou híbrido galego-castelán.

digongo UA: *cuatro, cuando*; ditongos OI/UI (U): *coiro, oito, muito/muto/mutio*; formas en -ax-: *baxo, caxa*; terminación en -ín: *padrín, camín*; plural -is: *ladrois, camiois*; plural -is: *animais, papeis*; perfectos *cantein, cheguein, cantarein*; SNP -is: *cantais, colleis* (Fernández Rei 1990:158).

Dentro deste bloque, a fala dos Ancares orientais presenta algúns trazos senlleiros como son a palatalización do ä (*irmä, pèdre*, por *irmá, padre*); a existencia de vocais nasalizadas: *cadẽa*; gheada: *amigho, ghato*; cheísmo; VT *i* en todo o TP dos verbos en -er: *collira, colliu* etc., fenómeno común a algunhas falas do Bierzo; formas *collí, partí, dixe* etc. (Vid. Fernández Rei 1990:143-144).

O paso do galego ao leonés realízase de modo abrupto ou de modo gradual; trazar a fronteira lingüística entre galego e leonés será difícil no segundo caso, porque as isoglosas que corren soltas están determinando a existencia dunhas áreas de transición gradual entre unha e outra lingua.

Deixándomos a un lado por escasos e insuficientes os estudos que seguen un criterio monoisoglósico e consideran un único trazo, a isoglosa de aditongación/ ditongación (Menéndez Pidal (1906)), ou aqueloutros que consideraron a zona fronteiriza como de «mestura», "híbrido", «área de transición», «leonés galeguizado», podemos seguir aqueles estudos que combinan unha serie de trazos para determinar a fronteira, feito que se traduce na consideración de varias isoglosas: Catalán Menéndez Pidal (1956-57), Fernández Rei (1990a, 1990b, 1991), García García (1984), Neira Martínez (1989), Zamora Vicente (1989) e, sobre todo, Seco Orosa (2001 e 2004): todos coinciden en ter en conta o resultado de Ĕ, Ŏ latinos, a evolución de -N-, a evolución de L-, -LL- e a evolución de -L-, mais aos citados, García García (1984) engade a terminación -INUM dos diminutivos e Catalán Menéndez Pidal (1956-57) os pronomes persoais átonos de segunda persoa, a desinencia **-n** na primeira persoa do perfecto e a desinencia da segunda persoa dos perfectos; aos comúns a todos os estudos e aos indicados por Catalán, Fernández Rei suma dous máis: o pronome persoal tónico de primeira persoa e os presentes VĔNIO, TĔNEO, que

son os que toma Seco Orosa en 1997 para realizar o seu traballo de delimitación da fronteira entre galego e leonés no Bierzo occidental, nas Portelas e en Seabra. Estes trazos poden separarse en tres bloques:

a) Trazos determinantes da estructura da lingua, pertinentes para trazar unha fronteira: resultados de Ĕ, Ŏ tónicos, evolución de -N-, evolución de L-, -LL-, evolución de -L- e resultados dos presentes TĔNEO, VĔNIO.
b) Trazos incluíbles, como os resultados de ĔGO e -INUM.
c) Trazos dialectais do propio galego: os pronomes *che/te*, a desinencia -n na P1 do perfecto e a desinencia na P2 dos perfectos[82].

Algunhas destas isoglosas secundarias coinciden no decorrer coa isoglosa primaria de aditongación/ditongación e son válidas para o trazado da fronteira. Sería o caso dos resultados aditongado/ dítongado de Ĕ ante nasal: *quen /quien; lenzo /lienzo, llienzo; quente /calente, caliente;* Ĕ nos monosilabos: *pé / pías*[83]*; dez / diez; mel /miel; ben / bien;* ĔST: *é, éo, éui / ie, ia, ía, yía, llia, yi; sufixo* -ĔLLUM: *-elo / -ielo, -ieio, iello;* Ŏ ante iode: *folla / fuella, fuolla, fuea; hoxe, hoi/huei, huoi, hui, güei, güi; noite, noute/nueite, nuüite, nuoite, ñueite; despois, despous /despueis, despuois, despuis;* Ŏ ante nasal: *ponte/ puente; bon /bueno; conto /cuento.*

Fronte a isto, hai isoglosas secundarias que non coinciden no trazado coa primaria; este é o caso dos resultados aditongado/ditongado do pronome ĔGO: *eu / you, ieu*; posesivo MEUM: *meu, meo / mieu, mieu, miou, míou, miu, míu, mio;* conxunción ĔT: *i, e / ie, ia* (nestes tres casos -ĔGO, MĔUM, ĔT o resultado ditongado, leonesismo, entra en zona de aditongación); forma GĔNERU: *xenro, xerno, senro, xienro,* que dá lugar a equívocos, pois en zonas de ditongación o i do ditongo

[82] Para observar a distribución dialectal destes fenómenos dentro das falas galegas, vid. Femández Rei (1990: 77, mapa 29; 85-86; 87-88, mapa 33) e *Atlas Lingüístico Galego* (1990) mapas 50, 237 (para **-n**), mapa 7 (para realización da VT na P2 do perfecto).

[83] Plural de *pía* (pé).

pode ser absorbido pola palatal inicial; resultado *sono*/ditongado *sueno, suóno* (hai unha infiltración do leonesismo *sueno* en S. Pedro de Devesas, Ponferrada, onde alterna coa forma propia *sono);* NŎSTRUM: *noso/nueso, nuóso, nuoso, ñueso* (o resultado aditongado, *noso,* galeguismo, entra en Fontoira). Estas isoglosas non serán válidas para trazar a fronteira de aditongación/ditongación por presentaren, como dixemos, desviacións no trazado que marcan a presenza, nos puntos en que a liña se desvía, de infiltracións (galeguismos: NŎSTRUM; leonesismos: MĔUM, ĔT, ĔGO) ou vacilacións.

A de máis rendemento para diferenciar galego/leonés en León e Zamora sería a isoglosa que marca os resultados de Ĕ, Ŏ, isoglosa que ademais coincide en todo o seu trazado coa do resultado do grupo SI, sendo estas dúas as únicas que corren parellas en toda a fronteira. Mais para pretendermos deseñar unha fronteira lingüística, hai que partir da base de que unha fronteira son as isoglosas, varias isoglosas importantes correndo por un mesmo territorio na mesma dirección.

Cando as isoglosas se presentan en feixes, o trazado da fronteira non presenta gradación e o paso do galego ao leonés realízase dun modo abrupto. Cando as isoglosas corren por separado non se pode trazar fronteira ningunha, pois este feito delata ás claras o paso gradual do galego ao leonés, un *continuum* entre os dous dominios, con áreas de transición entre eles[84].

Entre o galego e o leonés, alí onde as isoglosas correspondentes aos sete fenómenos considerados pertinentes para trazar a fronteira corren soltas, confórmase unha zona lingüística fronteiriza que debe ser considerada de transición entre os dous dominios, por apareceren nela, nos puntos

[84] Vid. Joan Veny (1992: 213-214): «*Nadie duda que existen límites de rasgos (allí donde los dialectos mantienen su vigor), pero es cierto también -y me baso en mi experiencia del catalán- que es posible hablar de fronteras aproximativas de conjuntos de rasgos que, basados en su «simultanea presenza» y su «particolar combinazione», como quería Ascoli, permiten hablar de dialectos o variedades. Tratándose de hechos humanos, sociales, de extrema complejidad, no existen entre ellos fronteras matemáticas -como tampoco existen entre registros o entre niveles de lengua- sino franjas variables de transición que también pueden constituir dialectos*».

estudados, distintas modalidades que fluctúan entre o galego e o leonés en maior ou menor medida, segundo dominen os trazos galegos, os leoneses ou as solucións de compromiso. Chamaremos a esta área lingüística fronteiriza franxa de transición.

Mapa 16. A fronteira entre galego e leonés no Bierzo occidental (elaboración propia a partir dos datos de Seco Orosa).

Partíndomos dos sete trazos considerados pertinentes para diferenciar galego e leonés, Seco Orosa procurou achegar unha clasificación destas falas de transición e observar as flutuacións entre os dominios veciños. Esta autora propuxo tamén unha clasificación das falas de transición, clasificación á que chegou tras estudar o comportamento e combinación dos sete fenómenos considerados pertinentes para o trazado da fronteira[85]. Na zona estudada aparecen, nos extremos, galego e

[85] Seco Orosa tratou conxuntamente os resultados de L-, -LL- e -L- (laterais) e de -NN-, -N- latinos (nasais) -isoglosas 2, 3 e 4, 5, cf punto anterior- para comprobar en que medida estas oposicións latinas se manteñen de distinta forma tanto en galego coma en leonés, ou se conservan/perden nesta zona de transición, orixinando o que chamou solucións de compromiso.

leonés[86] e entre eles, unha área de transición dun a outro dominio, na que podemos diferenciar as seguintes modalidades:

Por galego de transición entendemos as falas que presentan maioritariamente resultados galegos, como a aditongación nas formas procedentes de Ĕ, Ŏ tónicos latinos, a conservación da oposición latina de -N-/-NN-, co resultado *Ø/n (irmá/pena:* perda do -N- nas formas con -N- intervocálico, e resultado *-n-* de -NN-), o resultado palatalizado *-ix- (queixo, cereixa, carqueixa)* do grupo consonántico latino -SI- e a forma palatalizada *(teño, veño, poño)* nos presentes de TĔNEO, VĔNIO. Xunto a estes trazos galegos, aparece unha solución de compromiso: a perda da oposición latina -L-/-LL- (simple/xeminada) a favor dun único fonema /l/ *(calente, amarelo); o* resultado -l- procedente de L-, -LL- latinos é un resultado propio do galego, mentres que o resultado -l- procedente de -L- debe asociarse ó leonés.

Secasí, o galego de transición rexístrase en San Miguel de Arganza (Arganza), Naraiola (Camponaraia), Val de Fiolledo (Veiga de Espiñaredo), San Pedro de Devesas e Fontes Novas (Ponferrada), Vilavella (Priaranza do Bierzo), Borrés, Carucedo e Castroquilame (Ponte de Domingos Flórez).

[86] De acordo cos sete trazos, consideramos que estamos ante o galego cando aparece a seguinte combinación: conservación das oposicións latinas entre as simples e xeminadas laterais e nasais cos resultados, respectivamente, ø/ -l- e ø/-n- *((a)marelo, quente, ano, irmá);* aditongación *(folla);* resultado *eix* de vocal+SI *(queixo, carqueixa);* presentes etimolóxicos *veño, poño, teño.* Pola contra, estariamos ante o leonés cando aparecen as seguintes solucións para estes trazos: conservación das oposicións latinas entre as simples e xeminadas laterais e nasais *(a)mariello, caliente, año (ñueite), irmana* (nas laterais, na zona estudiada contrariamente a outras do leonés, o resultado das laterais é l/ll); ditongación *(fuella);* resultado *eis* de vogal+SI, sen palatalizar *(queiso, carqueisa);* presentes analóxicos de TENEO, VENIO, PONEO.

Mapa 17. Concellos e pedanías de lingua galega no Bierzo occidental (Ramón Pais Pazos).

Falas de transición, con trazos sobranceiros tanto do galego coma do leonés, son as de Guímara (Peranzais), Fontoira (Fabeiro) e O Espiño (Veiga de Espiñaredo). Unha fala especial de transición é a de Pombriego (Benuza). Leonés de transición ao galego (tipo A) témolo en Chano, Trascastro e Peranzais, todos tres no concello de Peranzais, e mais en Sancedo; outro modelo de leonés de transición ao galego (tipo B) achámolo nunha zona compacta do Bierzo: Lillo, Bárcena e S. Pedro de Paradela[87].

[87] Seco Orosa (2002:90) denomina sistema de compromiso 2 (SC2) á zona de transición, compromiso nas laterais, solución galega nas nasais; ao sistema leonés de transición A denomínao SC3, solución leonesa nas laterais e galega nas

| | GALEGO | GALEGO TRANS.[88] | TRANSICIÓN[89] | TRANSICIÓN POMBRIEGO | LEONÉS TRANS. | LEONÉS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| -LL- | galo | galo | galo | galo | gallo | gallo |
| -L- | moer | moler | moler | moler | moler | moler |
| -NN- | pano | pano | pano | pano | pano | paño |
| -N- | ter | ter | ter | tener | ter \| tener | tener |
| Ĕ | pedra | pedra | piedra | piedra | piedra | piedra |
| Ŏ | ovo | ovo | güevo~güovo | güevo | güevo | güevo |
| -SJ- | queixo | queixo | queso | queso | queso | queso |
| VENIO | veño | veño | veño | veño | vengo | vengo |

**Cadro 3.** A "suave transición" entre galego e leonés no Bierzo segundo Ana Seco Orosa.

Canto ao léxico, o actual Bierzo pouco varía verbo do léxico dos Ancares occidentais (administrativamente galegos) e Valdeorras (*xato, cuzo, foleco, cáparo* etc). É máis, podemos afirmar unha continuidade dos tipos léxicos galegos pola chaira berciana na que se falou ou aínda se fala leonés occidental. Amais, loxicamente, hai voces propias ancareso-bercianas comúns co leonés ou con significados comúns co leonés: é o caso de *òlga*, que nos Ancares é un camiño ou un ronsel na neve ou na lama e no Bierzo é unha terra labrada (*huelga* en leonés e castelán); ou *tarxa* (boliño cadrado de pan), *trollo* (lameiro), *cochorro* (merlo), *carreirega* (cotovía), *xibriar* (asubiar, rechouchiar), *furela* (toupeira), *soubiao* ou *subiao* (silveira, sebe), *agavanzo* (roseira brava) etc, palabras todas elas que se deberían incorporar sen demora ao tesouro léxico da lingua galega. É unha verdadeira mágoa que a maioría das recollidas de léxico berciano feitas ata

---

nasais; ao sistema leonés de transición B, SC4, solución leonesa nas laterais, de compromiso nas nasais; e SP ao sistema de Pombriego, con solucións de compromiso en laterais e nasais.

[88] San Miguel de Arganza (Arganza), Naraiola (Camponaraia), Val de Fiolledo (Veiga de Espiñaredo), San Pedro de Devesas e Fontes Novas (Ponferrada), Vilavella (Priaranza do Bierzo), Borrés, Carucedo e Castroquilame (Ponte de Domingos Flórez).

[89] Guímara (Peranzais), Fontoira (Fabeiro) e O Espiño (Veiga de Espiñaredo).

o de agora non se fixesen separando as linguas ou indicando a procedencia xeográfica das voces, senón mesturando nun mesmo glosario galego, leonés e castelán sen indicar lingua nin procecencia, como se a orixinalidade do léxico berciano residise nunha sorte de folclórica hibridación[90].

Ata agora o glosario por excelencia do galego do Bierzo era a obra de Verardo García Rey (1934), ao que se lle engadían as achegas de Gutiérrez Tuñón (1987-1988) na revista *Estudos Bercianos*, aínda que o primeiro glosario que coñecemos é o apéndice léxico da obra xa citada de Fernández Morales (1861)[91].

Un fenómeno propio dos dialectos de transicion é o da flutuación entre os dominios veciños. Diferencia Seco Orosa tres grupos: alternancias, infiltracións e solucións de compromiso. Un exemplo de alternancia témolo en Lumeiras (Ancares), onde é rexistrable a perda de -L- (*fío, muín, xabarís)* alternando coa súa conservación *(calente)*. Estes datos recollidos *in situ* parecen confirmados polo estudo realizado por Dámaso Alonso e García Yebra nesta zona[92].

Exemplos de infiltracións témolos cando o resultado autóctono é substituído por outro do sistema veciño; o fenómeno pode ser esporádico -darse só nun punto- ou afectar a

---

[90] Vid. V. García Rei (1934): *Vocabulario del Bierzo*. León: Lancia. Pequenos glosarios de léxico berciano aparecen periodicamente na revista *Estudios Bercianos*. En Galicia a *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*, de C. Álvarez Pousa e X.H. Costas, contén un mínimo glosario final.

[91] Contén unhas 400 voces bercianas que o propio autor inclúe ao longo dos seus poemas. Dá definición e/ou equivalencia en castelán.

[92] Dámaso Alonso (1972: 329-330) indica que o -L- se conserva na Fornela fronte ao ancarés, onde son «muchos más los casos de pérdida que los de conservación». Achega exemplos de perda (*quenda* <CALENDA, *fiar, saír, pao*...) e de conservación (*delor, palomba, mola, abolo, abola, castañola, garañola*). Para os últimos parece haber unha norma segundo estes lingüistas: consérvase -l- no diminutivo feminino e en xeral na combinación *-ola*, pero pérdese no diminutivo masculino; explican *abolo* como un caso analóxico de *abola*. O *Atlas Lingüistico Galego* (vol. 2) apunta para Le l (Candín, nos Ancares) formas con conservación de -L-: *avoliko, avolo* (mapa 26) e *mola* (mapa 27), que poderían ser explicadas seguindo a norma exposta; pero esta non dá conta doutras formas como *calente* ou *filandón* recollidas in situ por diversos autores. Segundo estes datos, nos Ancares parece existir unha altemancia nos resultados de -L- (perda e conservación) con predominio da perda de -L-.

zonas mais amplas: por exemplo os resultados ditongados de MĔUM, ĔT e ĔGO, que entran como leonesismos en zonas de aditongacion; outro caso salientable é o do resultado *fariña* <FARINA rexistrado en puntos de Seabra, que debe ser considerado galeguismo na zona leonesa, e o do resultado *farina*, que debe ser considerado leonesismo naqueles puntos en que, como en galego, desaparece o -N- de forma sistemática[93]. Estes fenómenos de alternancia e infiltración son caracterizadores da orixinalidade destas zonas de transición e escapan a explicacións estruturalistas.

Dentro destas solucións de compromiso temos a solución *-ielo* de -ĔLLUM, que afecta a dous fenómenos (Ĕ latino, -LL- latino) e aparece en Guímara e Pombriego. Por outra parte, áchanse tamén as solucións de compromiso nas laterais, na Fornela, mentres que nas nasais aparecen nunha zona compacta do Bierzo alto; mención á parte quere Pombriego, punto no que se presentan solucións de compromiso tanto nas laterais coma nas nasais: *galo, cabalo, ela, moler, doler, pano, ano, cabana, corazones, tener.*

É moi posible que as altemancias e solucións de compromiso se deban a unha histórica loita entre dialectos en contacto. De aceptarmos a proposta de Seco Orosa, a divisoria iría, na provincia de León, de Ancares, Fornela e Bierzo ao norte da Cabreira, desde Guímara a Benuza, e na provincia de Zamora retomaríase de novo entre Calabor e Rionor.

Nos últimos anos véñense realizando atlas comarcais ou autonómicos que inclúen puntos de enquisa no occidente galegófono de León e Zamora. Referímonos neste caso ao *Atlas lingüístico de El Bierzo* e mais ao *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Castilla y León*[94]. Sen dúbida contribuirían a aprofundar nun

---

[93] Estamos ante un posible préstamo, que parece ter un comportamento, unha pertinencia especial: estudados os puntos do Bierzo, obsérvase que nesta zona coincide o trazado da isoglosa correspondente a *fariña/farina* co da isoglosa de *aditongación/ditongación*. Segundo Seco Orosa, este feito parece querer revelar condicionantes extralingüísticos.

[94] Gutiérrez Tuñón, M. *et alii* (1996-) *Atlas Lingüístico de El Bierzo (ALBI)*. Vol. 1: *Léxico 1*, Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos; e M. Alvar (dir.) (1999): *Atlas Lingüístico de Castilla y León*. 3 vols. Valladolid.

maior e mellor coñecemento do galego do occidente leonés e zamorano se non fose porque os volumes publicados ata agora conteñen ás veces algúns datos de dubidosa fiabilidade[95].

### 4.3. Galego das Portelas e Calabor

O galego das Portelas está encadrado na denominada por Fernández Rei (1990: 159-160) "área zamorana" do Bloque Oriental das falas galegas. Participa da meirande parte dos trazos caracterizadores deste bloque. Delimítase esta área polo SNP Ø (*collí, partí, fice*) e polo pronome átono -o tras ditongo (*seio, lavouo, faio*), e caracterízase pola alternancia dos ditongos ou~oi (*noite, noute, despous, dois*); os plurais *verdais, peis, realidais*; a terminación -iño en *camiño, veciño*; e os pronomes suxeitos *nós* e *vós* con timbre etimolóxico pechado. Fernández Rei diferencia dúas subáreas, a de Porto e a da Mezquita-Lubián (esta cos pronomes *te* e *le* no canto de *che* e *lle*; e vogal temática è nos perfectos da primeira conxugación: *cantèste, cantèmos, cantèra, levèra*).

A fala de Calabor, que non foi enquisada para o *ALGa*, para Seco Orosa é indubidablemente galega (1997), pois presenta as características diferenciais do galego común fronte ao leonés e, concretamente, achamos nela uns trazos lingüísticos ben próximos da microsubárea Lubián-Hermisende (teísmo, inexistencia do -n nas P1 do SNP das CII e CIII: *sentí, collí, durmí, bebí* etc.). O primitivo sistema de distinción entre sibilantes xordas e sonoras está en retroceso e descomposición de igual maneira que ocorre en Hermisende, de maneira que hoxe en Calabor podemos dicir que non existen xa fonemas sonoros e si restos deles. Nun mesmo falante podemos rexistrar [ʃ]*ente* e [ʒ]*ente* pero o normal é a tendencia ao enxordecemento (quei[ʃ]o)

---

[95] No *ALB*, por exemplo, participaron como encuestadores algúns castelán-falantes con escasa cualificación en dialectoloxía ou en lingua galega. Isto ten o seu reflexo en que algúns resultados recollidos son de moi escasa credibilidade, sen ir máis lonxe nos graos de abertura ou pechazón dalgunhas vogais tónicas.

coa conservación lexicalizada e fosilizada de certos realizacións sonoras (eigrei[ʒ]a). Tamén debemos sinalar o resto de antigas sonoras que rexistramos en *codiña, onde, dode, trede, crudes, perdides* (sg. *cruz, perdiz*).

Calabor participa de todas as características do galego fronte ao leonés: aditongación (*porta, serra, volta, ben, neta, logo, tempo, vento, fonte, ponte, nova, fóra*); resultados de -N-[96] (*unha, boa, lúa, coello, ter, mañá, padriño, santiña, corazóns, pantalóns, home*) e de -NN- (*ano, pano*); resultados de -L-[97] (*moer, quente, pao, saír, ceo*) e de -LL- (*ela, portelo, cebola*); resultados do grupo -SJ- (*queixo*); e resultados de VENIO, TENIO (*veño, veña, teño, veña*).

Sobranceiro en Calabor é o adverbio de lugar *eichí~aichí* (alí) e o rexistro de formas femininas *mazán, mañán*, e de plurais *camións, capitáns, pantalóns*, de tipo occidental pero tamén presentes na veciña subárea oriental de transición Oímbra-Vilardevós e no lugar portelao veciño do Padornelo (Lubián).

O léxico empregado nas Portelas e Calabor é o mesmo que se emprega na súa comarca natural, As Frieiras. Podémolo comprobar na recollida exhaustiva do léxico popular frieirés que fixo Rodríguez González (2000) xunto coa recolla de léxico popular portelao de Hermisende que realizou o etnógrafo frieirés Rodríguez Cruz[98].

---

[96] Nas gravacións que consultamos (realizadas por Ana Belén Mourín, Daniel Barbero Patiño, Breixo de Santiago Pita e Marcos Marcote) achamos moitos resultados das terminacións -ANUM, -ANAM coa conservación do -N-: *mañana, chano, vrano, ermana, manzana…* alternando con *mañá~mañán, chao, ermá etc.* Dous terzos dos exemplos rexistrados conservan o -n-.

[97] No plural das palabras agudas rematadas en -l achamos solucións -les: *papeles, principales…* sen que teñamos ningún rexistro de caída do -l- (*papeis, principais*) como ocorre no galego oriental, concretamente na veciña área zamorana, e no galego do Val do Ellas. Sería o único caso de mantemento do -l- senón fose porque Fernández Rei (1990:65) opina que: *"a solución* animales, *máis que un castelanismo morfolóxico, ben pode deberse a unha evolución xerada polo propio galego, o mesmo que pasou no norte de Portugal, onde os* jornales, cordeles, funiles, faroles *(…) non se poden explicar por influxo do español cando o portugués padrón exerce a acción contraria ó ter solución* –ais, -eis, *etc."*

[98] X. Rodríguez González (2000): *Así falan na Gudiña.* Ourense: Deputación Provincial; J. Rodríguez Cruz (2007): *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende. Unha achega etnográfica e léxica para o estudo do idioma galego en áreas periféricas da nosa Comunidade.* Ourense: Deputación.

Ao igual que indicabamos para o Bierzo, temos que lamentar que nas recollidas de léxico feitas en Seabra non se xebrasen as formas por linguas ou non se indicase a procedencia xeográfica das voces, e así, a obra máis completa e recente de léxico xabrés mestura vocabulario galego, leonés e castelán[99] sen ningún tipo de advertencia ou información ao lector.

### 4.4. O "galego" do val do río Ellas

Falas do Val do río Ellas, de Xálima ou "dos Tres Lugaris" son as denominacións comúns que reciben valverdeiro, lagarteiro e mañego, falas iberromances occidentais de orixe galega usadas nos concellos de Valverde, As Ellas e San Martiño de Trebello, no noroeste de Cáceres. Estas falas constitúen un enclave rodeado polo oeste e suroeste por falas portuguesas beirás e polo norte, leste e sueste, por falas de Salamanca e Cáceres, falas castelás con numerosos leonesismos que revelan o primitivo romance substitutivo desta zona: o leonés meridional.

[99] J.D. Martín Álvarez (1999): *Diccionario de sanabrés*. Zamora. Por exemplo, dá como sinóminos de *cabella*: *palombela, palombiela, palombiella* e *palomilla*, ou *carambelo, carambiello* e *carámbano*, sen especificar onde recolleu cada forma ou a que lingua pertence cada forma, todo é "sanabrés". L. Cortés y Vázquez, en *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria* (Salamanca, 1976), inclúe un glosario final no que, de novo, volve mesturar voces leonesas e galegas sen discriminación nin indicación de procedencia.

Mapa 18. Os tres concellos do Ellas con situación dalgunhas aldeas ou lugarellos (O Soito, Val da Venda e O Carballal) e as ruínas de Interamnia ou Salvaleón, a primeira cidade fortificada do val, que obtivo foros de Fernando II. Tirado de www.cousas.tk, da autoría de Ramón Pais Pazos.

Se dicimos que o Val do Ellas hoxe é un enclave é porque as súas falas non son continuación natural das falas portuguesas veciñas, como quixo ver Leite de Vasconcellos e como afirman aprioristicamenten algúns reintegracionistas; foron continuación das falas occidentais veciñas cando Sabugal e Ribacoa pertencían ao reino de Galicia e León e usaban o mesmo tipo de fala, como se demostra no tipo de lingua empregada nos *Foros de Castelo Rodrigo* do século XIII.

As primeiras noticias escritas que temos sobre a existencia destas falas ofrécenolas Pascual Madoz[100], quen cualifica o mañego como "dialecto ininteligible, formado de palabras castellanas y portuguesas, todas adulteradas" e di do lagarteiro que "consiste en una mezcla de portugués, castellano antiguo y expresiones que sólo ellos comprenden".

Precisamente por ser unha fala galega ben distante xeograficamente de Galicia e estar acaroada ao dominio portugués, sempre fora catalogada polos investigadores como unha mestura de portugués e castelán "antiguo" ou leonés, ou unha variedade especial de portugués fronteirizo (agás Cintra (1959) que sempre afirmou a súa sorprendente e fundamental galeguidade lingüística), pero nos últimos anos ten habido vivas polémicas sobre a súa orixe e adscrición lingüística que provocaron un cambio na perspectiva tipolóxica e na consideración lingüística destas falas.

Canto ás orixes, a clásica investigación sobre *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo* realizada por Lindley Cintra (1959:535-536) non deixa dúbida ningunha sobre a liñaxe galega (e non portuguesa nin leonesa) desas variedades:

> *O **falar fundamentalmente galego**, mas com leonesismos, de Castelo Rodrigo e de Riba-Coa no séc. XIII, **o falar também essencialmente galego da região de Xalma**, outra coisa não são, segundo creio, do que falares destes núcleos de repovoadores galegos tão frequentemente recordados pela toponímia. O primeiro sucumbiu perante a invasão do português da Beira que acompanhou a anexação do território por Portugal, nos fins do próprio séc. XIII. Sorte paralela tiveram certamente muitos falares galegos, vivos no séc. XIII em outras colónias da mesma proveniência fixadas na Estremadura leonesa; um tipo de leonês oriental fortemente castelhanizado veio nelas a impor-se e a apagar a linguagem primitiva dos repovoadores.*

---

[100] Vid. Madoz, P. (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, XIV vols., Madrid, s.v. *San Martín de Trevejo* e s.v. *Eljas*.

E engade Cintra que só en condicións de especial illamento os falares destes repoboadores, ou algunha das súas características, puideron persistir, como de feito ocorreu no Val de Xálima:

> *Foi exactamente o que se produziu na região de Xalma, vizinha da Serra de Gata, durante muitos séculos uma das zonas mais isoladas de toda a Espanha. Morto Afonso IX, unida a coroa de Leão à de Castela na pessoa do seu filho Fernando III, esta região que o rei leonês começara a repovoar nos seus últimos anos foi pràticamente esquecida pelos seus sucessores.*

Cando Cintra escribía estas liñas, a actual zona de falar "essencialmente galego" de Cáceres tiña unha agricultura bastante desenvolvida baseada na cultura da oliveira, pero as comunicacións co resto de Cáceres e Salamanca ata había pouco eran moi limitadas e coa nación lusitana eran case inexistentes, pois "nenhuma estrada as une ainda hoje a Portugal".
Leite de Vasconcellos, pioneiro no estudio destes falares, non consideraba que puidesen ser galegos. Así o manifestaba Leite (1927: 258-9) nunha análise do mañego de San Martiño de Trebello:

> *É verdade que quem diz português, diz mais ou menos galego (neste caso: galego antigo); mas a Galiza fica muito afastada, para que exercesse aqui influencia; excepto se se quer supor que o territorio samartinhego foi nos primordios completamente colonizado por Galegos. Na verdade haveria* ***estranha coincidencia: estar tão perto o português, e ser preciso, para explicar o samartinhego, recorrer ao galego, tão distante****. Além d'isso não se encontra, ou, pelo menos, não encontrei eu, nenhum resquicio galego na linguagem de San Martin, por exemplo,* che, *que já se lê nas* Cántigas de Santa Maria *(século XIII).*

Uns anos despois de Leite, na introducción dun breve traballo tamén sobre o mañego Federico de Onís (1930: 63) consideraba que no Val de Xálima se falaba un "dialecto fundamentalmente portugués", mentres que nos lugares veciños cacereños se falaban variedades do leonés, especialmente do oriental:

*San Martín [de Trevello], así como Eljas, Villamiel y Trevejo (pueblos limítrofes pertenecientes también a la provincia de Cáceres) pertenecen sin embargo al obispado de Ciudad Rodrigo, y todos ellos, menos Eljas, pertenecieron a la provincia de Salamanca hasta el año 1834. No hay en estos pueblos uniformidad de lenguaje, ni la hay tampoco entre ellos y los pueblos colindantes de Salamanca, Cáceres y Portugal.* ***San Martín, Eljas y Valverde ofrecen la particularidad notable de hablar un dialecto fundamentalmente portugués****, mientras que Navasfrías, Payo, Acebo, Villamiel, Trevejo y demás pueblos circundantes hablan formas diversas del dialecto leonés, pertenecientes todas ellas a la región oriental de dicho dialecto, excepto El Payo que ofrece el fenómeno característico del leonés central de las terminaciones en* –es (les cases, tu cantabes, *etc.).*

Maia (1977: 97) non consideraba que os falares da "região de Xalma" fosen nin esencialmente portugueses nin esencialmente galegos, senón que constituían "um dialecto de tipo galego-portugués":

*Na extremidade ocidental da Serra de Gata, relativamente perto da fronteira com Portugal, nas povoações de Valverde del Fresno, Eljas e San Martin de Trevejo, vive um* ***dialecto de tipo galego-português, caracterizado também pela presença de alguns traços tipicamente leoneses****. São profundas as semelhanzas entre o dialecto de cada uma das três povoações —trata-se, de facto, do mesmo dialecto—, embora se possam notar particularidades distintas de uma para outra: a pesar da pequena distância que as separa, conserva-se em cada uma das povoações diferentes graus de evolução fonética. Em geral, é nas Elhas que se encontra a mais antiga fase da evolução; em Valverde del Fresno encontra-se representada a etapa da evolução mais moderna; San Martin de Trevejo ocupa uma posição intermédia entre as duas.*

O forte illamento da rexión de Xálima explicaría para Maia o mantemento dese "arcaico dialecto galego-portugués" (1977: 101):

*Contudo, até época bastante recente, toda a região de Xalma esteve mergulhada no mais profundo isolamento. É, aliás, esse isolamento em*

*que, durante séculos, viveu a região que ajuda a explicar a conservação até aos nossos dias do arcaico dialecto galego-português.*

Viudas Camarasa (1982), nun traballo sobre a fala mañega, a mesma que estudiaran Leite e Onís, comeza dicindo que intentará "*demostrar que el habla de San Martín de Trevejo es un dialecto de transición que se caracteriza por tener rasgos comunes con el gallego-portugués y con el antiguo ástur-leonés, y especialmente con el occidental*". Baséabase para iso na análise do conto en mañego *Cuadro de Costumbres* de José López Vidal, publicado en 1910 na *Revista de Extremadura.*

De entre os traballos e investigacións realizados sobre estas falas nos últimos dez anos, que versaron principalmente sobre descrición lingüística, sociolingüística e intentos de clasificación tipolóxica, son de destacar os estudos de Gargallo Gil (1994, 1995, 1996, 1999, 2000a, 2001, 2007 e 2009), Carrasco González (1996, 1997 e 2000), Frías Conde (1997 e 1999) e as nosas (1992b, 1996, 1998, 1999b, 1999c, 2000b, 2001, 2004 e 2007b).

Frías Conde (1997:248-252) nunha nova proposta de clasificación do galego en cinco bloques dialectais (occidental, central, oriental, raiano e meridional), no que el chama "Bloque meridional" inclúe dúas áreas, a zamorana de Calabor (calaborés) e a área estremeña que comprende o valverdeiro, o lagarteiro e o mañego. Tendo en conta doce criterios fonéticos e morfolóxicos, Frías Conde non dubida en agrupar estas falas do Ellas ou Xálima co galego moderno, malia as lóxicas semellanzas co portugués:

*Un segundo punto é a discusión de se o que aquí vimos chamando galego estremeño é tal ou hai que se contentar con nos referir a el coma o dialecto galego-portugués de Cáceres. Nós* ***inclinámonos por incluílo dentro do galego, mellor ca do portugués,*** *aínda que as semellanzas con este último (e o seu achegamento xeográfico) son inmensas. Alén diso, este galego estremeño ten formas moi de seu que non se atopan en ningún dos dous codialectos que forman o dominio galego-portugués. Tampouco non hai dúbida de que os falares de*

*Alamedilla (Salamanca), a zona de Herrera de Alcántara (Cáceres) e mais Olivenza (Badallouce) son portugueses.*

Pola nosa banda, nun traballo posterior (1999c:88), reafirmámonos unha vez máis na "galeguidade" da lingua do Val do Ellas: "*galeguidade por orixe e galeguidade de as compararmos cos resultados actuais das variedades galegas do sueste do noso dominio lingüístico*", opinión que seguimos mantendo a día de hoxe, e aínda con máis datos científicos que a alicerzan.

Para Carrasco González (1996:135-136) a orixe galaico-portuguesa medieval destas falas, así coma os seus contactos lingüísticos co leonés e co castelán meridional "*han conformado un grupo dialectal perfectamente diferenciado y definido que en nada tiene que ver con el portugués moderno hablado al otro lado de la frontera ni con el resto de hablas fronterizas extremeñas*". Para este autor estas falas son unha póla á parte dentro do galego-portugués, a terceira póla da familia (1996:40).

Estándomos de acordo con Carrasco González, cando asegura de que estas falas non poden ser "galego" en sentido estrito, consideradas ao mesmo nivel cás outras falas dialectais galegas, debido principalmente ás evolucións particulares sufridas ao longo de oitocentos anos de separación, deberemos todos concordar que valverdeiro, lagarteiro e mañego son a terceira póla do diasistema galego-portugués, pero unha póla que arrinca desde o antigo galego sen (apenas) intervención das falas portuguesas.

Carrasco González (1996:140) repite a idea de que os falares da rexión de Xálima non son variedades do portugués, senón unha terceira póla do medieval galaico-portugués:

> *Creo que queda claro que no podemos considerar a este grupo dialectal del Valle de Jálama como una mera variante del portugués, sino como un dialecto que ha evolucionado autónomamente a partir del tronco común medieval galaico-portugués que daría origen, a partir del siglo XIV, al gallego por un lado y al portugués por otro. En cierta medida se trata de una tercera rama: la rama extremeña de la fértil familia lingüística que se extiende por el extremo occidental de la península.*

Da medieval lingua *abstand* galaico-portuguesa (que os portugueses denominan galego-portugués e os galegos preferimos denominar galego ou galego antigo, termos estes que parecen máis axeitados xa que o galego se orixinou no territorio da antiga Gallaecia) proceden dúas modernas linguas *ausbau*: a galega e a portuguesa[101]. Cun cultivo literario ininterrompido desde a Idade Media, o portugués é actualmente unha lingua policéntrica, con dous centros lingüísticos interdependentes (o europeo e o brasileiro). A lingua galega, despois de se interromper o seu cultivo no séc. XV, reemerxeu a comezos do séc. XIX, e desde mediados do séc. XX está nun proceso de elaboración como lingua románica autónoma verbo da *ausbau* portuguesa.

Da lingua *abstand* galaico-portuguesa provén esta terceira ponla, a do grupo dialectal formado polo valverdeiro, o lagarteiro e o mañego, que a pesar das diferenzas entre eles constitúen tres variedades dun mesmo "dialecto", que conta cunha elaboración incipientísima: o conto costumista de López Vidal de 1910, os contos populares en mañego e os sainetes valverdeiros de López Lajas dos anos 1930-1950, os diversos traballos de investigación e contribucións líricas de Domingos Frades Gaspar e de Severino López Fernández nas décadas 1970-1990, os artigos de autores varios en revistas recentes (*Agatae, A Fala* etc.) e pouco máis.

---

[101] O concepto *abstand* ou *distancia* é lingüístico e equivale á noción de lingua como diasistema; con el faise referencia ás características lingüísticas internas de calquera variedade. O concepto *ausbau* ou *elaboración* é, fundamentalmente, sociolingüístico e refírese ao compoñente non natural dunha lingua, ao proceso de elaboración e de cultivo consciente que nunha sociedade se fai dunha variedade lingüística. Sobre estes conceptos vid. Muljačić, Ž. (1986): "L'enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)", en *Langages*, nº 83, pp 63-83.




Resumamos as catalogacións destas falas feita polos autores que polo de agora se ocuparon delas:

a) Variedade portuguesa: Fritz Krüger, Oskar Fink, José Leite de Vasconcellos, Alonso Zamora Vicente, José Luís Martín Galindo.
b) Variedade galego-portuguesa ou terceira póla do galego-portugués: Clarinda de Azevedo Maia, José Enrique Gargallo Gil e Juan Carrasco González.
c) Variedade de transición entre o galego-portugués e o ástur-leonés: Antonio Viudas Camarasa.
d) Variedade ástur-leonés: José Luís Martín Durán.
e) Variedade galega ou fundamentalmente galega: Luís Filipe Lindley Cintra, X. Henrique Costas, F. Fernández Rei e Xavier Frías Conde.

As falas do Val do Ellas figuraron historicamente dentro do ámbito lingüístico portugués porque os estudos sobre dialectoloxía galega eran relativamente recentes, de maneira que ata hai poucos anos non se puideron analizar estas falas á luz da diversidade dialectal galega. Ao compararmos os seus trazos sobranceiros e comprobarmos a presenza destes en áreas marxinais do galego moderno chegamos á conclusión de que estas falas representan sorprendentemente unha maqueta de moitos fenómenos dialectais, fonéticos, morfolóxicos e léxicos, esparexidos e amplificados polo noso dominio lingüístico actual.

Para abandonarmos de vez impresionismos e sentimentalismos, quixemos medir estruturalmente a distancia e proximidade entre as falas do Val do Ellas e o común das outras linguas románicas, principalmente por vermos o grao de coincidencia coas falas galegas, coas portuguesas, coas asturleonesas e mais coas castelás. Para isto botamos man dun

método dialectométrico. Das propostas de clasificacións[102] tipolóxico-estatísticas empregadas ata agora para delimitar as diversas linguas romances, utilizamos preferentemente a establecida para as linguas iberorromances no *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (VI/1, 1992: 1-36), pois na nosa opinión é a máis completa e a máis axeitada para medir estruturalmente (ibero)romances.

Unha vez aplicados os corenta e tres ítems anteriores, e tomándomos como punto de partida os resultados do portugués (a) e vendo como as outras linguas iberorrománicas poden concordar total ou parcialmente (a, a') ou discordar nos resultados (b e c), as porcentaxes de coincidencias fonético-fonolóxicas e morfosintácticas entre as diferentes linguas iberorrománicas e as falas do Ellas foron:

| | GALEGO | V.ELLAS | ASTUR. | CASTELÁN | ARAGONÉS | CATALÁN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PORT | **74 %** | **60 %** | 38 % | 34 % | 34 % | 25 % |
| | GALEGO | **81 %** | 59 % | 47 % | 45 % | 34 % |
| | | V.ELLAS | **63 %** | 59 % | 51 % | 33 % |
| | | | ASTUR. | 79 % | 70 % | 33 % |
| | | | | CASTELÁN | 80 % | 45 % |
| | | | | | ARAGONÉS | 61 % |

**Cadro 4.** Coincidencias entre as diferentes linguas románicas.

Xa que logo, as falas do Ellas concordan nun 81 % co galego, nun 63 % co ástur-leonés e nun 60 % co portugués tomándomos

---

[102] Vid. Muljačić, Ž. (1967): "Die klassifikation der Romanischen sprachen", en *Romanistisches Jahrbuch* XVIII, 23-65 [toma como referencia corenta trazos fonéticos, fonolóxicos e morfolóxicos, tanto diacrónicos coma sincrónicos]; Pellegrini, G.B. (1970): "Classificazione lingue romanze e dialetti italiani", en *Forum Italicum* 4, 239-268 [con base no "metro" de Muljačić tentou medir comparativamente a "enorme" distancia entre o italiano estándar e os "dialectos" itálicos: lucano, calabrés etc.]; Iliescu, M. (1969): "Ressemblances et dissemblances entre les langues romanes", en *Revue de Linguistique Romane* 33, 113-132; e Ternes, E. (1976): "Phonemsysteme und ihre bedeutung für die klassifikation der romanischen Sprachen", en *Romanistischen Jahrbuch* XXVII, 190-195. Sörés, A. (1989): "Esquisse d'une typologie synchronique des langues romanes", en *Revue de Linguistique Romane* 55, 5-26.

como referencia estes 43 trazos fonético-fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos básicos; se a estes lles engadísemos unha batería de trazos lexicais, veriamos como a aproximación ás falas galegas e portuguesas sería moito maior, sobre todo ás falas galegas centro e surorientais.

Se agora retomamos o visto en cadros anteriores e lle amecemos este último cadro, comprobamos como se pon de manifesto que as falas do Val do Río Ellas pertencen ao conxunto do iberorromance occidental ou galego-portugués e, dentro deste tronco, presentan maiores semellanzas estructurais co conxunto das falas galegas. Cómpre tamén salientar a proximidade que presentan co ástur-leonés, pois non esquezamos que colonos desta lingua estaban mesturados entre a maioría de colonos galegos que repoboaron estas comarcas no século XIII, como ben nos indicou Lindley Cintra ao estudar a lingua dos *Foros de Castelo Rodrigo* e, ademais, ata hai aproximadamente un século, estas falas estiveron en contacto con falas de tipo leonés meridional que se empregaron no suroeste de Salamanca e noroeste de Cáceres[103].

Para Carrasco González (2009:243) o método dialectométrico adoptado por nós para esta medición non é fiable para o caso das falas do Ellas, pois foi pensado para linguas iberorrománicas e non para variedades máis próximas. Segundo Carrasco, se as falas do Ellas son galego-portuguesas é imposible que teñan unha maior proximidade do asturleonés (63 %) ca do portugués (60 %) e propón corrixir esta distorsión cunha máis ampla batería de ítems fonético-fonolóxicos e morfosintácticos.

---

[103] No lugar de El Payo (Salamanca), limítrofe con S.Martiño de Trebello e coas Ellas polo norte, falouse asturleonés central ata principios do século XX. O descubrimento de wolfram e a apertura de minas fixo que chegasen ao lugar centos de persoas doutras procedencias e desaparecese a lingua diluída no castelán. Hoxe só quedan algúns restos léxicos e algunha expresión fosilizados. Pasa exactamente igual ao que aconteceu no concello zamorano de Requeixo, entre Lubián e Hermisende e Calabor. A desaparición da fala en Requeixo a comezos do XX fixo que hoxe Calabor sexa un enclave, unha illa, e non continuación do territorio de lingua galega. Moito resto léxico e toda a microtoponimia revelan que Requeixo foi ata hai un século de fala galega.

Nunha simulación primeira, aumentamos os items ata os 100, engadimos 50 items léxicos (do léxico máis frecuente dos campos semánticos máis simples e naturais: partes do corpo, accidentes xeográficos, flora e fauna, a casa, ferramentas etc.), ponderamos por frecuencia de aparición de fenómenos lingüísticos e os resultados non varían excesivamente do establecido máis arriba: as falas do Ellas presentan un 80 % de coincidencia co galego e arredor dun 65 % de coincidencia tanto co portugués (neste caso tomado como referencia o veciño portugués beirao) coma co asturleonés occidental meridional.

Tipoloxicamente, pois, as falas do Val do Río Ellas non poden ser senón unha póla do antigo galego que xermolou en terras de repoboación e perviviu ata os nosos días; unha póla interferida en época antiga horizontalmente por leonesismos e na actualidade verticalmente por castelanismos, fundamentalmente léxicos. Cumpriría aplicarlles un cuestionario léxico como o empregado para o *ALGa* (uns 1.300 ítems) para verificarmos así os indicios máis que evidentes de galeguidade histórica e lingüística, así como tamén os métodos máis avanzados da dialectoloxía cuantitativa ou dialectometría para compararmos os resultados deste val cos que presentan as veciñas falas portuguesas e castelás aleonesadas.

*4.4.1. Trazos comúns co galego (e co portugués)*

1.a) Non ditongación do Ĕ e Ŏ breves tónicos latinos: como xa indicara Onís, isto é abondo como para non considerarmos esta fala nin como ástur-leonesa nin como castelá: *sempres, aberto, quero, dente, venres, mércoles, vento, pé, herba, inverno, egua, fogo, morte, xoves, corpo, ollo, coiro, sogro, ponte, volta, home*[104] etc.

---

[104] Aínda que a pronuncia dos -e e -o átonos finais sexa sempre [-i] e [-u], como ocorre parcialmente en portugués do Brasil, portugués continental e –segundo os contextos– tamén en galego, preferimos grafar as formas valegas segundo a tradición gráfica do galego e do portugués, e así escribiremos *sempres, aberto, quero, dente, venres, mércoles, vento, inverno, fogo, morte, xoves, corpo, ollo, coiro, sogro, ponte, home*... e non *sempris, abertu, queru, denti, venris, mérculis, ventu, invelnu, fogu, morti, xovis, corpu, ollu, coiru, sogru, ponti* ou *homi*.

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUG. | ÁSTUR-LEON. | CASTELÁN |
|---|---|---|---|---|---|
| PORTA | porta | porta | porta | puerta | puerta |
| NOSTRA | nosa | nosa | nossa | nuesa~nuestra | nuestra |
| BONA | boa | boa | boa | buena | buena |
| FORTE | forte | forti | forte | fuerte | fuerte |
| OVU | ovo | ovo | ovo | güevu~güivu | huevo |
| TEMPU | tempo | tempo | tempo | tiempu | tiempo |
| GENERU | xenro | xenro | genro | xienru | yerno |
| CASTELLU | castelo | castelo | castelo | castieyu | castillo |
| PETIA | peza | peza | peça | pieza | pieza |
| VEC'LU | vello | vello | velho | vieyu | viejo |

**Cadro 5.** Non ditongación dos Ĕ, Ŏ, latinos nas falas do Ellas.

En contra do afirmado por Leite, non existen nestas falas fonemas vocálicos nasais, como tampouco existen fonemas vocálicos de grao medio aberto, /ɔ//ɛ/, aínda que poidamos rexistrar esporadicamente algunhas realizacións abertas. Isto último supón unha ruptura co vocalismo galego e portugués e pode inducir a pensar inmediatamente na influencia do castelán, pois o vocalismo tónico das falas do Ellas coincide así co do castelán aínda que non presente ditongación.

| Tónico | Átono | Átono final | |
|---|---|---|---|
| /i/ /u/<br>/e/ /o/<br>/ɛ/ /ɔ/<br>/a/ | /i/ /u/<br>/e/ /o/<br>/a/ | <i/e> <u/o><br>/a/ | GALEGO COMÚN |
| ➔ ➔ ➔<br>VAL DO ELLAS | /i/ /u/<br>/e/ /o/<br>/a/ | <i/e> <u/o><br>/a/ | /i/ /u/<br>/a/ |
| | Tónico | Átono | Átono final |

**Cadro 6.** Cadros vocálicos tónico e átonos das falas do Ellas.

---

O mesmo faremos para a sistemática pronuncia do -r implosivo, sobre todo o implosivo final de palabra, como [-l]; deste xeito, grafaremos *amor, cantar, fedor, ferrador, señor* etc., e non *amol, cantal, fedol, ferradol, señol,* porque, entre outras cousas os plurais son *amores, cantares fedores, ferradores, señores,* co que queda demostrado que se trata dun fenómeno puramente fonético.

De todos os xeitos, e aínda que tivésemos sospeitas da interferencia do castelán, deberiamos reparar en dous feitos: a) poderiamos pensar nun corremento estrutural cara á simplificación do sistema, reparemos en que o cadro vocálico tónico do Ellas coincide co cadro átono galego e o átono do Ellas coincide co átono final galego; b) o catalán rosellonés do suroeste de Francia tamén presenta o mesmo cadro vocálico tónico con cinco elementos (fronte ao cadro con sete elementos co catalán común) e non por iso pensamos inmediatamente en castelanismo ningún[105]. Dado o peculiar sistema vocálico tónico e átono que presentan as falas do val[106], deberíase estudar en conxunto e a fondo por se se puidese tratar dunha evolución propia ou, pola contra, dunha evolución condicionada ou desencadeada polo castelán.

1.b) Presenza dos ditongos decrecentes **oi, ei**: característica de seu dos romances galego, portugués e do ástur-leonés na súa variedade occidental. Os ditongos **ou, eu**, do galego e portugués evolucionaron nas falas do val do Ellas a **oi** e **ei**, respectivamente. O primeiro paso, o de **ou** > **oi** é parcialmente coñecido polo portugués[107], por algúns falares do asturiano central (Quirós) e polo galego das Portelas[108], pero nunca da

---

[105] Vid. Veny, J. (1979): "Sobre els castellanismes del rossellonès", en *Hommage à Jean Séguy*, vol. II, Toulouse, pp. 401-438; e Veny, J. (1984): *Estudis de geolingüística catalana*. Barcelona: Edicions 62.

[106] As falas do val presentan un vocalismo tónico de cinco fonemas con tres graos de abertura /i, e, a, o, u/, e no vocalismo átono só un fonema e dous arquifonemas: /E/,/a/,/O/, sendo os arquifonemas /E/ e /O/ os resultados das neutralizacións de <i/e> e <u/o> respectivamente. De feito, en posición átona final as realizacións maioritarias son [i] e [u].

[107] Vid. por exemplo Borges, J.A. (2000): *Linguagem popular do concelho de Figueira de Castelo Rodrigo*. Póvoa do Varzim: ed. do autor, onde se recollen formas toponímicas como *Loiça, Soito, Moiro, Moita* ao lado doutras como *Couto, Touro, Mourão, Courelas* ou *Bouças*.

[108] Esporadicamente, no galego común temos alternancias asistemáticas ou-oi-ei en *oitro-outro, outeiro-eiteiro, teupa-teipa, noute-noite etc.* (Vid. *Atlas Lingüístico Galego*, vol. III. *Fonética (1999)*, mapas 45, 46, 342 e 41. Nalgún punto do galego arraiano como Porto das Portelas é sistemático o ditongo *oi* onde o esperable sería o *ou* do galego común, así: *a foi, o coi* (*a fouce, o couce*). No galego

maneira sistemática que se dá nestas falas. Todos os autores que estudaron a monotongación de [ow] > [o] en portugués e ástur-leonés coincidiron en sinalar que a pasaxe [ow] > [oj] debeu ser unha reacción contra a monotongación meridional (oriental en ástur-leonés) -que de feito acontece nalgunhas formas destas falas: *ela cantó, ei estó, ela dó, popa* etc. Supomos que analoxicamente tamén o ditongo **eu** evolucionaría a *ei*, rexistrándomos do mesmo xeito casos de monotongación: *ei he, ei cantaré, ei fairé, vega* etc. É interesante constatarmos que estas monotongacións, sobre todo nas formas verbais, xa se rexistran no século XIII na lingua dos *Foros de Castelo Rodrigo*. Vexamos algúns exemplos destes ditongos:

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUGUÉS | ÁSTUR-LEON. | CASTELÁN |
|---|---|---|---|---|---|
| TAURU | touro | toiro | touro ~ toiru | toru | toro |
| PAUCU | pouco | poico | pouco | pocu ~ pucu | poco |
| SALTU | souto | soito | souto | sotu | soto |
| CALCE | couce | coice | couze | coz | coz |
| RAUPA | roupa | roipa | roupa | ropa | ropa |
| EGO | eu | ei | eu | you | yo |
| MEU | meu | mei | meu | miou | mi |
| BEBIT | bebeu | bebei | bebeu | bebió | bebió |

**Cadro 7.** Orixe dos ditongos oi, ei, nas falas do Ellas.

1.c) Conservación do F- inicial latino: esta característica é común a galego, portugués e asturiano occidental e central, mentres que non se conserva o F- en asturiano oriental e castelán. Deste xeito, nesta fala son normais formas como *faba, febra, fel, ferir, fermosa, ferro, fio, fiar, figao, figo, fillo/a, fogo, foice, folgazón, fome, fonte, forca, forno, forte, fucico~fudico, fumo, furmiga, fuso, fuxir* etc.

---

medieval (se non se trata de erros de lectura dos editores) tamén se rexistran formas como *oitubre, tesoiro, ei* etc. (Vid. o índice de formas en Azevedo Maia 1988).

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUG | ASTUR. | CAST. |
|---|---|---|---|---|---|
| FILICTU | fento~fieito~felgo | fieito~fito | feto | felechu~jelechu | helecho |
| FARINA | fariña~faría | fariña | farinha | farina ~ jarina | harina |
| FOLIA | folla | folla | folha | fueya ~jueya | hoja |
| FACERE | facer~faguer~faer~fer | fer ~ ficer | fazer | facer ~ jacer | hacer |

**Cadro 8.** O F- inicial latino.

1.d.) Caída do -L- intervocálico latino: este fenómeno afecta na península ibérica unicamente ás falas da familia galego-portuguesa: *animais, candís, papeis, currais, fiar, mao/má, mó, mu/múa, muíño, pau, quente, seida* (saída), *soer* etc. Unha diferenza importante con respecto ao asturiano é a non palatalización do L- inicial en galego, así como a reducción da xeminada -LL- >-l- en galego e a súa palatalización en asturiano e castelán: *leite, levar, lobo, laixa... aquela, morcela, argola, castelo...*

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUG | ASTURIANO | CASTELÁN |
|---|---|---|---|---|---|
| CABALLU | cabalo | cabalo | cavalo | cabayu~cabatsu | caballo |
| MARTELLU | martelo | martelo | martelo | martieyu~martietsu | martillo |
| LACTE | leite | leite | leite | lleite~tseite~lleche | leche |
| LIGNA | leña | leña | lenha | lleña ~ tseña | leña |
| TELA | tea | tea | teia | tela | tela |
| DOLERE | doer | doer | doer | doler | doler |
| CAELU | ceo | ceu | céu | cielu | cielo |
| FOLIOLA | filloa | folló | filhó | fiyuela | hojuela |
| MOLERE | moer | moer | moer | moler | moler |
| SALIRE | saír | sér | sair | salir | salir |

**Cadro 8.** Resultados de L-, -L- e -LL-.

1.e) Caída do -N- intervocálico latino: outro dos trazos sobranceiros das falas galego-portuguesas fronte aos outros iberorromances: *atró* (trono), *bo/boa, cadea, colmea, ducia~udia, moea, persoa, soar* etc. Do mesmo xeito que viamos no apartado anterior, o N- inicial latino non palatalizou coma no asturiano, como tampouco o fixo o -NN-, xeminada que en galego se simplificou en -n-: *ano, cabana, pano...*

Este fenómeno é especialmente importante á hora de establecermos algunhas diferencias entre galego e portugués. Imos ver algúns casos especiais e comprobar asemade como o valego coincide co galego afastándose do portugués.

- Resultados de UNA: No galego común e no valego é *unha*, con nasal velar [ŋ], cos seus compostos *algunha* e *ningunha* (*niñunha* en falas baixomiñotas[109] e *diñunha* en valego), en portugués é *uma*, con nasal bilabial [m][110]. Rexistramos tamén, coma en falas galegas, o masculino plural *unhos* á par de *uns*, este último só en valverdeiro.
- Resultados das terminacións latinas -ANUM, -ANAM: achamos neste val a solución do galego occidental: *verán, miñán~mañán, manzán, ventán, lan, ran, chan, serán* etc., cos plurais correspondentes segundo sexan en valverdeiro (*veráns, miñáns, lans, rans, seráns* etc.) ou en mañego e lagarteiro (*verás, mañás, chas, ventás, serás* etc.).
- Resultados da terminación latina -MINE(M): *nome, fome, home, lume, enxame, chorume, imaxe* etc., máis próximas do galego.
- Resultados das terminacións latinas -INUM, -INAM: rexistramos as solucións comúns con galego e portugués: *viciño/viciña~ vidiño/vidiña, camiño, galiña, sobriño, padriño, figueiriña* etc.
- Plurais das palabras oxítonas rematadas en -n: existen no val as mesmas solucións que teñen lugar no galego occidental e no central, é decer:
  a) *cancións, corazóns, ladróns, razóns* etc., en valverdeiro.
  b) *canciós, corazós, radós, lairós* (en mañego) e *ladrós* (en lagarteiro).

---

[109] Vid. Fernández Rei (1990).

[110] Produto dunha falsa lectura, exemplo típico de como a escrita pode condicionar e/ou modificar a fala. En galego(portugués) antigo o feminino de *ũ-un-um* (pronunciado [ũ]) era *ũa* (pronunciado [ũa]). O galego desenvolveu nasalidades dando lugar a *un* [ũŋ] e *unha* ['ũŋa] (ou *úa,* ['ua] con desnasalización, no Eo-Navia e parte do Bierzo). En portugués sobre a grafía *um* ([ũ]) regularizouse unha forma gráfica feminina analóxica *uma* que acabou eliminando a pronuncia [ũa] para dar lugar á pronuncia artificial ['uma] forzada pola escrita.

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUG. | ASTUR. | CASTELÁN |
|---|---|---|---|---|---|
| CAPANNA | cabana | cabana | cabana | cabaña | cabaña |
| ANNU | ano | ano | ano | añu | año |
| NEBULA | néboa~nebra | nebra | névoa | ñebla | niebla |
| VENIRE | vir | vir | vir | venir | venir |
| CATENA | cadea | cadea | cadeia | cadena | cadena |
| UNA | unha (~ úa) | unha | uma | una | una |
| RANA | ran ~ ra | ran | rã | rana | rana |
| MANU | man ~ mao ~ ma (~mou) | man | mão | manu | mano |
| CAMINU | camiño (camín) | camiño | caminho | camín | camino |
| RATIONES | razóns ~ razós~razois | razóns ~ radós | razões | razones | razones |

**Cadro 9.** Resultados de N-, -N- e -NN-.

1.f) Resultados dos grupos latinos -K'L-, -G'L-, -LY-: coinciden totalmente coas solucións da maioría dos iberorromances[111] agás o castelán:

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUG. | ASTUR. | CASTELÁN |
|---|---|---|---|---|---|
| SPEC'LU | espello | espello | espelho | espeyu | espejo |
| APIC'LA | abella | abella | abelha | abeya | abeja |
| TEG'LA | tella | tella | telha | teya | teja |
| REG'LA | rella | rella | relha | reya | reja |
| PALEA | palla | palla | palha | paya | paja |
| MULIERE | muller | muller | mulher | muyer | mujer |

**Cadro 10.** Resultados de -K'L-, -G'L- e -LY-.

1.g) Resultados dos grupos latinos -ULT-, -UCT- e -OCT-: coinciden a grandes trazos coas solucións galegas e portuguesas pero especificamente con algunhas variedades do galego oriental do sur.

---

[111] Maia (1977: 207) recolleu tamén formas con ieísmo: *fornaia* en Valverde, *miol* "mellor" en San Martín e *muiel* "muller" nas Ellas. Segundo Gargallo (1999: 31), o "yeísmo" nas xeracións máis novas está totalmente arraigado (*fillu* > *fiyu*, *folla* > *foya*).

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTU | ASTUR. | CASTEL. |
|---|---|---|---|---|---|
| MULTU | moito~muito~ muto~mutio | muto | muito | munchu | mucho |
| CULTELLU | coitelo~cuitelo ~cutelo~cutielo | cutelo | cutelo | cuchiellu~ cutsiellu | cuchillo |
| LUCTA | loita~luita~luta (~lutia) | luta(~loita) | luta | lucha | lucha |
| TRUCTA | troita~truita~truta(~trutia) | truta | truta | trucha~trutsa | trucha |
| NOCTE | noite ~ nuite | noite | noite | nueche~nuetse | noche |
| OCTO | oito ~ uito | oito | oito | ocho | ocho |

**Cadro 11.** Resultados de -ULT-, -UCT- e -OCT-.

1.h) Resultados do grupos latino -CT-: coinciden cos que se rexistran en galego, portugués e asturiano occidental, é decer, vocalización do primeiro elemento: *feito, leite, leituga, direito, teito, peito* etc.

1.i) Existencia do fonema fricativo interdental xordo /θ/ coma no galego común ou thetaísta, no asturiano e no castelán setentrional, cunha particularidade: no valverdeiro non existen fonemas sibilantes sonoros, e nas outras dúas variedades aínda se rexistran realizacións sonoras (ca[ʒ]a, i[ʒ]enti, i[ʒ]ovis, lon[dʒ]i etc.) pero sen existiren pares opositivos en función do trazo xordo/sonoro. Do par de interdentais existentes nalgunha época en mañego e lagarteiro (/θ/-/ð/), o sonoro evolucionou ata confluír coas realizacións do fonema oclusivo dental sonoro /d/, de maneira que hoxe rexistramos *adeite, dagal, coder, codiña, redar, onde, dode, trede, catorde, quinde, certeda, natureda, vidiño* etc., á par de *moza, marzo, praza, morcela, coice, foice, cear, centeo, cinco, pece* etc., nas variantes mañega e lagarteira[112]. En valverdeiro, ao igual ca no galego común thetaísta, todo isto é pronunciado con

[112] Na fala xabresa galega de Calabor pronúnciase *a[ð]eite, co[ð]er, on[ð]e, do[ð]e, tre[ð]e, cator[ð]e, ve[ð]iño, co[ð]iña,* con fricativa interdental sonora (semellante á pronuncia que se grafa en inglés co dígrafo *th*), pero *mo[θ]a, mar[θ]o, [θ]inco, [θ]enteo* con fricativa interdental xorda. É decer, ao igual que ocorre nalgúns puntos da Limia galega próxima a Portugal, mantense a oposición xorda/sonora do antigo par de fonemas predorsodentais pero agora xa interdentalizados. Sería raro pensarmos en influencia do castelán para esta interdentalización pois, de afectar a castelanización, primeiro incidiría na perda da sonoridade.

[θ][113]: *aceite, zagal, cocer, cociña*[114], *rezar, once, doce, trece, catorce, quince, certeza, natureza, viciño, moza, marzo, praza, morcela, coice, foice, cear, centeo, cinco, pece* etc.

Outros fenómenos propios dos falares de Xálima son caracterizadores das falas galegas e do portugués setentrional, particularmente do trasmontano, fronte ao portugués estándar e as falas centro-meridionais portuguesas de tipo beirao).

1.l) Inexistencia do fonema labiodental sonoro /v/: ao igual ca no galego e nas falas miñotas e trasmontanas portuguesas e contrariamente ao que ocorre na maioría das falas portuguesas veciñas ao val.

1.ll) Evolución de PL-, FL-, CL- latinos a /tʃ/, ao igual có asturiano occidental, mentres que nas falas portuguesas veciñas deron /ʃ/ e nas castelás /ʎ/: *chorar, chumbá* (ballón), *chuva, charavella, chaga, chorar, choca, chocallo, chorume, chan, cheo, encher, cheirar, chover, fechar* etc.

| ÉTIMO | GALEGO | VALEGO | PORTUG | ASTUR. | CASTEL. |
|---|---|---|---|---|---|
| CLAVE | chave | chave | chave | tsave ~llave | llave |
| CLAMAT | chama | chama | chama | tsama~llama | llama |
| PLENA | chea | chea | cheia | tsena ~ llena | llena |
| PLICAT | chega | chega | chega | tsega ~ llega | llega |
| FLAMMA | chama | chama | chama | tsama~llama | llama |

**Cadro 12.** Resultados de CL-, PL- e FL-.

1.m) Terminacións **-eo** [-ew], **-ea**: Estas falas presentan a terminación **-eo, -ea**: *centeo, cheo, cea, vea, chea, allea, idea, aldea, cadea, colmea, avea* etc., e non coa introdución do [j] epentético ou

---

[113] Unha aproximación ás sibilantes do Ellas podémola achar en Costas (1992b: 95-98), e estudos máis en detalle en Costas (1998 e 1999a).

[114] É un falso amigo: *cociña* nas falas do Ellas é o *cocido* galego, mentres que a *cociña* galega (lugar da casa onde se elaboran as comidas e se come) nas falas do Ellas é o *fogar* (pronunciado *fugal*).

antihiático que ten lugar en portugués[115] e asistematicamente nalgunhas falas galegas centro-orientais, acaroándose deste xeito as falas valegas ao común e maioritario das falas galegas.

1.n) Terminación *-o* [u] na P3 dos perfectos fortes (*disso/dixo; fido/fizo* "fixo"; *pujo/puso* "puxo"; *quijo/quisso* "quixo")[116]; radical *fag-* de formas verbais como *fago faga, fagas*[117]; a forma impersoal *hai* de *haber*[118]; radical *viñ-* no tema de perfecto de *vir* (*viñe, viñestes, viño... viñera...*)[119]; radical *oiv-* no presente de *oivir* (*oivu, oiva, oivas*); verbos *trer* e *fer* coma no galego de Asturias.

Ademais do visto ata agora, existen algúns outros fenómenos da rexión de Xálima ou Val do Ellas que son propios do galego fronte ao portugués, incluídos os falares setentrionais. Por exemplo, algúns autores rexistraron pronuncias asistemáticas con gheada: en principio podemos afirmar que a realización intervocálica maioritaria do /g/ é fricativa uvular sonora [ʁ], semellante á que se rexistra na comarca de Valdeorras, en asturiano ou en boa parte da zona setentrional do castelán; en segundo lugar debemos deixar constancia da forma popular *lo* (<*logo*) nos enunciados interrogativos: *Lo cuandu chegastis? I lo que queris de mei pairi?*, ou *funqueiru*, con grupo -nk- en todo o val; en terceiro lugar, indiquemos que na aldea do

---

[115] Formas arcaicas semellantes rexistráronse en Hermisende e en puntos da raia trasmontana (Maia 1977:133).

[116] Para o Val de Xálima vid. Azevedo Maia (1977: 233-42); en falares trasmontanos fronteirizos con Galicia, Moura Santos (1967: 233-8) rexistrou formas de perfecto en *-o* como *anduvo, fizo/fezo, quijo*, etc.

[117] Maia (1977: 234) no presente de indicativo rexistrou *fago* para as Ellas e *faio* para San Martín. En Costas (1992b:106) rexistramos *fago* nestes dous puntos, mentres que en Valverde se constata a alterancia *fago/faio*. No presente de subxuntivo segundo Maia (1977: 235) conviven as formas *faia* e *faga*. En Trás-os-Montes rexístrase *faza, fazas*... pero tamén poden alternar *fago* e *fazo* (Moura Santos 1967: 235).

[118] En Valverde rexístrase ademais a forma *há* propia do portugués e dos falares portugueses veciños (Maia 1977: 235). En Trás-os-Montes a forma impersoal do presente deste verbo é sempre *hai*, como en galego (Santos 1967: 235).

[119] Para as formas con consoante antihiática vid. Maia (1977: 242) e Costas (1992b: 106). Estas formas tamén se rexistran en Trás-os-Montes, tanto na raia con Galicia como na terra de Miranda (Santos 1967: 238).

Soito, concello das Ellas, non é infrecuente escoitar realizacións aspiradas farínxeas ou larínxeas [h] onde o esperado sería a realización [ɤ] do fonema oclusivo velar /g/: *a*[ɣ]*ó o* [ɣ]*ato xo*[ɣ]*a na boi*[ɤ]*a, a*[h]*ó o* [h]*ato xo*[h]*a na boi*[h]*a* no Soito.

*4.4.2. Maqueta dialectal*

Polo que temos investigado ata o de agora nestas falas, coidamos que –dun xeito ou outro– estamos perante unha maqueta da dialectoloxía galega. Na nosa opinión, estas falas supoñen unha maqueta de moitos fenómenos fonéticos, morfolóxicos e –sobre todo–, léxicos que se dan a maior ou menor escala por todo o noso territorio lingüístico, e, máis concretamente, as semellanzas e paralelismos son ben evidentes coas falas bercianas, zamoranas e do leste de Ourense, como podemos comprobar polos seguintes fenómenos.

*4.4.2.1. Fonética e fonoloxía*

a) Verbo das sibilantes, en Valverde hai un sistema semellante ao dos falares galegos non seseantes, que é o maioritario no galego oral: /ʃ/ *deixar, xugo, bruxa, enxame* (e nalgúns casos [x] : *joves* "xoves", *ajudar* "axudar", *lonje* "lonxe"); /s̪/en *sete, casa;* e /θ/ en *doci, quinci.*

No lagarteiro das Ellas e no mañego de San Martiño rexistramos un sistema arcaico de sibilantes que nos lembra, en certo modo, o dos falares galegos da Limia ourensá (concellos de Lobios e Entrimo) e, sobre todo, os de Hermisende e Calabor en Zamora. Así, consérvase a realización palatal fricativa sonora [ʒ] de *ʒente, ʒoves, aʒuar* "axudar", *ziŋʒa* "guindilla" e a xorda [ʃ] de *axín* "pemento", *caixa, enxame, bruxa, coxo,* oposición característica do portugués moderno fronte ao galego; e tamén se conservan restos da distinción entre xorda e sonora apicoalveolares e dorsodentais, como ocorre entre [s̪] de *seti, passar* e [z̪] de *casa, coisa* ou entre [θ] de *ceu, forza* e [d] de *quinde,*

*narides* (sg. *narí*)[120]. Chama poderosamente a atención o rexistro de arcaicas realizacións africadas palatais sonoras [dʒ] (ou [ɖj]) en contextos moi concretos: inicial absoluta de palabra ou interior de palabra tras nasal: *lon*[dʒ]*e*, *mon*[dʒ]*a*, [dʒ]*in*[dʒ]*a* etc, os lugares máis resistentes ao cambio fonético. O sistema de sibilantes destas falas presenta un arquifonema fricativo palatal <ʃ/ʒ>, realizado como [ʃ], [ʒ] e [dʒ]; outro fricativo apicoalveolar <s̻/z̻>; e logo un fonema interdental xordo /θ/; o correspondente sonoro deste fonema (/ð/) evolucionou a dental puro e (con)fundiuse coas realizacións de /d/, polo que non é propiamente un fonema sibilante.

A interdental [θ] non aparece nunca en posición implosiva final nas tres falas: *dé, ve, cru, capá, capatá, veló,* formas de singular correspondentes a *deces, veces, cruces, capaces, capataces, veloces* en Valverde e a *dedes, vedes, crudes, capades, capatades, velodes* nas Ellas e en San Martiño (Costas 1992b: 96). O fenómeno xa fora salientado por Maia (1977:200-201) ao se referir conxuntamente á perda ou aspiración de *-s* (ou *-z)* final de palabra, que *"por vezes, desaparece por completo, mesmo em casos em que -s funciona como morfema de plural. Exemplos: dé "dez" (Elj., S. Mart.), ũa bê 'uma vez' (Elj., S. Mart., Valv. del F.), ũa bô 'uma voz' (Elj.), tu cai 'cais' (2ª pes. do pres. do indicativo de cair) (Valv. del F.)"*[121]. Maia considera que a presenza deste fenómeno lingüístico se explica *"certamente, por influência dos vizinhos falares espanhóis da Extremadura, onde é um facto corrente"*. Sería necesario xebrar os casos moi esporádicos de aspiración e perda de *-s*, fenómeno sen dúbida de influencia estremeño-andaluza que só rexistramos na fala dos máis novos, dos que estudan ou traballan fóra e dos máis castelanizados, dos casos de ausencia sistemática (non aspiración) da interdental en posición implosiva final.

---

[120] Para os sistemas de sibilantes de Xálima vid. Costas (1992b: 95-8; 1999: 91), Gargallo (1999: 29-30) e Maia (1977: 194-8); para o seseo e sistemas de sibilantes no galego moderno vid. Fernández Rei (1990:189 e ss., e particularmente as páxinas 210-213).

[121] No vocabulario de Maia (1977: 278 ss) hai máis exemplos de formas sen -z como *arrô, codorní* e *narí*.

No galego zamorano de Porto e en puntos espallados do gran centro de Ourense que chegan ata a Limia rexístranse formas sen -z [θ](*vo, no, cru*[122], *capá, rapá, capatá, dé, ve*...), formas que tanto Carballo Calero, coma Maia no Ellas, erradamente creron aspiracións[123].

No galego zamorano de Calabor rexistramos o -z final ([-θ]) en *luz, cruz, rapaz, dez, capataz*, pero logo ante vogal, sexa en interior de palabra ou sexa por fonética sintáctica, rexistramos como [ð]: *lu[ð]es, rapa[ð]es, de[ð] homes, cru[ð] alta, lu[ð] amarela, on[ð]e, do[ð]e, tre[ð]e*...é dicir, presenta unha solución semellante pero non idéntica á das falas do Ellas.

Hai solucións de Xálima que son características do galego oriental, particularmente de puntos do Eo-Navia (Ibias), do Bierzo e das Portelas de Zamora, así como de zonas de Ourense próximas. É o caso de formas como *cutelo, escutar, truta* e *luta*, solución semellante á portuguesa e non á do galego estándar (e maioritario no galego oral) *coitelo, escoitar, troita, loita*, pero tamén das formas *muto/a/os/as*, exclusiva de zonas surorientais galegas. E o mesmo ocorre coa terminación *-ai* por *-ade* (<-TATE) en *verdai, realidai, metai, cidai /ciai*[124], tamén existente no galego oriental de Valdeorras, de parte do Bierzo e das Portelas; ou os resultados de -ANU/-ANA e os seus plurais: *man, mañán* e *mans/mas, mañáns/mañás*, coincidentes cos resultados surorientais galegos da subárea central de transición Oímbra-Vilardevós e a falas orientais de Calabor e O Padornelo-Lubián, únicos puntos do Bloque Oriental onde se rexistran as formas *lacóns, pantalóns, capitáns, razóns*... en lugar do maioritario e común do oriente do noso dominio lingüístico *lacois, pantalois, capitais, razois*.

---

[122] Para *voz, noz* e *cruz* vid. mapas 171-3 de *ALGa* (1999).

[123] Para unha posible explicación a este fenómeno véxase Costas González (1999a).

[124] Para as falas de Xálima vid. Costas (1992b: 94, 1999: 95) e Maia (1977: 167); para o galego dialectal vid. Fernández Rei (1990: 67).

### 4.4.2.2. *Morfoloxía*[125]

a) No plural das palabras oxítonas rematadas en *-n* rexístrase a solución *-ns* do galego occidental (e do galego estándar) en Valverde (*ladróns, razóns, folgazáns*) e a solución *-s* do galego central nas Ellas e en San Martín (*ladrós~lairós, radós, folgazás*. Estas formacións de plural á galega (e non á portuguesa), que non son descoñecidas de todo nalgúns falares trasmontanos[126], xa foran salientadas por Maia (1977: 216-7):

> *Em Valverde del Fresno, às formas do singular em –on correspondem formas de plural em –ons, à semelhança do que acontece no galego occidental:* ratón, *pl.* ratóŋs; copetón, *pl.* copetóŋs; botón, *pl.* botóŋs. *Em San Martín de Trevejo, no singular encontram-se formas em –ón a que correspondem no plural formas en –ôs:* tragón, *pl.* tragôs; pulmón, pulmôs *etc.*

b) Nas palabras polisílabas en *-l* a solución xeral é *-is* en Xálima (*animais, papeis, candís, españois, azuis/aduis*), como en portugués e galego estándar, aínda que no galego popular esta solución só é propia da maioría das falas orientais. Nos monosílabos a solución é *-les* (*males, meles, tules, sales, soles*). Así e todo, rexistramos a forma *cuais* nun texto valverdeiro de comezos de século (Costas 1992b: 91)[127].

---

[125] Para a sintaxe destas falas vid. Rodríguez Guerra, A. (2004): "Achegamento á sintaxe dos falares mañego, lagarteiro e valverdeiro", en Álvarez Blanco, R., Fernández Rei, F.e Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: Historia e actualidade*. Santiago: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, vol.IV, pp. 293-414.

[126] En Mòfreita, lugar do concello de Vinhais próximo a Hermisende (Zamora) e en Rio de Onor, Petisqueira, Deilão e Laviados, lugares do concello de Bragança xa afastados da raia galega, Moura Santos (1967:224) rexistrou plurais en *-ns*: "Onde se registam nomes terminados en *-on* formam o plural, tal como em galego, em *-ons*: *coraçons* (Mòfr., R. On., Peet., Deil.), *curralons* (Mòfr.), *patrons* (R. On., Pet.), *trons*" (Lav.).

[127] Segundo Maia (1977: 218) "*as formas generalizadas em toda a região fronteiriça terminam em -is*", aínda que sinala que rexistrou algunhas formas con plural en *-les* (*barriles* nas Ellas, *caracoles* en Valverde), que haberá que explicar pola penetración do castelán. Estas formas de plural en *-les* rexistrounas Moura Santos (1967: 223) nos puntos arraianos de Trás-os-Montes: "*Em toda a fronteira*

c) Nas terminacións -ANU, -ANA a solución de singular dos tres concellos é *-án*, como no galego occidental (*verán, man, mañán, ventán, ran, chan*). Así a todo, no plural en Valverde a solución é a do galego occidental (*veráns, mans, miñáns, ventáns, rans, chans*), mentres que nas Ellas e en San Martiño o resultado de -ANAS (*mañás, ventás, ras*) coincide co galego centro-oriental e o de -ANOS (*verás, mas, chas*) só se rexistra nalgúns falares de transición entre o galego occidental e o central[128].

d) Nos pronomes átonos non existe a distinción *te* e *che* propia da inmensa maioría das falas galegas (e do galego estándar), o que levou a Leite de Vasconcellos a asegurar que estas falas non podían en absoluto ser galegas. O teísmo de Xálima, que é propio do portugués e mais de falas galegas do Baixo Miño, de parte do Bierzo e da área das Portelas de Zamora, ten un correlato nas formas sen palatalizar *le, les*. Isto ocorre exactamente igual no galego-zamorano, no galego dalgún punto do Baixo Miño e nalgunhas falas do nordeste portugués onde non se deu palatalización ningunha dos dativos *te* e *le* > *che* e *lle*.

e) Nos demostrativos as formas neutras estan hipercaracterizadas, como en portugués e en áreas do galego: *isto/aquisto, iso/aquiso, aquilo*. As formas *aquisto, aquiso* rexístranse en xente maior (Costas 1992b: 102).

---

*aparecem, por vezes, alguns plurais em -les: cereales, fieles, reixinoles, panales, anzoles, cornales. Embora já não sejam muito frequentes, dizem que entre 'os antigos' eram os mais vulgares para os nomes terminados em l".*

Na páxina 203 da monografía de Alves Lima (1963): *Matosinhos: Contribuição para o estudo da linguagem, etnografia e folclore do concelho* (1963: 203) indícase que os substantivos rematados en *-al, -el, -ol* e *-ul* tónicos forman o plural engadindo a desinencia *-es*: *jornales, cordeles, funiles, faroles, azules*. Estes casos non se explican por interferencia do castelán, senón máis ben haberá que os explicar por recomposición do plural a partir do singular.

[128] Para as falas de Xalma vid. Costas (1992b: 92) e para o resto dos falares galegos vid. Fernández Rei (1990: 59-64).

f) Onde as peculiaridades destas falas se manifestan máis nidiamente é precisamente na morfoloxía verbal. Á parte de trazos inequivocamente galegos como a P3 dos perfectos rematada en *-o* [-u]: *truxo, dixo, fizo-fido, tuvo*, etc; desinencias verbais rexistradas con solucións comúns ao galego occidental e portugués (a vocal temática *e* en *(tu) comeste(s)* "comiches"); na P5, agás nos perfectos, o sufixo número-persoal é *-is* (*sois, dis* "ides", *cantais, chegábais*), como en moitas falas do galego oriental e en portugués etc.; presenta características de seu: o SNP das P6 dos perfectos da CI é nas Ellas e San Martiño de Trebello en *-orin*: *cantorin, chegorin, mirorin, pensorin, acaborin* etc. (en Valverde rematan, coma no portugués, en *-aran*: *cantaran, chegaran, miraran, pensaran, acabaran*...); infinitivos propios como *ficer, quér* (caer), *sér* (saír), *trer* (traer), *oivir* etc. Un fenómeno que resulta estraño para un galego-falante medio é o emprego do verbo *haber* como auxiliar para formar tempos compostos: *he dito, has feito, heis estoxao, haxas tío, habías cheirao*, etc. No galego antigo esta formación non era rara como perífrase (*"et isto foi como dito hei"*), pero no galego común moderno hai consciencia de "pecado por castelanismo" perante formas coma estas, aínda que se rexistre tamén de forma espontánea e natural en falas galegas do Bierzo occidental[129].

Tamén hai algún fenómeno propio de Xálima que é característico dalgunhas falas occidentais galegas e, en moita menor medida por ser un fenómeno moi minoritario, dalgúns falares portugueses, pero non dos estándares galego e portugués. É o caso da terminación analóxica *-í* na P1 dos perfectos en *-ar* de formas como *agarrí* "agarrei", *chorí* "chorei", *leví* "levei" semellantes aos *agarrín, chorín, levín* do galego da Ría da Arousa e banda norte da Ría de Pontevedra. Esta solución,

[129] Temos escoitado e gravado profusamente en 1993-1995 tempos compostos como *has feito, habemos estado* ou *hei dito* en falantes bercianas maiores moi pouco sospeitosas de padeceren interferencias, mulleres non escolarizadas que apenas se moveron das súas aldeas, con moi pouco contacto con falantes de castelán, dos concellos de Borrés, Ponte de Domingos Flórez e Carucedo.

aínda que esporádica, non é descoñecida nalgúns puntos do Ribatejo, da Beira Baixa e mesmo da raia trasmontana[130].




Mapa 19. Principais diferenzas entre o valverdeiro e o mañego-lagarteiro.

A forma *fer*[131] (pronunciada "fel", galego común *facer*) das Ellas e San Martiño é semellante á forma *fer* do galego de Asturias; e o mesmo pasa con *trer* (pronunciada "trel", galego común *traer*) de San Martiño, que corresponde ao *trer* tamén da terra Navia-Eo asturiana[132]. A presenza dun radical regularizado *oiv-* de *oivir*

[130] Vid. Maia (1977: 172-3, 230), Costas (1999: 96) e Fernández Rei (1990: 81).

[131] Maia (1977: 234) rexistrou *facel* en Valverde e *fer* nos outros puntos de Xálima. Nós temos rexistrado *ficer* en Valverde e *fer* nas Ellas e San Martiño.

[132] Vid. Maia (1977: 240), Fernández Rei (1990: 101) e Babarro (2004:229 e 399).

(*uivir*)[133] en todo o presente de indicativo (*oivu, oivis, oivi, oivimus, oivís, oivin*) e do presente de subxuntivo (*oiva, oivas...*) é semellante ao que pasa nas falas do sur de Ourense, das Portelas de Zamora e nalgunhas meridionais de Pontevedra, onde se rexistra *ouvir* e *ouvo, ouves... ouva, ouvas...* (Fernández Rei 1990: 101)[134].

É tamén rechamante no Ellas as P6 analóxicas *tenen, vanen, venen, ponen...* (formadas sobre a P3 *ten, van, ven, pon*), cousa que tamén sucede no Eo-Navia (*tenen* en Navia, Villaión e Santiso de Abres) e na Mariña de Lugo (*tenen, venen, ponen* en Couxela-Ribadeo, en Arante e Cedofeita e *tenen* tamén en San Cosme de Barreiros)[135]

*4.4.2.3. Léxico*

Na análise do vocabulario de Sabugal, Xálima e Alamedilla, Maia (1977:498) sobranceaba o mantemento na rexión dun elevado número de arcaísmos, moitos deles comúns a falares de "além-fronteiras", á vez que sinalaba as grandes afinidades léxicas co galego, co ástur-leonés e co trasmontano:

> *São também muito numerosas as afinidades entre o léxico da região explorada e o de outras zonas peninsulares, de conhecido carácter conservador: o galego, os idiomas asturo-leoneses e o falar trasmontano em geral e, de uma maneira particular, os falares da faixa trasmontana fronteiriça.*

No léxico do valego é onde máis se nota o seu carácter de fala galego-portuguesa arcaica e arraiana, de illa diferente rodeada de portugués beirao e castelán aleonesado e con algunhas interferencias do segundo (*llaris, jeno, bodón, fembra* etc.). Con

---

[133] Cando o ditongo oi é tónico (*oivo, oives...* como *roipa, boibo*) pronúnciase [oj], pero cando é átono (*oivimos, oivireis...* como *roipiña, boibá*) a pronuncia é [uj].

[134] Maia (1977: 236-7) rexistrou as formas de presente de indicativo *oivo* en Valverde e *oive* nas Ellas e San Martiño.

[135] Datos tirados de Babarro (2004:419) que á súa vez toma información sobre a Mariña de Baamonde Traveso e do *ALGa*.

todo, percíbese perfectamente a antiga orixe galega da maior parte dos nomes comúns, dándose a curiosa coincidencia de que nun espazo xeograficamente tan reducido coexisten con plena vitalidade sinónimos de distribución dialectal por toda Galicia. No val recóllense parellas de sinónimos como *estaluncho-funqueiro, cirdeira-cireixeira, subreira-carrasqueira, chíchari-ervilla, dinuciña-duniña, rebolo-carballo* etc., que se distribúen polo territorio lingüístico galego en grandes áreas.

Están ben presentes tamén arcaísmos do tipo *o mú, a múa,* ou *estoxar* (aforrar), *buso* (burato), *atró* (trono), *soío* (son, sonido), *atroar* (tronar), *folló* (filloa), *migreira* e *migrá,* cesto *asnal* (<*acinale, para transportar acios) etc. Para o galego medio o máis sorprendente son os cambios de significado dalgúns significantes comúns. Indiquemos que, por exemplo, *xeira* pasa de "xornada de traballo" a "campo ou leira que se dá traballado nun día"; *argola* pasa de aro común a "pendente da orella"; *babeco* pasa de "parvo, fato" a "chafalleiro, zoupón"; *cacheira* e *cachola* non son sinóminos: *cacheira* é unha pucha para cubrir a *cachola; choqueira* non é o poñedoiro senón a pubertade, a época na que as persoas "chocan"; *celeiro* pasa de designar almacén de gran ou despensa a significar dormitorio pequeno, porque naquel antigo almacén era onde durmían os criados e xornaleiros; *fato* non é un traxe (de festa), senón o enxoval ou as pertenzas que se levaban nun envoltorio de tea; *lambón* pasa de significar "larpeiro" para especializarse en "mangante, ladrón", quizais porque o seu primitivo significado foi ocupado polo castelanismo *guloso; orfandai* designa unha fatada de rapaces, sós, sen acompañamento de adultos; *sobrao* ou *palleira* é o faiado, *sobrao* porque queda sobre a casa, *palleira* porque no oco entre o teito e o tellado era onde se gardaba a palla; *sequeiro* (secadeiro) ou *niazo* (niño) é o palleiro, *sequeiro* porque é onde se secaban os cereais, *niazo* porque entre a palla acostumaban a aniñar as galiñas e a parir outros animais; *xaneiro/a* non é un substantivo (foi substituído polo castelanismo *enero*) senón un adxectivo que designa tanto a primeira cría dun animal nacida nese ano, sexa o mes que for, coma os froitos ou crías que veñen en xaneiro; *boiga* (bodega) non é só almacén onde se garda o viño, é todo cuarto

situado na planta baixa, tanto onde se garda o viño coma onde se gardan os animais, así temos *boiga dos cochinos* ou *cortella, boiga das ovellas* ou *cortello, boiga dos animais* (vacas e cabalos) ou *corte* e *boiga*, sen máis, que é a do viño por antonomasia; *encoirarse* é, como se poden entender, "poñerse en coiros"; *xabre* é só a argamasa empregada para facer muros de pedra e *enxabregar* [136] é revestir unha parede exterior con argamasa ou morteiro para protexela das inclemencias etc. Con todo, tamén hai léxico que non está presente nas falas veciñas beirás e si en galego: *repolo, leituga, xoves, venres, mércoles, misto, muña-muíña, maseira* etc., sobre todo léxico que conecta esta zona coa zona suroriental e oriental do dominio galego constitutivo: *causo* (*caso*, tamén nos Ancares, Valdeorras e O Bierzo), *coco de lume* (*vagalume*, no Bierzo), *condo* (*cando*, en lagarteiro e en galego eonaviego), *garabaná* (de *garabano*, "caldeiro" nas Portelas, ou *escarabanar*, "xistrar" no Eo-Navia) etc.

Un galego entende sen problemas o que queren decer estas e outras voces, pero decátase asemade das pequenas ou grandes mutacións semánticas que tiveron lugar ao longo de novecentos anos. Con todo e falaren habitualmente case todos os naturais deste val nalgunha das súas variantes, o que constatan os propios valegos é que nos últimos trinta anos se ten producido unha gran enxurrada de castelanismos na fala dos máis novos, debido sobre todo á escolarización obrigatoria totalmente en castelán, ao incremento de relacións comerciais debido á mellora das comunicacións, á omnipresenza dos

---

[136] Repárese en que Corominas fai derivar o castelán *enjabelgar*, encalar unha parede exterior, dunha suposta forma árabe hispánica. E non sería moito máis lóxico que derivase deste galeguismo do Ellas *enxabregar* ou *enxabergar*, con metátese? Do mesmo xeito, Corominas busca en dialectos italianos a orixe da voz *buso*, buraco. No mañego de San Martiño un *buso* é unha oquidade ou buraco na terra ou nunha rocha. É famosa nesta terra a Fonte do Buso. Di un autocolante mañego: "Bebei sin abusu, que é da Fonti do Busu". Á vista disto, coidamos que o coñecemento exhaustivo de formas microdialectais en zonas lingüisticamente arcaizantes podería evitar o recurso ao exotismo para explicar determinadas etimoloxías e, así, axudar a un maior e mellor coñecemento da evolución do léxico peninsular. O menosprezo da dialectoloxía como fonte inesgotable de recursos léxicos pode acarrexar estes erros.

medios de comunicación audiovisuais nas casas e locais comunitarios, á administración, á igrexa etc[137].

Quería feita unha recollida sistemática do léxico destes tres concello e o seu confronto cos léxicos dialectais galego, portugués beirao e trasmontano e leonés. Hai un traballo interesante de Rey Yelmo (1999) sobre o léxico mañego, pero en realidade é un vocabulario tirado dun só informante: Domingos Frades Gaspar. Tamén, por extenso, é sobranceiro o traballo de recollida de Carlos Quiles Casas en 2004[138]. Recollidas parciais e asistemáticas de léxico tamén as achamos na revistas lagarteiras *Anduriña* e *A Fala* ou nas webs municipais oficiais dos tres concellos. Son salientables as últimas contribucións ao coñecemento do léxico destas falas de Costas González (2007b), sobre o caderno de Alfonso Berrío, que contén 1400 voces valverdeiras, e de Román Domínguez (2007), que, aparte de incluír o anterior, tamén recolle importantes contribucións de David Carrasco e Domingos Frades, así como a outros moitos informantes dos tres lugares.

---

[137]A escola, totalmente en castelán, está a conseguir un dos seus obxectivos: varrer e borrar as peculiaridades senlleiras das falas autóctonas, uniformizar en castelán pouco a pouco o territorio español. A xeración intermedia, escasamente escolarizada, tende a imitar os fillos xa escolarizados e as formas prestixiadas socialmente "pola modernidade" incorrendo así no coñecemento pasivo de moita ecoterminoloxía autóctona, coñecemento que non transmiten senón é por descoido. Porén, a xeración máis vella é imperturbable nos seus hábitos lingüísticos, é a xeración á que recorremos para o mellor coñecemento destas falas, pois a meirande parte dos anciáns non foron escolarizados (ou só escasamente), apenas saíron do val e desde sempre son monolingües nalgunha das súas variedades. A transmisión xeracional está garantida, o que non o está é a calidade de lingua transmitida.

[138] C.Quiles Casas (2004) no seu *Eizionariu brevi castelán-xalimegu* (© Iventia) recolle máis de tres mil voces valegas ou xalimegas. A pena é que dá entrada a todo e inclúe centos de vulgarismos e variantes fonéticas do máis dispar. Este traballo só o puidemos consultar en rede: http://sanmartindetrevejo.net/mediapool/61/610399/data /DICIONARIU.pdf].

### 4.4.3. *Trazos atribuídos ao influxo do castelán*

No terreo da fonética Gargallo (1999:32) sinala a existencia de numerosos castelanismos con realización fricativa velar xorda [x] nos tres concellos da rexión de Xálima: *fijarsi, juniu, juliu, vilgin* "virxe", cousa que aos galegos xa nos soa familiar. A existencia dun sistema vocálico tónico de cinco fonemas /a/,/e/,/i/,/o/,/u/, sen a oposición fonolóxica /ɛ/-/e/, /ɔ/-/o/ característica do galego e do portugués, é un dos trazos que Gargallo (1999: 31) inclúe entre os de continuidade xeográfica co castelán común de Estremadura e/ou da primitiva zona leonesa. Xa vimos máis arriba que habería que estudar mellor o fenómeno, aínda que a priori todo puidese indicar interferencia do castelán. Gargallo atribúe tamén a castelanismo a neutralización *-r/-l* implosivos (*idil/idel* "decer", *fel/ficel* "facer", *cantal, amol, señol*...), o betacismo e o "yeísmo", cando a dita neutralización *-r/-l* tamén a podemos atopar nalgúns dialectos doutras linguas románicas como o catalán, por exemplo no alguerés[139], e ninguén pensa en castelanismo ningún.

No Val do Ellas ou de Xálima son de emprego xeral fenómenos morfosintácticos que, a priori, semellan evidentes castelanismos. É o caso da anteposición dos pronome átonos, que segundo Maia (1977: 272) "*são quase sempre proclíticos: a mandorim 'mandaram-na' (Elj.), a ponhemos 'pomo-la' (S. Mart.), o querim 'querem-no' (S. Mart.), a levam 'levam-na' (Valv. del F.)*". A variedade do río Ellas arrédase así do galego, portugués e ásturleonés, e acaróase así ao castelán e -relativamente- ao brasileiro.

Porén, hai algúns caso de sintaxe do pronome átono que non son coñecidos no castelán nin no portugués de Brasil, polo que o suposto "castelanismo total" deste trazo habería que o estudar con máis vagar. Nos tempos compostos con *haber* ou nas perífrases hai ocasións en que o pronome átono vai soldado á

---

[139] Sen irmos moi lonxe: a canción "nacional" catalá por antonomasia de L'Alguer titúlase "Lu paldal" (O pardal). O catalán de Sardeña (alguerés) neutraliza -r/-l implosivos en favor do -l, tamén isto é castelanismo?

forma auxiliada, participio ou xerundio: *"esta cama había féitoa mei paire", "has collídoa tu, non?".*

Tamén pode ser castelanismo o uso do auxiliar *haber* para formar o pretérito perfecto (*ha comprau* "compraches", *has uiviu* "oíches"; *ha vindu* "veu"), con aparentemente o mesmo valor cá mesma formación verbal en castelán, ao igual có uso deste auxiliar para o pluscuamperfecto de indicativo (*había dau* "dera", *había dito* "dixera")[140]. Non sería improbable que fose un castelanismo que prendeu doadamente debido a que existían xa unhas formas perifrásticas arcaicas, se cadra unha base propicia para a súa adopción plena[141]. Xa vimos anteriormente como no galego dalgúns puntos do Bierzo (Carucedo, Borrés etc.) son normais os tempos compostos con *haber*, está por ver se é unha propagación do castelán ou un arcaísmo mantido, pois lembremos tamen que no portugués de Brasil (e mesmo no de Portugal, aínda que con menos frecuencia) non son raras as formas compostas con *haber*: *"havia feito", "haviam falado"* etc.

Na morfoloxía pronominal e no léxico da xente nova hai moitos castelanismos. Temos dito en máis dunha ocasión que é fenómeno xeral neste val a penetración de abundantes castelanismos na fala dos máis novos, dos máis escolarizados - descoñecedores parciais dos traballos rurais, oficios tradicionais, léxico da flora e da fauna etc.- e, así, non é de estrañar que escasísimos menores de vinte e cinco anos non soubesen decer como lles chamaban os seus avós á *abubilla*, á *nutria*, á *golondrina*, á *árbore que dá ciruelas* ou mesmo ao *dedo meñique*. Ninguén se avergoña de falar valverdeiro, mañego ou lagarteiro, ao contrario, séntense orgullosísimos de cadansúa fala e da súa microidentidade lingüística, pero todos son perfectamente conscientes de que os novos xa non utilizan os nomes *bubela* ou *galo do campo* ou *popa*, nin *lundria*, nin *anduriña*, nin *ameixeira*, nin *deo minguiche*.

Na morfoloxía pronominal dos máis novos é detectable a pronominalización verbal "á castelá" de moitísimos verbos e as

---

[140] Os exemplos están tirados de Maia (1977: 261-262).

[141] Vid. Moscoso Mato, E.(1997): *Os tempos compostos no galego medieval*. Anexo 46 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

contraccións estrañas de pronomes a que iso dá lugar: *non me comí a sopa, pois cómetea* (galego *cómea*, castelán *cómetela*), *non so bebi* (galego *non o bebe*, castelán *no se lo bebe*), *non to levis* (galego *non o leves*, castelán *no te lo lleves*) así coma o uso do pronome *se* en lugar de *le: non so dás?* (correcto nas falas do Ellas *non lo dás?*, galego *non llo dás?*, castelán *¿no se lo dás?*). Se non se introduce un factor de corrección vía escolar, é moi probable que estes castelanismos flagrantes se acaben instalando definitivamente na fala dos máis novos e a fala se deturpe e hibridice moito máis.

*4.4.4. Trazos atribuídos ás achegas do ástur-leonés*

Na fonética dáse en todo o val o paso do *-e* átono final > *-i* (*quent*[i], *mércol*[i]*s* "mércores", *xov*[i]*s* "xoves", *venr*[i]*s* "venres"), como é habitual no dominio ástur-leonés, pero en ningunha parte ten este fenómeno a xeneralización da rexión de Xálima (Maia 1977: 159-60). Tamén é común ao ástur-leonés o paso de *-o* > *-u* (*comerciu, cestu, pequeñu*), fenómeno que se rexistra sistematicamente en portugués e, en certa medida, tamén en galego. A maioría dos autores consideran este fenómeno do vocalismo átono final como asturleonesismo por se rexistrar tamén de maneira sistemática no norte de Estremadura nas zonas onde quedan restos lingüísticos do antigo asturleonés meridional, as zonas onde hoxe aínda se fala a variedade lingüística denominada "cahtúo".

Babarro (2003:222) tamén rexistra no tixileiro e noutras falas eonaviegas unha pechazón extrema do vocalismo átono, sobre todo o átono final "que pode chegar a *i* ou *u*", pero aclarando que:

> *Coidamos que na maior parte dos casos pronúncianse os dous fonemas algo máis cerrados ca no galego común, sen chegar a [i] ou [u], aproximándose ao sistema [i/e]/[o/u], característico do vocalismo doutras áreas do asturiano occidental.*

Unha ampla análise con espectrógrafo acústico ofrecerianos unha información moito máis exacta de se as vogais finais átonas mediais no Val do Ellas son exactamente [-i], [-u] ou son, como indica Babarro, realizacións máis pechadas do normal dos -e, -o finais.

Outros leonesismos afectan a partes do val, como ocorre coa presenza da velar xorda [x] en formas patrimoniais non interferidas como *lon*[*x*]e "lonxe", *a*[*x*]*udar* "axudar", [*x*]*eno* "feo, herba seca" ou [*x*]*oves* "xoves" de Valverde, ou co SNP *-orin* dos perfectos en *-ar* de formas como *chegorin, deixorin, roiborin* das Ellas e San Martiño, fronte a *chegaran, deixaran, roibaran* de Valverde .

Nas falas de Xálima hai algúns leonesismos léxicos consolidados como *brimbi* "vimbio", *fallar* "achar", *fambrentu* "famento", *fembra* "femia" e *llaris* "gramalleira". É difícil establecermos se son asturleonesismos de antigo, medievais, ou de entrada recente, posterior, por contacto con poboacións veciñas ao norte e ao leste, de fala histórica asturleonesa meridional.

*4.4.5. Trazos considerados propios do Val do Ellas*

A estes trazos vistos ata agora, habería que lle engadir outros fenómenos propios do conxunto das falas deste Val do Ellas (ou polo menos dalgunha das falas), que nalgún caso existe nas falas estremeñas próximas, pero que non se rexistran nin en galego nin en portugués dunha maneira xeneralizada e rechamante.

a) Desaparición do -d- intervocálico (< -D-, -T-, latinos): Este trazo relaciona estas falas co castelán coloquial meridional e tamén co asturiano central: *maeira meira, toa, meio, vía, quear, piir, axuar, roa, prau, chegau, chamá, collía, patá, sábau, figau, meicu, boiga* (bodega), *coaeira~coeira* etc[142]. A perda pode mesmo afectar ao d-

[142] Tamén o catalán meridional valenciano presenta exemplos de desaparición do -d- intervocálico, polo menos nalgunhas terminacións: véxase *fideuá* ou *cremá, fideuada* e *cremada* en catalán común.

inicial en posición intervocálica por fonética sintáctica: *diñeiru* vs. *o iñeiru*, de maneira que podemos achar posteriormente sen condicionar formas como *udia* (ducia), *ider~idir* (decer), *eitar* (deitar) etc., en calquera contexto fonético. Así e todo, hai tres casos de perda do -d- que teñen o seu paralelismo en falas galegas e portuguesas:

- -TATE > -dai ~ -ai: *metai, realidai~realiai, verdai, bondai, cidai~ciai, velocidai~velociai* etc., como ten lugar no galego oriental de Valdeorras e As Portelas de Zamora.
- P5 das formas verbais agás os perfectos: *chegais, chegareis, chegábais, feis ficeis, durmís, servís* etc., como ocorre nas falas orientais galegas e nas falas portuguesas.
- P5 dos imperativos: *conservai~conservei, cantai~cantei, comei, bebei, durmí, servi* etc., como acontece no portugués e en boa parte do dominio lingüístico galego, non só oriental.

Con todo, hai exemplos de mantemento do -d- en casos en que vai precedido de semivogal: * *saude* > *soude* [143]> *soidi*.

b) Neutralización de /R/ e /l/ en posición implosiva, sobre todo en implosiva final: este fenómeno ten lugar en diversas variedades iberorromances, non só en castelán meridional, senón tamén en asturiano, portugués, galego ou catalán alguerés. O normal é que en implosiva final a realización sexa unicamente [l]: *canta[l], apaña[l], feo[l], calo[l], luga[l], seño[l]* etc. En posición implosiva interior de palabra existe unha alternancia absoluta das realizacións de /R/ e [l]: *colpu, vorta, helba, balba, carzóns, farta, artu, cunfolmi* etc. En ocasións a lexicalización xa é definitiva a favor dunha ou doutra realización. Tamén hai alternancia destas dúas realizacións nos

[143] En textos medievais de Lugo estudados por Azevedo Maia (1988) rexístranse a voz *soude*. Para que SALUTE evolucionase a *soude* tivo que se dar un desprazamento acentual a SÁLUTE > *saude > *soude* (quizais por influencia de SALUE, SALUUS etc.?). A evolución de *soude* > *soidi* é a esperable nas falas do Ellas (cfr. *touro* > *toiro, pouco* > *poico* etc.).

grupos consonánticos que forman /p, k, f, b, g/ como primeiros elementos: *pr-pl, cr-cl, fr-fl, br-bl, gr-gl*, adoita isto ocorrer nas palabras cultas e nos préstamos, xa que as patrimoniais están lexicalizadas con forma única: *praza, frol, branco, cravo* etc.

c) Resultados de -TR-, -DR-: no mañego vocalizou en iode o primeiro elemento, o dental, dando en consecuencia formas como: *lairón, puirir* (pudrir), *mairi, pairi, peira, heira, Mairil* (Madrid[144]), *pairiñu, mairiña, Peiru, cuairu, lairillu* etc. Non esquezamos que as actuais formas galegas *pai(re)* (<PATER), *mai(re)~nai* (<MATER), *freire* (<FRATER) ou *cadeira* (<CATHEDRA) deberon sufrir un proceso semellante, igual que a palabra *peirao*, se é un derivado de PETRA e non un occitanismo[145].

d) Exclusivas do Ellas son as formas do posesivo masculino *mei(s), tei(s), sei(s)* e o pronome tónico *ei* de primeira persoa, coa especial evolución do ditongo *eu* nesas formas a que me referín máis arriba. Esas formas non se rexistran en falares galegos nin portugueses[146]. O posesivo distributivo masculino é *caunsei* "cadanseu" e o femenino *caunsúa* "cadansúa". Este ditongo *-ei* é normal nas Ellas e en San Martiño na terminación da $P^3$ dos perfectos fracos verbos en *-er* (*ela comei, el bebei, ela collei, el aparecei*), mentres que en Valverde estas formas manteñen o ditongo orixinario e coinciden así coas formas propias do galego e do portugués: *comeu, bebeu, colleu, apareceu*...

---

[144] Moi vulgar non debe ser a forma *Madril* cando o xentilicio segue a ser *madrileño/a* e non *madrideño/a*.

[145] A este proceso non deberon ser alleas tampouco algunhas falas do castelán. Lembremos o castelán *fraile* (< FRATER a través da forma *fraire*) ou o castelán murciano *paire* (<PATER) e *maire* (<MATER).

[146] Vid. Maia (1977: 221, 223) e Costas (1992b: 100, 103; 1999: 95). En portugués antigo servía nalgunhas pezas teatrais para caracterizar a fala dos xudeus con estas formas *mei, tei, sei*, o que quere decer que posiblemente existiron nalgunha fala portuguesa, o cal é lóxico se se pensa que **ou** evolucionou a **oi** e por analoxía **eu** a **ei** como reacción ao proceso monotongador que tivo lugar no mediodía portugués.




Mapa 20. Valverdeiro e lagarteiro vs. mañego: *pedra/peira, hedra/heira...*

### 4.5. Ramo

As falas arraianas do galego constitutivo non terían problema ningún en adoptar e funcionar coa actual normativa galega da RAG[147] (ou cunha subvariedade dela como a da MDGA para o galego eonaviego), como se demostra coa introdución do galego estándar nas escolas e institutos de Castela-León ou coas nulas dificultades para a aprendizaxe do galego normativo que experimentan os alumnos eonaviegos que estudan nos institutos de Ribadeo ou da Fonsagrada. O galego estándar escrito non é nada complicado de aplicar no galego arraiano de Asturias, León e Zamora, pois é territorio

[147] Estruturalmente están máis distantes do galego normativo algunhas falas occidentais galegas do que o poidan estar a maioría das falas orientais exteriores dese mesmo galego normativo.

constitutivo do galego e as súas falas son galego oriental, continuación lóxica das falas orientais galegas da Galicia administrativa. En todo caso, queda lingüisticamente fóra de toda dúbida a adscrición de todas estas falas do arrianas ao complexo lingüístico galego. Máis dificultades de normativización co estándar actual do galego presentan as falas do Val do Ellas, pois estes falares presentan hoxe unhas singularidades moi especiais dentro do conxunto do galego que aconsellan en todo caso a adopción transitoria dunha normativa "de base" galega pero non exactamente a galega. Pero non adiantemos acontecementos porque este será un dos temas conflitivos que desenvolveremos máis adiante.

Mapa 21. Mapa-resumo das características do galego arraiano e valego.

| EO-NAVIA | BIERZO OCCIDENTAL | AS PORTELAS e CALABOR | VAL DO ELLAS |
|---|---|---|---|
| festa, pedra | festa, pedra | festa, pedra | festa, pedra |
| fonte, ovo | fonte, ovo | fonte, ovo | fonte, ovo |
| souto, pouco<br>feira,<br>primeira | souto, pouco<br>feira, primeira | souto, pouco<br>feira, primeira | soito, poico<br>feira,primeira |
| úa (unha)<br>cancíois<br>centén \|<br>centeo<br>vecín-vecíus<br>mañá<br>mao | unha<br>cancíois<br>centeo<br>vecín-veciños<br>mañá<br>mao | unha<br>cancíois<br>(cancións)<br>centeo<br>veciño/s \| veðiño/s<br>mañá<br>mao (mou) | Unha<br>cancións \|<br>canciós<br>centeo<br>veciño/s \|<br>vediño/s<br>mañán<br>man |
| cabana, ano | cabana, ano | cabana, ano | cabana, ano |
| leite \|<br>lleite<br>lobo \|<br>llobo | leite<br>lobo | leite<br>lobo | Leite<br>lobo |
| quente \|<br>calente<br>tear \|<br>telar<br>animales | quente (calente)<br>tear (telar)<br>animais | quente<br>tear<br>animais | quente<br>tear<br>animais |
| cabalo \|<br>caballo<br>portela \|<br>portella | cabalo<br>portela | cabalo<br>portela | Cabalo<br>portela |
| fer<br>faría | facer<br>fariña | facer<br>fariña | ficer \| fer<br>fariña |
| chover,<br>chave | chover, chave | chover, chave | chover, chave |
| queixo,<br>cereixa | queixo, cereixa | queixo, cereixa | queixo, cereixa |
| cea, cociña<br>casa<br>luz, dez<br>xogar | cea, cociña<br>casa<br>luz, dez<br>xogar | cea, cociña<br>casa<br>luz, dez \| lu, dé<br>xogar [ʃ] \| ( jogar | cea, cociña \|<br>codiña<br>casa [s̪] \| casa<br>[z̪] |

| | | [ʒ]) | lu, dé<br>xogar [ʃ] \| jogar [ʒ] |
|---|---|---|---|
| abella, tella, palla | abella, tella, palla | abella, tella, palla | abella, tella, palla |
| Muito<br>noite<br>coiro<br>truita<br>oito | muito \| mutio<br>noite<br>coiro<br>truita \| trutia<br>(truta)<br>oito | muto<br>noite – noute<br>coiro<br>truta<br>oito | muto<br>noite<br>coiro<br>truta<br>oito |
| Eu<br>min<br>che / te<br>lle, llo, lla | Eu<br>min<br>che / te \| te<br>lle, llo, lla | eu<br>min<br>te<br>le, lo, la | ei<br>mi<br>te<br>le, lo, la |
| meu, tou, sou<br>mía, túa, súa | meu, teu, seu<br>miña, túa, súa | meu, teu, seu<br>miña, túa, súa | mei, tei, sei<br>miña, túa, súa |
| cantein, cheguein<br>dixen, fixen | cantein, cheguein<br>dixen, fixen \| ficen | cantei, cheguei<br>dixe, fice \| fixe | cantí, cheguí<br>dixe, fice \| fide |
| teño, teña, veño, veña | teño, teña, veño, veña | teño, teña, veño, veña | teño, teña, veño, veña |

**Cadro 13.** Cadro-resumo das características sobranceiras do galego eonaviego, berciano, portelao e xabrés e valego.

## 5. A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA ACTUAL DAS FALAS GALEGAS EXTERIORES: ENTRE A OCULTACIÓN E A DESGALEGUIZACIÓN

Se a situación sociolingüística hoxe é complicada para o galego dentro das fronteiras da Galicia administrativa, onde posuímos recoñecemento estatutario de cooficialidade, Lei de normalización, introdución obrigatoria no ensino, medios de comunicación audiovisuais públicos en galego etc., imaxinemos o que lles pode estar a suceder ás falas galegas que carecen de todo o anterior e que seguen a sufrir unha imposición do castelán e diglosias seculares (ou agora unha incipiente triglosia en Asturias). Imaxinemos que retrocedemos á Galicia do anos 1975 ou 1978 en dereitos e liberdades lingüísticas, en conciencia cidadá activa e en prexuízos sociais arredor da lingua[148], pois neses parámetros debemos a situación do noso idioma nas franxas exteriores.

Non ten por obxecto esta parte do noso traballo facer unha previa exposición das condicións sociolingüísiticas do pasado nestas terras, porque só nos imos cinxir á análise do que vén acontecendo nelas nos últimos vinte anos. O lector galego debería facer un esforzo de imaxinación e pensar nunha Galicia sen recoñecemento estatutario, sen Lei de normalización, sen toponimia normalizada, sen administración en galego, sen medios audiovisuais públicos en galego, sen estudo obrigatorio do galego na escola (ou apenas cunha materia optativa de lingua galega), imaxinemos que esta é a situación actual dos territorios arraianos onde se fala galego, onde en pleno século XXI segue a

[148] A verdade é que hoxe, en 2011, á vista do que está a suceder en Galicia coa lingua, tampouco non é difícil de imaxinar, mesmo para as persoas que nos anos 1975 ou 1978 eran pequenas ou aínda non naceran.

haber autoridades políticas e académicas e altofalantes mediáticos que mesmo negan que alí se fale galego.

Concretándomos máis e índomos á cerna: hoxe en día son varios os perigos graves que axexan á lingua galega falada fóra das fronteiras administrativas de Galicia e, xa que logo, desprotexida dunha cooficialidade sequera teórica. Entre estes perigos iremos debullando moi sobranceiramente os seguintes:

5.1. O non recoñecemento como falas galegas e, secasí, imposibilidade de normativización e normalización ao abeiro do establecido na *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (CELRM en diante).

5.2. A indefinición e inconcreción legal do territorio onde se emprega o galego, para saberen con certeza os poderes públicos cal sería o ámbito de actuación das desexables medidas de protección.

5.3. A ausencia dun censo actualizado de falantes por tramos de idades, pois previamente a toda acción normalizadora cómpre sabermos cal é a situación exacta do uso social e actitudes sobre a lingua.

5.4. A mínima ou inexistente lexislación protectora da lingua no ensino e na administración nas diversas comunidades autónomas, salvable nun primeiro estadio coa aplicación das medidas previstas na Parte II da CELRM.

5.5. O practicamente inexistente estudo científico nas universidades de Asturias e León e a mínima existencia do estudo regrado do galego no mundo escolar non universitario.

5.6. A negativa de Asturias e Estremadura a asinaren acordos bilaterais coa Xunta de Galicia para a promoción do idioma en diversos eidos, principalmente o escolar.

5.7. Os incumprimentos xerais dos beneficios previstos na *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (CELRM).

5.8. Os incumprimentos das reiteradas recomendacións do Consello de Expertos da Unión Europea verbo da inaplicación da CELRM, texto que forma parte do bloque de constitucionalidade das leis españolas[149] pero que é propositadamente ignorado e vulnerado por todas as administración, tanto a central coma as autonómicas.

**5.1 Non recoñecemento como falas galegas. Repercusión normativa.**

Na actualidade, o problema de inicio ao que se enfronta o galego arraiano (da raia de Asturias, León e Zamora) e valego (do Val do Ellas) para a súa defensa e promoción é a falta de recoñecemento dalgunhas destas falas como pertencentes do conxunto das falas galegas e, xa que logo, a falta de recoñecemento da Real Academia Galega como autoridade científica normativa.

Esta negación da pertenza ao galego comeza pola negación do glotónimo. Xa que logo, se todas estas falas "non son de filiación tipolóxica galega", as autoridades políticas e académicas non teñen por que admitir "inxerencias" das autoridades políticas, culturais e lingüísticas galegas. Pero dáse a casualidade de que o son, como recoñece toda a romanística e a iberorromanística, toda a ciencia lingüística, porque é moi difícil que coincidan as artificiais fronteiras administrativas coas naturais fronteiras lingüístico-culturais: o galego sobarda o territorio político-administrativo da Galicia actual polo leste.

No mapa 4 do *ALPI* (1962) relativo ao nome dialectal da fala local dos puntos do extremo occidental de Asturias, as respostas que obtivo Rodríguez-Castellano hai máis de 60 anos non foron nin galego nin asturiano, senón *chapurrado* no punto 301, As Campas-Castropol; *chapurrau* no 302, Freal-Navia; *chapurriado* en 303, Boal; e *ibiano* en 323, Cuantas-Ibias, mentres

[149] Vid. moi especialmente Iñaki Agirreazkuenaga Zigorriaga (2006:105-146), Xabier Arzoz (2008:145-173) e Bruno de Witte (2008:175-190).

que no punto 300, Salgueiras-Vilanova de Oscos, non houbo resposta. Nos puntos do asturiano occidental máis próximos ao río Navia tampouco houbo resposta (304 Busmente-Valledor, 305 Navelgas-Tineo, 306 Santa Eulalia-Allande) e conforme nos afastamos cara ao centro de Asturias a denominación é sempre *asturianu*, agás nos puntos costeiros centrais onde non se rexistrou ningunha denominación local.

Algo semellante ocorre na *Franja del Ponent* aragonesa de fala catalá, pois no mesmo mapa do *ALPI* (1962) a resposta sobre o nome da fala local nuns puntos desa zona é *chapurreat, chapurriau* (e variantes), noutros non contestan e en Benasque din simplemente que falan *benasqués*. Anos despois, a consideración sobre o nome da fala local era semellante nesa zona catalanófona[150], onde maioritariamente dicían que falaban *chapurreau*, algúns outros dicían *patués* (na zona pirenaica) e no caso dos falantes de Fraga, *fragatí*, de igual xeito cós das Cuantas-Ibias contestaban que falaban *ibiano* na enquisa do *ALPI*.

Trinta anos despois, en 1991, segundo Pereiro Pérez[151], os de Boal seguían a decer que falaban *chapurriau* ou, como moito, *boalés*. *Chapurriau*, *fala* ou *falía* (faliña) son as denominacións comúns que lles daban tradicionalmente os propios falantes ao galego eonaviego.

Desde 1998[152], as falas galegas situadas entre o Eo e o Navia reciben oficialmente o nome de "gallego-asturiano" ou "gallego/asturiano", porén, aínda hoxe desde instancias oficiais académicas e políticas seguen a teimar con glotónimos inexactos, equívocos ou calculadamente ambigüos como "fala",

---

[150] Cf. mapa 5 ("Nombre del habla local") do tomo I do *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja* (1979), dirixido por Manuel Alvar. Sobre a conciencia lingüística e a denominación da fala nesta zona de lingua catalana vid. Gargallo Gil (1999: 262-265).

[151] Vid. Pereiro Pérez (1991): "Boal, un municipio do occidente astur entre Asturias e Galicia", en *Lindeiros da Galeguidade II*, pp. 146.

[152] Vid. Lei 1/1998 de 23 de marzo de uso e promoción do *bable/asturiano*. No artigo 2 di que a mesma protección do bable/asturiano merecerá o *gallego/asturiano* (con barra); pero na Disposición Adicional xa lle chama *gallego-asturiano*, agora sen barra e con guión.

"astur-galaico", "falía", "lingua de transición astur-galaica", "bable de occidente", "asturiano occidental" ou mesmo o neutro "eonaviego"[153] como mal menor. Todo serve para non decer o que científicamente é evidente: galego de Asturias, do Eo-Navia ou galego eonaviego, porque para as autoridades políticas e académicas asturianas non son falas galegas senón "unha fala de transición" entre o galego e o asturiano.

Unha enquisa do goberno do Principado de 2002 deitaba que o 33% da poboación eonaviega a denomina *fala*, un 24% galego-asturiano e un 22% bable[154]. A denominación científica de "galego-asturiano", acuñada pola dialectoloxía para se referir inequivocamente ás falas galegas de Asturias, faladas en Asturias (galego glotónimo e asturiano xentílico), é agora empregada oficialmente polas autoridades para se referir a esa "llingua de transición que nun ye gallego y nun ye asturianu"[155].

Por exemplo, nunha recente publicación da Conseyería d' Educación y Ciencia, na súa colección de "Materiales didácticos de Aula", podemos consultar o libro *A la gueta del material*

---

[153] *Eonaviego* é un neoloxismo acuñado polo profesor e escritor Frías Conde para se referir ao galego falado no Eo-Navia, e evitar así as etiquetas "galego-asturiano", "astur-galaico" etc. Porén, desde o asturianismo negacionista empezouse a empregar este neoglotónimo *eonaviego* para se referir ao que eles denominan "fala de transición del Navia-Eo".

[154] Datos do *II Estudio Sociolingüístico de Asturias* (2003), coordinado polo sociólogo Francisco Llera, numerario da Academia de la Llingua Asturiana e exdirector do Euskobarómetro. Dise nel que o galego de Asturias é usado polo 72% da poboación do Eo-Navia e que o saben/poden falar o 94%. As enquisas no Eo-Navia realizáronselles a 300 persoas e hai denuncias da MDGA e de *Abertal* de que nesta zona as enquisas foron manipuladas polos encuestadores. Sería moi necesario un inquérito obxectivo realizado por unha institución neutral ou un organismo serio para lle podermos conceder fiabilidade aos resultados.

[155] Por exemplo, a conselleira de Cultura do Principado, Rosa Migoya, declaraba no xornal *El Comercio* de Xixón (20/06/06) que o falado no Eo-Navia "no es gallego, es una lengua nueva (*sic*)". Por outra parte, o responsable da Secretaría Llingüística para el Navia-Eo da Academia de la Llingua Asturiana, Xosé Antón González Riaño, manifesta sempre que en Asturias se falan dúas linguas (asturiano e español) e unha "fala" (galego-asturiano). Véxanse as súas declaración, por exemplo, en *La Nueva España, El Comercio* ou *La Voz de Asturias* de 5/11/06.

*espardío. Llingua asturiana y literatura*[156] (2008) que pretende proporcionar información para o alumnado de bacharelato sobre a lingua asturiana e a súa literatura.

O Anexo III deste libro titúlase "Llingua e lliteratura en gallego-asturiano" e nel recóllense fragmentos literarios e unha breve relación de autores eonaviegos, pero só algúns dos que escriben con grafía asturianizante, ocultando a extensa nómina de bos autores eonaviegos que escribiron ou escriben en galego (Antolín Mediante Ferraría, Armando Cotarelo Valledor, Xavier Frías Conde, Xosé Carlos Álvarez Blanco, Aurora García Rivas, Viqui Veiguela, Eva Moreda, Quique de Roxíos, Paloma García Méndez, Begoña Martín Acero etc.); deste xeito agóchaselle ao lector a inmensa maioría dos textos producidos en galego do Eo-Navia e só se lle mostra o que é "asturianistamente" correcto.

É decer: preséntase a literatura galega de Asturias como un anexo, un apéndice subalterno da literatura en lingua asturiana. Isto é como considera a oficialidade política e académica o galego de Asturias, Como unha mestura proporcionada, a partes iguais, de galego e asturiano:

> *Na zona más occidental d'Asturies, ente los ríos Navia y Eo, fálase una llingua que recibe'l nome de gallego-asturianu y qu'axunta rasgos propios del gallego y del asturianu* [157].

Para as autoridades políticas e académicas son dúas as únicas razóns polas que estas falas non son galegas: porque os seus falantes non se senten galegos e porque estas falas están en Asturias; como podemos comprobar, non hai que se esforzar moito para comprender deseguida que estes argumentos son obxectiva e cientificamente incongruentes. Por estas mesmas razóns en Austria non se falaría alemán, nin en México se falaría castelán ou español. Curiosamente, a todos os efectos, esa "lingua de transición" está social e politicamente tratada como

---

[156] Fernández Fernández, X. e García Rodríguez, M.ª Á. (2008): *A la gueta del material espardío. Llingua asturiana y lliteratura.* Llanes: Centro del Profesorado y Recursos de Oriente/ Conseyería de Educación y Cultura.

[157] Vid. Academia de la Llingua Asturiana (2006:39).

subalterna ou dependente do asturiano, como unha variedade dialectal máis do asturiano, e a súa literatura non pertence ao sistema literario galego, nin sequera ten un sistema propio, senón que forma un subsistema cativo e marxinal dentro do emerxente e mais aínda precario sistema literario asturiano. Caso único no mundo: un mesmo sistema literario que abrangue obras escritas en dúas linguas diferentes.

No Bierzo e nas Portelas (Castela-León) este problema xa non existe. Deixadas en ridículo xa as voces que ata hai dez anos falaban de "lingua berciana", "galaico-leonés" ou "altosanabrés" (para o caso das Portelas), hoxe todo o mundo recoñece que o falado no Bierzo é galego, sen máis, e así está recollido no Estatuto de Autonomía de Castela-León de 1999 (art.4.2) e na nova redacción do Estatuto de Autonomía de Castela-León de 2007 (art.5.3).

En Estremadura, no val do Ellas, os usuarios da lingua chámanlle ao que falan polo xentilicio de cada concello: os valverdeiros din falar *valverdeiro*, os lagarteiros das Ellas *lagarteiro* (As Ellas) e os mañegos de San Martiño de Trebello *mañego*. Cando lles preguntan sobre o que pensan que é a súa fala, o 22% din que é un *chapurreado* de fronteira, unha mestura entre portugués e castelán; o 21% opinan que é máis ben unha variante galega[158]; o 15%, pensan que se trata dunha fala astur-leonesa, porque lles contan que foron reis leoneses os que repoboaron aquela zona; por unha variedade de portugués aposta o 13%; unha mestura de galego e ástur-leonés é a crenza dun 11%; logo hai un 18% que di que debe ser unha lingua autóctona[159].

---

[158] Curiosamente neste grupo inclúense os que mantiveron contactos con galegos no servizo militar e na emigración europea, ou os que estiveron algunha vez en Galicia ou mantiveron contactos con galegos noutros puntos do Estado como Euskadi ou Cataluña.

[159] Isto é o que proclamaba o historiador Martín Galindo nos seus artigos sobre estas falas no xornal *Hoy* de Cáceres, aínda que rápidamente pasou de considerala "lingua autóctona" xerada independentemente do galego a considerala simplemente "dialecto portugués" e a escribilas cunha ortografía pseudoportuguesa.

En Estremadura, pois, aínda se discute a filiación das falas valverdeira, lagarteira e mañega. Para uns estudosos é un galego-portugués interferido por antigos leonesismos e modernos castelanismos; para outros é un subdialecto do (hoxe inexistente) leonés meridional; para outros é unha mestura galaico-luso-ástur-leonesa; e. para os que máis teñen estudado estas falas, son de filiación galega dentro da lingua histórica galego-portuguesa, a terceira póla do galego antigo ou un galego un tanto especial.

Desde algúns organismos políticos e culturais estremeños tense reivindicado a variedade destes tres concellos como unha "lingua nova" dentro do tronco galego-portugués, pero "lingua estremeña" xa sen vinculación co galego[160]. Este repentino interese estremeño por estas falas produciuse xusto a partir do establecemento de fortes vínculos académicos e culturais entre concellos e institucións galegas e destes tres concellos. Por suposto, o glotónimo conxunto aplicado polas autoridades para negaren a galeguidade destas falas é outra vez o ambiguo "Fala".

Nada se recolle no Estatuto de Autonomía de Estremadura do galego e do portugués que falan 15.000 estremeños[161]. Unicamente en 2001 o Parlamento estremeño

---

[160] No art. único do Decreto 45/2001 de declaración B.I.C. lense ambigüidades calculadas como estas: *Desde el punto de vista histórico,* A Fala *se relaciona con la diversidad de dialectos románicos peninsulares que, a través de los sucesivos fenómenos migratorios, constituyeron este riquísimo tesoro patrimonial. Hace falta seguir insistiendo, sin apasionamientos apriorísticos alejados de toda discusión científica, en sus orígenes y en el diverso acarreo cultural que condujo a la actual situación (la influencia medieval, la astur-leonesa, la del portugués dialectal convecino y la del castellano).* En ningún momento se fai referencia á evolución das falas a partir da chegada dos colonos galegos nos séculos XII-XIII e á súa semellanza estrutural actual con algúns dialectos surorientais galegos.

[161] Estremadura é a comunidade do Reino de España que mellores relacións económicas e culturais mantén con Portugal (lembremos que no propio Estatuto de Autonomía de Estremadura se di no seu art. 6.2.h) que esta comunidade procurará: *Impulsar el estrechamiento de los vínculos humanos, culturales y económicos con la nación vecina de Portugal (...),* e onde o estudo da lingua portuguesa está máis estendido (moito máis ca en Galicia), tanto na universidade coma no ensino secundario en moitos institutos, mais Estremadura segue sen recoñecer que 10.000 estremeños son lusófonos e, xa que logo, segue

declarou "A Fala" como "Ben de Interese Cultural" (BIC), declaración que é simplemente foguetaría de artificio porque na práctica non implica absolutamente nada. Pola contra, os estatutos da Asociación Fala i Cultura dos Tres Lugaris, de 1993, a histórica asociación de defensa da lingua, falan claramente no seu artigo 2 de "galego de Estremadura".

A denominación da lingua, o glotónimo, nun xeito ou noutro non é ningunha lilaina, porque se non se recoñece como galego, se lle chaman outra cousa como "gallego-asturiano" ou "fala", a lingua galega destas zonas non pode acceder a programas lingüísticos europeos, non ten recoñecemento español nin internacional nin pode ser considerada e, por tanto, protexida, baixo a denominación de galego. Quizais toda esta maraña de denominacións esquivas e a confusión que isto provocara en falantes e autoridades dera pé a que, por exemplo, as falas galegas arraianas e valega non figurasen para nada no *Informe Anual sobre la aplicación en España de la Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias*[162] que lle remitiu en decembro de 2002 o Goberno español ao Consello de Europa. Porén, no último *Informe* do comité de expertos do Consello de Europa, de 2008, xa se recoñecía a existencia plena do galego de Castela-León e do galego de Estremadura, mentres que para o galego de Asturias seguían alternando as denominacións de "galego (de Asturias)" coa de "galego-asturiano".

### *5.1.1. Unha derivación complexa: o problema normativo*

Despois de vistas moi resumidamente en capítulos anteriores as principais características e particularidades dos galegos arraianos, (galego consecutivo) e do valego ou galego

---

sen arbitrar ningunha disposición legal e efectiva para a protección da lingua portuguesa autóctona falada nun ronsel de vilas e aldeas fronteirizas con Portugal: Cedilho, Ferreira de Alcântara, S. Vicente de Alcântara, Casas da Raia, A Rabaça, Bacoco, A Centeia, A Codoseira, A Toxeira, Chandavila, O Marco, Vila-Real, S. Bento, Sao Jorge, S.Francisco, S. Rafael, Olivença e Táliga.

[162] Vid. "Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias" (2001), en V. Graña Martínez (compilador), *Lexislación da Lingua Galega*. A Coruña: Dirección Xeral Política Lingüística, pp. 50-67.

especial do Val do Ellas, (galego substitutivo), o gran problema que se formula para todos eles, ligado indisolublemente ao recoñecemento oficial da súa adscrición ou non ao común das falas galegas, é cal debe ser o modelo de lingua estándar que se debería adoptar para escribir nas falas nestas zonas e cal debe ser a autoridade científica que elabore o estándar (ou no seu caso variante de estándar) para estas zonas.

No Bierzo e nas Portelas non existe problema ningún a este respecto despois do recoñecemento estatutario do galego como lingua de varias comarcas occidentais de Castela-León. O que se escribe en galego no Bierzo (escola, medios de comunicación, mundo cultural...) faise en galego estándar.

En Asturias existe un grave problema como consecuencia da negación oficial da galeguidade das falas eonaviegas e da artificial e forzada ascrición científica destas falas á tutela da Academia de la Llingua Asturiana.

Para o galego de Asturias existen dúas ou tres normativas non oficiais, ningunha delas sancionada oficialmente polo Parlamento asturiano: en primeiro lugar, e de orientación galeguista, temos as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, de 1990, elaborada por especialistas universitarios galegos e asturianos a pedimento da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e actualizadas en 2010 pola Asociación Abertal del Eo-Navia[163]; logo, de 1993, a réplica de orientación asturianizante chamada *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del ga(l)lego asturiano* elaborada pola Conseyería de Educación y Cultura del Principáu de Asturias; e unha terceira, de 2007, elaborada pola Secretaría Llingüística del Eo-Navia da Academia de la Llingua Asturiana, baixo coordinación do académico eonaviego José Antonio Fernández Vior, denominada *Normas ortográficas del gallego-asturiano*, que non é máis que unha reformulación da segunda, da asturianizante de 1993. A primeira é unha adaptación das normas oficiais do galego "para o galego de Asturias" e as outras dúas son

[163] *Orientacioís prá escrita do noso idioma* (2010), incluído no libro-DVD *A xente que soña desperta: escolma de achegas á lingua e á literatura galegas de Asturias*, editado pola Universidade de Vigo na súa colección *Ólga*.

adaptacións das normas do asturiano estándar central "para el gallego-asturiano".

A normativa lingüística oficiosa usada polas institucións oficiais asturianas é a segunda (ou terceira, porque son case idénticas), que na práctica tenta converter este galego nororiental nun dialecto do asturiano a forza de separalo ortográfica, morfolóxica e lexicamente do galego e acaroalo ao asturiano central estándar. Esta normativa, a pesar de non ser oficial porque nunca foi sancionada polo Parlamento de Asturias, é a única permitida nos escasos establecementos de ensino onde se ofrece o estudo optativo do "gallego-asturiano", nas (escasas) publicacións de libros etc[164] ou nas contadas ocasións en que as administracións públicas o empregan en campañas, impresos, carteis etc.

En galego de Asturias editáronse bastantes publicacións na década de 1980 a cargo da MDGA (revistas como *A Freita* e *Britonia*, literatura, informes etc.) e na actualidade por iniciativa da Asociación Abertal del Eo-Navia. En "gallego-asturiano" edítanse todas as publicacións oficiais ou subvencionadas polas autoridades, tanto a cargo da asociación asturianista Xeira como das propias autoridades asturianas (revistas *Entrambasaguas* e *Trabatel*, literatura etc.).

Máis problemática é a solución normativa para o galego especial do Val do Ellas, o galego consecutivo de Cáceres. Tres camiños son os posibles: unha norma pro ou filoportuguesa, unha norma pro ou filogalega e unha norma mixta ou

---

[164] As principais e exiguas diferenzas entre as dúas tendencias normativas para o Eo-Navia estriban en que a(s) normativa(s) asturianizante(s) emprega(n) a acentuación do asturiano (*cantóu, razóis, volvéu*...); apóstrofos como o asturiano (*Santalla d'Ozcos, qu'está*...), a grafía Y allea a galego e portugués (*trabayo, carbayo, veyo, conceyo, layar, navaya*...); lexitiman numerosos vulgarismos e castelanismos morfolóxicos e léxicos (*cantao, resultao, rematao, númaro, calle, hasta, brao, somentar, naide, almendra, dreito, ganar*, ...); a conxunción copulativa é *y* (*un y outro*); elección de formas dialectais minoritarias máis próximas do asturiano central (*llevar, llobo, lliteratura, llingua, ella, caballo, tollo*), as da fala minoritaria baixonaviega. Outramente, a normativa galeguista incorpora todas as actualizacións do galego normativo con concesións á fala eonaviega maioritaria: a asturnegueiresa ou altonaviega.

independente, propia, común e exclusiva para os tres concellos[165].

Para Gargallo Gil (2009:39) non é doado aplicar unha norma á portuguesa, pois "*un reintegracionismo lusista me parece a todas luces inviable*", nin un modelo propio, independente, "*comportaría perder el norte y encerrarse en una política lingüística de campanario*", mais tampouco unha norma de base galega:

> *Mi reticencia a una ortografía y a una normativa morfosintáctica a la gallega sé que la sienten asimismo especialistas no gallegos que se han dedicado a la fala, así como no pocos de entre sus hablantes.*(...) *Un reintegracionismo parcial, gallego pero no portugués, como el que veo se pretende desde Galicia, acaso sea más viable, pero seguramente hallará oposición en los tres lugares.*

"*Difícil encrucijada*" recoñece o propio Gargallo, pois, como antes esbozabamos, tres son as posibilidades para a normativización do galego valego:

a) Adopción da norma ortográfica galega ou dunha adaptación desta, o cal na nosa opinión sería factible porque o 60% dos falantes empregan o valverdeiro, a variedade máis próxima do galego común.
b) Adopción da norma ortográfica portuguesa ou dunha adaptación desta, o cal causaría non poucos problemas pois as sibilantes sonoras mantidas no Ellas son sons e non fonemas; o mañego e o lagarteiro presentan un cadro de fonemas sibilantes distinto do portugués (coas repercusións grafémicas que isto comporta) e, á parte, mañegos e lagarteiros son un 40% da poboación total.

---

[165] Con norma portuguesizante escribe únicamente o historiador cacereño J.L. Martín Galindo, norma unificada polo de agora non existe, o que si existiu e existe na actualidade é a guerrilla ortográfica de cada usuario. Cada persoa que se decide a escribir faino dunha maneira totalmente diferente, incluso entre falantes da mesma variedade. Unicamente o académico da RAG Domingos Frades Gaspar ten mantido unha coherencia ortográfica nos últimos dez ou quince anos.

c) Elaboración dunha norma ortográfica e morfolóxica autónoma, propia e común ás tres falas, o que para escasamente 5.000 falantes sen recoñecemento legal, sen apoios políticos e académicos claros a nivel autonómico e sen cobertura institucional -como é o caso- sería moi complicado levar adiante.

Carrasco González (2009: 241-242) parece decantarse por unha normativa propia para as falas do Ellas para preservar a súa singularidade, pois para este autor toda aproximación ao galego non é senón unha absorción lingüística inadmisible.

> *«la ortografía, la gramática y hasta determinados hábitos articulatorios acabarán adaptándose siguiendo el modelo de aquella lengua a la que se adscriba, la cual, de un modo natural, tenderá a su asimilación.*
> *Sólo una solución como la adoptada por el Gobierno portugués para la protección del mirandés daría una alternativa a la asimilación lingüística. Es decir: considerarla oficialmente y, al mismo tiempo, dotarla de elementos de normalización y de normativización que se atengan exclusivamente a los rasgos propios del dialecto.»*

Esta normativización atendendo exclusivamente aos "rasgos propios" do dialecto non cadra en absoluto coas pexas que formula a seguir o propio Carrasco: a) que o número de falantes é escaso, o que dificulta determinadas actuacións (edición de libros, medios de comunicación etc.); e b) a sorprendente variación interna das falas do Ellas, co que é moi difícil a elaboración dunha norma común satisfactoria para os falantes das tres variedades.

Por unha banda Carrasco opina que unha norma próxima á galega é absorción, pois coida arbitrario considerar galegas estas falas[166], pola outra di que é imposible unha norma propia.

---

[166] Chega a expresar Carrasco (2009:231): «*Una afirmación como que una habla la vamos a considerar gallega porque, aunque no lo sea, estará mejor protegida (sobre todo si conseguimos un reconocimiento oficial de que pertenece al gallego) no sólo es arbitraria y dudosa, sino que revela una especie de calificación moral, como si hubiera un idioma preferible a otro*» . Sorpréndenos esta manifestación, xa que desde ningunha instancia estremeña se dera un só paso na preservación e

Seguimos sen saber cal é a solución que propón Carrasco para as falas do Ellas.

Ata o de agora, do que se leva escrito nas variedades do val desde 1910[167] por parte dos seus propios falantes, o sistema básico usado coincide co do galego común pre-normativo (mesmo coas vacilacións *unha~un-a, algunha~algun-a*) agás nos grafemas empregados para os sistemas de sibilantes (Costas 1998), onde temos dúas solucións:

a) Código próximo ao galego común. Usado basicamente por valverdeiros mais tamén por mañegos: *paso, iso, casa, bruxa, xogo, xente, enxame, cinco, mozo, once, doce, trece*... permitindo castelanismos usados na fala (*fijarse, sujeto*...).

b) Código relativa e parcialmente próximo ao portugués no eido das grafías sibilantes e ao galego común no resto da ortografía. Usado por persoas que botan man parcialmente das grafías históricas ou actuais portuguesas: *passo, isso, casa, jogo, gente*...pero empregando pola contra: *praza, moza, onde, dode, trede*...nos casos en que as grafías portuguesas non valían.

c) Códigos arbitrarios usados irregularmente por algunhas persoas que fan uso de grafemas ou dígrafos alleos ou inventados (sh, ix, ź, ś, x́, dz, z̲, x̲, s̲...) para diversas realizacións sibilantes ([ʃ],[ʒ],[dʒ],[s̪],[z̪],): *brusha, bruixa*

---

normalización destas falas ata que os lingüistas e investigadores galegos se interesaron por elas e os falantes das Ellas incrementaron os seus contactos e relacións con Galicia. A moitos lingüistas galegos encantaríanos que estas falas tivesen unha protección semellante, por exemplo, ao aranés-occitano, aínda que non lingüísticamente tivesen nada que ver co galego.

[167] O primeiro texto do que se ten noticia é de 1910. Trátase do conto en mañego titulado "Cuadro de costumbres (escrito en la fabla popular de San Martín de Trevejo", da autoría de José López Vidal, que foi publicado na *Revista de Extremadura*, tomo XII, pp. 230-232 e 356-360. O seguinte texto do que temos noticia é "Contus du Xalma", publicado anónimamente n'*O Correio* de Celorico da Beira o 11 de novembro de 1931 e que nós atribuímos a José Leite de Vasconcellos, porque este autor viña publicando por esta época neste xornal noticias acerca destas falas. Estes "Contus" d'*O Correio* teñen grafía portuguesa con certas concesións a dialectalismos das falas que nos ocupan.

(bru[ʃ]a); *casha, ca̲s̲a, ca̲ś̲a* (ca[z̲]a); *shinsha, djinja, x̲inx̲́a x̲inx̲a* ([ʒ]in[dʒ]a); *onz̲e, ondze, onze, oncze* (on[d]e, once)...

Como podemos apreciar, o maior problema para a escrita unificada das tres falas do galego do Ellas reside en que o valverdeiro (60% dos falantes) non ten fonemas sibilantes sonoros e mañego e lagarteiro (40% restante) teñen arquifonemas e alófonos sonoros cun cadro de fonemas diferente do portugués, polo que tampouco lles é cómodo nin práctico o sistema ortográfico do portugués. Establecer dous códigos ortográficos, un para 3.000 falantes de valverdeiro e outro para 2.000 das outras dúas falas, tampouco semella ser solución ningunha.

Por razons demolingüísticas, sociolingüísticas, históricas e tipolóxicas avogamos por un tipo de solución "á galega" para estas falas, polo menos para comezar, por máis que esta opción non fose do agrado de "especialistas non galegos" e algúns dos seus falantes[168], como manifestaba Gargallo Gil.

Calquera que sexa a proposta, previamente deberá contar coa avinza e a aprobación dos falantes máis conscientes e activos na defensa do idioma: mestres, universitarios, persoal administrativo, axentes e asociacións culturais, concellos etc., o que xa non ten sentido ningún a estas alturas é seguirlle dando ao veo en interesantísimas disquisicións filolóxicas sen ofrecer dunha vez unha proposta clara e concreta, porque este é un proceso que non admite máis demora.

E isto é, segundo a nosa opinión, porque os estudos de dialectoloxía e (socio)lingüística nestas áreas non só deben ter unha finalidade estrita e asepticamente científica senón que, amais, deberían ter unhas aplicacións e repercusións prácticas evidentes para contribuíren á reversión das fortes inercias xebradoras e desgaleguizadoras -en resumo: aniquiladoras-, das

---

[168] Nunha colectánea actualizada de traballos nosos sobre estas falas de próxima aparición (*Achegas ás falas galegas do Val do Río Ellas*), exporemos nun dos capítulos unha proposta aberta e conxunta de codificiación "á galega" para as tres falas, produto do seu estudo durante case vinte anos e moitas horas de diálogo sobre este tema cos seus falantes máis conscientes e activos na escrita.

variedades lingüísticas galegas extramuradas, sobre todo no caso concreto das falas do Val do Ellas.

### 5.2. A indefinición e inconcreción legal do territorio onde se emprega.

No caso do galego de Estremadura o territorio onde se usa a lingua está perfectamente delimitado: nos concellos de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martiño de Trebello. Esta circunscrición lingüística vén recollida na declaración de Ben de Interese Cultural de 2001[169]. Se se lle quixeran aplicar medidas de fomento e protección da lingua a delimitación espacial non ofrecería dúbidas.

No caso do galego de Asturias e de Castela-León non hai nada oficialmente establecido. Os dialectólogos galegos estableceron con precisión as zonas de falas galegas e as microzonas onde se falan variedades de transición ao asturiano e ao leonés. A dialectoloxía sabe cales son os territorios concretos onde se deberían aplicar as medidas de fomento e protección da lingua. As administracións autonómica asturiana e castelán-leonesa prefiren non consultar cos especialistas e manterse nunha calculada ambigüidade que contribúa a xustificar a inacción.

En Asturias, a Lei de Uso e Protección do Bable/Asturiano (1998) di no seu art. 2 que:

> *El régimen de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido en esta Ley para el bable/asturiano se extenderá, mediante regulación especial al gallego/asturiano* ***en las zonas en las que tiene carácter de modalidad lingüística propia***[170].

---

[169] Art.1. *Se declara bien de interés cultural la* A Fala, *habla viva que existe en el valle de Xálama y más en concreto en las localidades de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno.*

[170] De agora en diante, as negriñas na reprodución de textos normativos son responsabilidade nosa.

Mais por ningures, en ningunha lei, artigo, disposición, emenda etc., aparecen delimitadas as tales "zonas", o territorio concreto, onde o "galego/asturiano" é a modalidade lingüística propia[171].

A dialectoloxía establece que son dezaoito os concellos galegófonos de Asturias: Boal, Castropol, Coaña, Eilao, El Franco, Grandas de Salime, Pezós, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Santiso de Abres, Santo Antolín de Ibias, Tapia de Casarego, Taramundi, A Veiga e Vilanova de Ozcos, xunto coas partes occidentais dos concellos de Allande, Navia e Villaión.

O Estatuto de Autonomía de Castela-León de 1999 dicía no seu art.4.2. que:

> *Gozarán de respecto e protección a lingua galega e as modalidades lingüísticas* ***nos lugares en que habitualmente se utilicen.***

Na reforma que se realizou neste Estatuto en 2007 dise no seu art. 5.2. que:

> *Gozará de respecto e protección a lingua galega* ***nos lugares onde habitualmente se utilice.***

Seguimos sen saber oficialmente cales son concretamente eses lugares de lingua habitual galega. Tampouco o leonés ten oficialmente un territorio delimitado onde se vaia fomentar ou protexer como establece o novo estatuto castelán-leonés.

O galego é lingua natural de vinte e un concellos de Castela e León. En León, na comarca do Bierzo, son os concellos de: Arganza (agás o lugar de La Mata), Balboa, Barxas, Borrés, Cacabelos, Camponaraia (agás o lugar de Érbedo), Candín (agás o lugar de El Espino), Carracedelo, Carucedo, Corullón, Oencia, Ponte de Domingos Flórez, Sobrado, Trabadelo, Veiga de Espiñaredo, A Veiga do Valcarce, Viladecais, Vilafranca do Bierzo, xunto coas pedanías de Fontoira (concello de Fabeiro),

---

[171] Atención a esta formulación: para as autoridades asturianas o galego de Asturias ("galego/asturiano") é unha "modalidade lingüística", mentres que o asturiano é unha lingua. A cuestión que queda no aire sería saber a que lingua pertence ou en que lingua se insire a tal "modalidade lingüística" que nin lingua é.

Guímara (concello de Peranzais) e San Pedro de Devesas e Fontes Novas (concello de Ponferrada). E en Zamora: Hermisende, Lubián, Pías, Porto e a pedanía de Calabor (concello de Pedralba de la Pradería)[172].

A dialectoloxía xa lle desbrozou o terreo e xa lles delimitou ás autoridades políticas o ámbito territorial de actuación que non figura nos regulamentos. Agora só cabería esperar a actuación efectiva desas autoridades aplicando leis e medidas protectoras e fomentadoras desa riqueza cultural que é o patrimonio lingüístico.

### 5.3. A ausencia dun censo actualizado de falantes por concellos e tramos de idades

Non existen censos lingüísticos oficiais de España en comunidades autónomas onde só o castelán é a única lingua oficial. Nos censos para estas comunidades autónomas non se inclúen preguntas sobre lingua falada distinta do castelán. Tampouco precisa España os criterios para definir "falante de lingua rexional ou minoritaria", por iso non podemos ofrecer datos fiables sobre o número de falantes de galego nas comarcas arraianas e no Val do Ellas. Si, en troques, manexamos unha serie de cifras aproximadas:

No Eo-Navia de Asturias habería preto de 40.000 falantes autóctonos de galego (o 4% do total da poboación asturiana pero o 70% da poboación destes concellos[173]), aos que habería que

---

[172] É de supoñer que o galego se falaría no concello zamorano de Requeixo ata principios do século XX. A microtoponimia inequívocamente galega deste concello, situado entre Hermisende e Calabor, xunto con moitos trazos lingüísticos e restos léxicos, delatan a galeguidade lingüística histórica deste concello. Ao se castelanizar intensamente pola chegada de centos de mineiros e familias foráneas o galego perderíase antes de 1930 (segundo noticias orais de veciños de Requeixo e dos concellos limítrofes) de aí que hoxe Calabor sexa unha illa, antigamente unida ao territorio lingüístico galego polo "itsmo" de Requeixo.

[173] Falan asturiano (con maior ou menor grao de interferencia do castelán) no resto de Asturias unhas 350.000 persoas, o 35% do total da poboación asturiana.

engadir 20.000 falantes máis no centro de Asturias como resultado da emigración galega ás zonas industriais asturianas.

O galego de Asturias é falado, proporcionalmente, polo dobre de habitantes có asturiano de Asturias, é a lingua autóctona administrativamente asturiana mellor conservada, mais nestes momentos é a máis ameazada de desaparición por xebramento do conxunto galego (negación oficial da súa filiación galega e "conversión política" nunha nova lingua) e pola galegofobia inxectada desde o goberno e os medios de comunicación asturianos aguilloando fantasmas de "invasión galega", "inxerencias de Galicia" etc., cando desde Galicia se manifesta lóxica preocupación polo futuro do galego no occidente de Asturias, igual que desde Asturias se manifesta lóxica preocupación pola sorte e a resistencia do asturleonés en León, Zamora e Miranda sen que ninguén nestas terras pense en "invasións" ou "inxerencias".

| | Galego no occidente de Asturias (Eo-Navia) | Asturiano no centro e oriente de Asturias |
|---|---|---|
| Entende | 94% | 68% |
| **Fala** | **72%** | **35%** |
| Le | 24% | 26% |
| Escribe | 16% | 21% |

**Cadro 14.** Usos lingüísticos en Asturias. Fonte: Llera Ramo (2003).

No Bierzo occidental de León habería uns 25.000 falantes autóctonos, aos que habería que engadir entre 8.000 e 10.000 falantes máis de galego como emigrantes, fundamentalmente no concello de Ponferrada. Nas Portelas e Calabor, en Zamora, o número de falantes rondará os 1.300 e no Val do Ellas o número de falantes está arredor dos 5.000.

En total haberá uns 70.000 falantes autóctonos do noso idioma nos territorios de lingua galega dos occidentes de Asturias e Castela-León e do noroeste de Estremadura. A estes poderíanselles engadir outros 30.000 galego-falantes non autóctonos emigrados desde Galicia ao centro de Asturias e ao

occidente de León para traballaren na industria e na minaría, o que fai un total de 100.000 galegofalantes en Asturias, León, Zamora e Cáceres. 100.000 galegofalantes de terceira división, sen apenas recoñecemento nin dereitos lingüísticos.

Ante a clamorosa ausencia de datos oficiais recentes (agás Galicia) ofrecemos uns datos aproximativos tirados nalgúns casos de estudos de organismos oficiais, e na maioría dos casos obtidos de traballos de entidades privadas e investigacións universitarias entre os anos 1992-1994 (Rubal *et alii* 1992, Costas 1992 e 1994, Llera Ramo 1994 etc.) e elaboramos a seguinte táboa sobre a lingua habitual nos territorios galegófonos[174]:

| | Asturias | León | Zamora | Cáceres | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| Galego[175] | 70% | 40% | 90% | 95% | 60% |
| Castelán[176] | 30% | 60% | 10% | 5% | 40% |

**Cadro 15.** Lingua habitual nas zonas galegófonas (datos de 1992-1994).

Nos territorios de fóra da Galicia actual (occidentes de Asturias, León e Zamora), e mesmo na actual nacionalidade histórica de Galicia, as porcentaxes de uso do galego serán hoxe inferiores –máis de quince anos despois desta recollida de datos[177]–, posto que o idioma está en continua regresión social, máis ralentizada en Galicia e moito máis acelerada nos territorios galegófonos de Asturias e León por dous motivos principais: desprestixio acelerado do idioma e ruptura da cadea transmisora interxeracional.

En Cáceres o uso do idioma mantense plenamente entre a poboación dos tres concellos onde se fala, o que mingua é a calidade da lingua, cada vez máis interferida polo castelán. En

[174] Estas estatísticas refírense á Terra Eo-Navia (oeste de Asturias), Bierzo Occidental (oeste de León), As Portelas (oeste de Zamora) e Val do Ellas (noroeste de Cáceres).

[175] Sempre ou maioritariamente.

[176] Sempre ou maioritariamente.

[177] Os últimos datos, ofrecidos polo Consello da Cultura (durante os *XII Encontros para a Normalización Lingüística*, 23-24 de setembro de 2010), deitan unha porcentaxe de galego-falantes habituais dun 56%.

Asturias, León e Zamora existe un acelerado proceso de substitución lingüística do galego polo castelán, mentres que en Cáceres, sen ningunha medida protectora e coa ausencia total do galego no sistema escolar e administrativo, hai unha asimilación lingüística do galego ao castelán por dialectalización progresiva.

Gustaríanos saber onde están agora as proclamas dos defensores da "liberdade de elección lingüística", onde, como e cando poden vivir "por elección" na súa propia lingua e na terra de seu estas persoas. Gustaríanos saber, á luz destes datos, cal é aquí (e no resto de España) a única lingua que se impón. Lembremos que estamos a falar de dereitos individuais das persoas e dereitos colectivos dos pobos, pero en España xa sabemos que só teñen dereitos lingüísticos as persoas que elixen (ou son cominadas a) vivir en castelán, os falantes doutras linguas somos cidadáns de segunda e os falantes desoutras variedades ou linguas en determinados territorios sen cooficialidade nin recoñecemento son falantes de terceira.

### 5.4. A mínima ou inexistente lexislación protectora da lingua no ensino e na administración nas diversas comunidades autónomas.

En España existe un claro desequilibrio lexislativo entre o castelán (lingua orixinaria do Reino de Castela, chamada español por antonomasia) e o resto das linguas consagrado de inicio na Constitución de 1978. O artigo 3 da Constitución española é a base do desequilibrio e do supremacismo da lingua castelá, tamén chamada española[178]:

[178] É significativa e moi rechamante a apropiación e exclusivización de etiquetas comúns que fixo sempre o antigo Reino de Castela (hoxe Reino de España): *español* (equivalente só de castelán), *hispánico* (entendido únicamente por castelán) ou *latino* (entendido como pertencente a país americano con lingua oficial castelá). O catalán non é tamén español? Un portugués non é tamén hispánico ou ibérico? Un quebequés ou un brasileiro non son tan latinos, polo menos de lingua latina, coma un mexicano ou un colombiano?

*Artículo 3.*

*1. **El castellano es la lengua** española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla.*

*2. **Las demás lenguas** españolas **serán también oficiales** en las respectivas Comunidades Autónomas **de acuerdo con sus Estatutos.***

*3. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección.*

O Reino de España, garantindo e consagrando a oficialidade total e preeminencia do español para todo o territorio estatal, concedeulle aos diversos estatutos de autonomía a potestade de recoñeceren (ou non) outras linguas e de oficializaren (ou non) outras linguas.

Deste xeito, España como Estado non se involucrou nin se involucra decididamente na defensa e fomento das súas linguas, oficiais ou non, diferentes do castelán, facendo desleixo da protección, promoción e difusión destas linguas nas mans da vontade ou falta de vontade das diferentes comunidades autónomas e incumprindo España reiteradamente deste xeito o art. 3.3 da Constitución española.

Hai comunidades e cidades autónomas que se inhiben nesa defensa e promoción, que ignoran as linguas minoritarias que hai no seu seo e non garanten en absoluto os dereitos lingüísticos dos falantes de linguas autóctonas distintas do castelán. Son sobre todo aquelas comunidades autónomas onde as linguas distintas do castelán son moi minoritarias demograficamente en comparación co total da poboación da comunidade ou cidade autónoma: o catalán de Aragón e Murcia (52.000 falantes), o aragonés (15.000), o vasco de Castela-León (300), o portugués de Castela-León e Estremadura (10.000), o árabe de Ceuta (35.000), o tamazight de Melilla (30.000), o galego de Asturias, Castela-León e Estremadura (70.000) e o asturiano de Asturias e León (365.000) quedaron sen recoñecemento de cooficialidade en cadanseus estatutos e só algunhas destas linguas nalgúns destes territorios tiveron un certo ou tímido recoñecemento e unha teórica protección legal en leis autonómicas, mais en ningún caso cooficialidade co español.

Son máis de medio millón os cidadáns españois cuns dereitos lingüísticos na práctica inexistentes, cando non totalmente ignorados.

O Goberno de España aplica xeralmente, segundo lle conveña en cada caso, o principio de non-inxerencia nas competencias autonómicas, consentindo así a inacción e o esmorecemento por abandono do patrimonio lingüístico español e europeo: portugués, tamazight, árabe, asturleonés, galego de Estremadura, catalán de Murcia etc., algo que por lei non debería facer. Se algunhas autonomías se inhiben na defensa do seu patrimonio lingüístico, o goberno español debería actuar de oficio nesa defensa e protección, como está obrigado polo art. 3.3 da Constitución.

Son diferentes os graos de recoñecemento e/ou protección que ten o galego nas tres comunidades autónomas onde se fala fóra de Galicia. En Castela e León, como tal galego, ten recoñecemento estatutario e polo menos unha mínima presenza escolar mediante un convenio entre a Junta e a Xunta de 2001. En Asturias, como "gallego-asturiano" non ten recoñecemento estatutario pero figura nunha lei autonómica como apéndice subalterno e secundario do asturiano. En Estremadura, como "fala" só ten o recoñecemento de Ben de Interese Cultural, ao mesmo nivel ca unha festa gastronómica, unha ermida románica ou un tipo de danza tradicional, e aínda por riba protexida pola competencia dos non-especialistas da Real Academia de Bellas Artes de Estremadura.

*5.4.1. Castela e León*

A presenza da lingua galega no articulado do Estatuto de Autonomía de Castela e León non aparece ata a reforma de 1999, cando se lle agregou o artigo "Valores esenciais".

*Artigo 4. Valores esenciais.*

*1. A* ***lingua castelá*** *e o patrimonio histórico, artístico e natural son valores esenciais para a identidade da Comunidade de Castela e León e*

*serán* ***obxecto de especial protección e apoio****, para o que se fomentará a creación de entidades que atendan ao dito fin.*

*2. Gozarán de* ***respecto e protección a lingua galega*** *e as modalidades lingüísticas nos lugares en que habitualmente se utilicen.*

Logo de aprobada a reforma de 2007 polo Congreso, o Senado[179] referendouna como Lei Orgánica 14/2007, de 30 de novembro, de reforma do Estatuto de Autonomía de Castela e León[180] e as referencias ao galego e mais ao Bierzo neste novo articulado, concretamente no art.5.3. quedaron así:

*Artigo 5. A lingua castelá e o resto do patrimonio lingüístico da Comunidade.*

*1.* ***O castelán*** *forma parte do acervo histórico e cultural máis valioso da comunidade, estendido a todo o territorio nacional e a moitos outros Estados. A Junta de Castilla y León fomentará o uso correcto do castelán nos ámbitos educativo, administrativo e cultural. Así mesmo, promoverá a súa aprendizaxe, sobre todo no ámbito internacional especialmente en colaboración coas universidades da comunidade, para o cal poderá adoptar as medidas que considere oportunas.*

*2.* ***O leonés*** *será obxecto* ***de protección específica*** *por parte das institucións polo seu particular valor dentro do patrimonio lingüístico da comunidade. A súa* ***protección, uso e promoción*** *serán obxecto de regulación.*

*3. Gozará de* ***respecto e protección a lingua galega*** *nos lugares onde habitualmente se utilice.*

---

[179] Todas as emendas presentadas polos grupos minoritarios relativas ao fomento da lingua galega ou do éuscaro foron rexeitadas. O senador do BNG Francisco Jorquera manifestou as súas críticas á reforma, que cualificou como "mellorábel", e defendeu o recoñecemento da diversidade idiomática de Castela e León, nomeadamente no referente ao uso do galego na zona do Bierzo, xa que de non o recoñecer "estarase fomentando un sentimento de desafección dunha serie de zonas de Castela e León".

[180] Publicada no BOE o 1 de decembro de 2007, e posteriormente no BOCyL, o 3 de decembro de 2007. Podemos consultar en galego o novo articulado do Estatuto de Castela e León no Suplemento n.º 32 en lingua galega, BOE do 14 decembro de 2007.

Verbo da comarca galego-falante do Bierzo, dise simplemente no Preámbulo da Lei de regulación da Comarca do Bierzo (1991)[181]:

> [...] *o estatuto recoñece a pluralidade e singularidade dos seus territorios, entre os que se atopan realidades, como a comarca do Bierzo cunha prolongada traxectoria institucional* [182].

Fóra do articulado da norma institucional básica de Castela e León a lingua galega tamén ten presenza como retórica baleira na Lei de patrimonio cultural de Castela e León[183], concretamente nos artigos 64 e 65. Estes artigos están insertos dentro do Título IV "Del patrimonio etnológico y lingüístico" desta lei e neles afírmase:

> *CAPÍTULO II. Do Patrimonio Lingüístico.*
> *Artigo 64. Definición.*
> *Integran o* ***patrimonio lingüístico de Castela e León*** *as diferentes* ***linguas, falas, variedades*** *dialectais e modalidades lingüísticas que tradicionalmente se viñeron utilizando no territorio da Comunidade de Castela e León.*
> *Artigo 65. Medidas de protección.*
> *1. A Administración competente adoptará as medidas oportunas tendentes á* ***protección e difusión*** *das distintas manifestacións do patrimonio lingüístico de Castela e León, tomando en consideración as características e circunstancias específicas de cada unha delas.*

O 4 de maio de 2009 a Junta de Castela e León e o Consello Comarcal do Bierzo asinaron un "Convenio marco" cuadrienal

---

[181] Nestes momentos (setembro de 2010) estase a reformar esta lei pero non se albiscan moitas posibilidades para a introdución de modificacións para o recoñecemento e oficialización do galego nos territorios bercianos onde é lingua natural.

[182] O Consejo Comarcal del Bierzo é a institución de goberno e administración da comarca do Bierzo, a única de Castela e León recoñecida como tal, segundo a Lei 1/1991, do 14 de marzo, pola que se crea e regula a Comarca do Bierzo, publicada no BOCyL do 20 de marzo de 1991.

[183] Lei 12/2002, de 11 de xullo, de Patrimonio Cultural de Castilla y León, publicada no BOCyL o 18 de xullo de 2002 e mais no BOE o 1 de agosto de 2002.

para o establecemento das liñas xerais de cooperación entre ambas as institucións. Este convenio, asinado antes da reforma da Lei da Comarca do Bierzo, menciona explicitamente a promoción da lingua galega e indica que o Consello Comarcal do Bierzo poderá asistir ás reunións da comisión de seguimento do programa de lingua galega (asinado entre a Xunta e a Junta) e que se estudará a participación plena da institución berciana nos futuros protocolos de promoción da lingua galega, tras o vencemento previsto do actual convenio en agosto de 2011.

No curso 2002-2003 deron comezo as aulas en lingua galega -unha hora semanal-, grazas ao convenio asinado pola Xunta e a Junta en 2002. Ata o curso 2006-2007 o alumnado deste programa non cursaba ningunha materia con contidos lingüísticos de lingua galega, só empregaban o galego como lingua vehicular unha hora á semana. Neste ano académico introduciuse a materia optativa de "Lingua e Cultura Galega"[184] en 4.º ESO e desde o curso 2007-2008 a materia optativa de "Lingua e Cultura Galega"[185] para os dous cursos de Bacharelato. Así, no curso 2008-2009 rematou a primeira promoción de estudantes bercianos que cursaron todo o "Programa para a Promoción do Idioma Galego" na ESO e no Bacharelato.

### *5.4.2. Asturias*

No Estatuto de Autonomía de Asturias (1981) non se di nada no art. 4.1. do "bable ou asturiano", senón unicamente do *bable*:

---

[184] "Orden Edu/965/2005, de 14 de julio, por la que se establece la asignatura optativa de Educación Secundaria Obligatoria «Lengua y Cultura Gallega» y se aprueba su currículo", publicada no *Boletín Oficial de Castilla y León* (BOCyL) o 21 de xullo de 2005.

[185] "Orden Edu/1190/2007, de 28 de junio, por la que se establece la materia optativa de Bachillerato «Lengua y Cultura Gallega» y se aprueba su currículo", publicada no BOCyL o 5 de xullo de 2007.

*El* ***bable*** *gozará de protección. Se promoverá su uso, su difusión en los medios de comunicación y su enseñanza, respetando, en todo caso, las variantes locales y voluntariedad en su aprendizaje.*

e no art. 10.21 especifícase a competencia do "*fomento y protección del bable en sus diversas variantes*". Non se menciona "asturiano" nin "gallego-asturiano" por ningures no Estatuto de Autonomía de Asturias. Outra cousa é que todo o mundo dea por entendido que o "bable" é unicamente a lingua asturiana[186], co que queda totalmente fóra desta ambigua mención estatutaria o chamado "galego-asturiano".

Na Lei 1/1998, de 23 de marzo de uso e promoción do Bable/Asturiano existe a referencia expresa a dúas linguas en Asturias: o bable/asturiano e mais o galego/asturiano (sic). Por tanto, legalmente non hai denominación de lingua asturiana senón de bable/asturiano, ao igual que legalmente só existe a denominación galego/asturiano. É curioso que os que en Asturias falan de lingua asturiana (e non de bable/asturiano como oficialmente recolle a lei) nunca falen de lingua galega (de Asturias) senón de lingua "galego/asturiana" (*sic*) ou de "fala" (*sic*). Entre os que empregan esta terminoloxía paralegal ou semilegal están o propio goberno asturiano e a maioría dos medios de comunicación, para os que existen en Asturias dúas linguas, castelán e asturiano, e unha entelequia lingüística denominada de mil maneiras antes que galego (de Asturias): galaico-astur, asturiano occidental, astur-galaico, gallego-asturiano, fala etc.

*Artículo 2. -Gallego/asturiano*
*El régimen de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido en esta Ley para el bable/asturiano se extenderá,* ***mediante regulación especial al gallego/asturiano*** *en las zonas en las que tiene carácter de modalidad lingüística propia.*

---

[186] "Según el Estatuto de Autonomía (...) en la Comunidad Autónoma del Principado de Asturias existe el *bable y sus variantes*, que se entienden que son modalidades lingüísticas de la lengua común, que es el *bable* o *asturiano*" (Pérez Fernández, 2006:261)

*Disposición adicional*
***El gallego-asturiano tendrá un tratamiento similar al asturiano*** *en lo que se refiere a protección, respeto, enseñanza, uso y tutela en su ámbito territorial.*

O 24 de febreiro de 2005 o goberno asturiano aprobou o Plan de Normalización Social do Asturiano 2005-2007 (PNSA). Neste documento recóllense medio cento de accións realizables para a normalización do asturiano (administración, ensino, toponimia, formación, literatura etc.), chamado ao longo do texto "nuestra lengua". No limiar dise que terá un tratamento similar ao asturiano en todas as medidas previstas o "gallego asturiano", "gallego-asturiano", "fala" ou "fala de occidente", que das catro confusas maneiras aparece citado neste texto oficial o galego de Asturias.

Ora ben, só se prevé a creación da titulación de Filoloxía Asturiana (acción 28), é a Academia de la Llingua a que forma profesionais en asturiano e "fala" (acción 44), e prevese só a celebración da *Selmana de les Lletres Asturianes* (acción 64). Con todo isto é máis que lóxico deducir o tratamento inferiorizante que se lle dá ao galego de Asturias, porque é cando menos patente a súa inexistencia plena para as autoridades asturianas.

Por desgraza para o asturiano o PNSA 2005-2007 quedou en caldo de castañas (ou "en auga de ovos", que dirían os galego-falantes eonaviegos) e nada ou moi pouco se chegou a aplicar. Ao galego de Asturias seríalle indiferente o cumprimento deste Plan porque non se conta con el para nada. Desde Asturias non permiten que Galicia poida alimentar o debilitado galego de Asturias, pero as autoridades asturianas tampouco o nutren porque o ignoran e por iso está a esmorecer de inanición.

### *5.4.3. Estremadura*

No Estatuto de Autonomía de Extremadura ningunha referencia se fai ás linguas faladas no seu territorio, nin existe ningún tipo de lexislación protectora do patrimonio lingüístico

estremeño. Unicamente temos un mínimo recoñecemento desta realidade na Orde de 14 de xuño de 2000 (*Diario Oficial de Extremadura* número 125, de 28 de outubro), pola que se declara *A Fala* (sic) como Ben de Interese Cultural.

Para esta declaración a Consejería de Cultura solicitoulle informes á Real Academia de las Letras y las Artes e mais ao Departamento de Artes da Facultad de Filosofía y Letras da Universidad de Extremadura (UNEX), non a ningún departamento de letras da Facultad de Filología da UNEX nin a organismos ou expertos españois, portugueses ou doutras nacionalidades.

Desde algunhas organizacións políticas e culturais estremeñas tense reivindicado as variedades destes tres concellos como unha "lingua nova" dentro do tronco galego-portugués, pero "lingua estremeña" sen vinculación co galego nin co portugués. Este repentino interese estremeño por estas falas produciuse xusto a partir do establecemento de fortes vínculos académicos e culturais entre concellos, institucións e asociacións galegas e destes tres concellos. Por suposto, o glotónimo aplicado para negaren a galeguidade destas falas é, unha vez máis, o ambiguo "Fala".

Pois ben, todas estas variedades galegas faladas fóra de Galicia e non oficiais en cadanseus territorios nin protexidas por leis de normalización, deberían ter un mínimo de protección se se aplicase no territorio español o estipulado na Parte II da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, asinada e ratificada por España en 2002 e da que falaremos un pouco máis adiante. A CELRM forma parte do bloque de constitucionalidade do sistema xurídico español, é decer, ten o mesmo rango constitucional cós estatutos de autonomía e outras leis, polo que a súa aplicación nestas zonas viría paliar grandemente a carencia de protección e lexislación lingüística autonómica de todas estas zonas.

## 5.5. O seu practicamente inexistente estudo científico nas universidades de Asturias e León e mínima existencia do estudo do galego no mundo escolar non universitario.

Na Universidade de Estremadura, en Cáceres, estúdanse as falas do Val do Ellas dentro da materia de Lingua Galega que existe no programa da licenciatura de Filoloxía Portuguesa. Isto é debido a que nesta universidade existe un lectorado de lingua galega. Tamén se fai algunha referencia a estas variedades cando se analizan as falas (galego)portuguesas en Estremadura. Ora ben, non se estudan como materia propia, peculiaridade lingüística estremeña diferenciada, nin se ofrece o seu dominio e coñecemento activo, por exemplo, para os estudantes de Maxisterio, futuros mestres.

En Estremadura non existe o ensino do galego no sistema non universitario (si o portugués, que é ensinado como segunda lingua estranxeira en medio cento de institutos), nin sequera no Val do Ellas, onde houbo un intento de introdución da lingua na escola no curso 2007-2008 que non prosperou por decisión político-administrativa[187]. Tampouco se ofrece o estudo do galego na Escola Oficial de Idiomas.

No Bierzo introduciuse timidamente o ensino dunha hora optativa á semana no curso 2001-2002. Comezaron a estudar unha hora á semana en galego naquel curso apenas uns poucos escolares en oito centros de primaria e catro de secundaria; neste último curso 2009-2010 xa foron máis de 1.000 os escolares bercianos que estudaron galego, ben como unha hora da materia de Ciencias Sociais e Naturais, ben xa como materia optativa de seu a partir do curso 2005-2006 nos últimos cursos da ESO e no Bacharelato. A este milleiro hai que lle engadir o centenar de adultos que estudan galego na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada (pero non nas EOI de León, Zamora ou Salamanca).

---

[187] Introduciuse o estudo das falas do Val do Ellas ou de Xálima como materia extraescolar coa denominación de *Taller de Lengua*. A matriculación nesta materia extracurricular foi do 100% do alumnado nos tres colexios dos tres concellos. A raíz disto, inexplicablemente (ou non), a Junta de Extremadura retirou a subvención para esta actividade e nunca máis se puido volver impartir.

Mais, a estes feitos ilusionantes e esperanzadores habería que lle apoñer as seguintes sombras:

a) Os profesores -especialistas en lingua galega-, subvenciónaos a Xunta de Galicia e selecciónaos a Junta de Castela-León. Galicia tamén paga e envía os materiais didácticos. Castela-León pon a infraestrutura. O goberno español non pon nada.
b) Hai algúns centros públicos que non poden ofrecer ensino en galego pola negativa das direccións dos centros e/ou dos claustros, a pesar dos pedimentos reiterados de colectivos de pais e alumnos.
c) Existen equipos directivos de centros (A Veiga do Valcarce etc.) que poñen todo tipo de pexas administrativas para evitar que se imparta a materia de galego: inexistencia da opción no sobre de matrícula, desinformación propositada, recomendacións para elixiren outras optativas etc.
d) Hai centros privados concertados aos que se lles nega oficialmente a posibilidade de impartiren galego porque o convenio actual, que vence en agosto de 2011, só rexe para o ensino público.
e) No colexio Tuela-Bibei de Lubián (Zamora) introduciuse o galego aínda no curso 2007/2008, debido á reiterada negativa da dirección do centro ata ese momento. O galego pode ser impartido porque dúas das mestras son galegas, non porque exista un profesor de galego.
f) A dirección do instituto público "Valverde de Lucerna" de Pobra de Seabra rexeitou en maio de 2007 a introdución desa hora semanal en galego en secundaria e do galego como materia optativa en bacharelato. Xa que logo, aos alumnos portelaos que chegan ao instituto négaselles a súa lingua por decisión dun claustro de profesores maioritariamente refractarios á lingua galega.

Nas universidades de Ovedo e León non existen lectorados de lingua galega e non se estuda nelas en ningunha licenciatura ningunha materia de lingua galega (malia a que na relación de materias optativas de segundo curso da licenciatura de Filoloxía

Románica de Ovedo exista sobre o papel a posibilidade de ofrecer Lingua Galega). Non se estuda galego nin en Filoloxía nin en Maxisterio, polo que moitos profesores e mestres formados en Ovedo chegan á terra eonaviega sen capacitación lingüística e, o que aínda é peor, sen ningún coñecemento da realidade lingüística destas zonas galegófonas.

En Asturias, o "gallego-asturiano" con norma asturianizante ensínase só nuns poucos centros públicos do Eo-Navia (sete de dazasete en primaria e catro de seis en secundaria nos últimos anos), impartido por profesorado titulado noutras disciplinas (Historia, Lengua española etc.) reciclado irregular e insuficientemente en breves cursiños impartidos pola Academia de la Llingua Asturiana (ALLA). O título oficial español de Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa non habilita para ser profesor de "gallego-asturiano", a non ser que se pase polo filtro ideolóxico da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA), que é quen incomprensiblemente expide os títulos de "Especialista en Gallego-Asturiano" que habilitan para poder optar a dar clases de galego de Asturias.

Hai centros de primaria da zona Eo-Navia onde a lingua autóctona impartida a nenos galegófonos é o asturiano central estándar e non o galego estándar nin ningunha das variedades galegas de Asturias, sen que as autoridades poñan freo a esta irregularidade. Máis aínda, a Conseyería de Educación del Principáu d' Asturies ofrece desde hai moitos anos unha praza de "Llingua Asturiana" en centros como o de Luíña-Ibias, en zona 100 % galegófona.

Rara vez se teñen ofrecido datos oficiais fiables do número de alumnos que estudan a materia optativa de "Gallego-asturiano" ou "Fala" (*sic*) pero hai bastantes centros onde nunca se ofreceu a materia, outros onde se imparte intermitentemente segundo os cursos (dependendo de se hai solicitudes suficientes ou non) e outros onde se deixou de impartir por falta de demanda. Estimacións non oficiais falan na actualidade de entre 180-200 alumnos reais en primaria e outros 70-80 en secundaria, con perda continuada de alumnado curso a curso. As causas desta mingua de alumnado son claras:

profesorado non especializado e mal formado, ausencia total de manuais e textos de apoio (literatura, métodos didácticos, vocabularios, libros de exercicios...), escasa ou nula rendibilidade sociolaboral da materia, infravaloración oficial e social desta lingua fronte a asturiano e castelán etc.

A titulación de "Especialista en Llingua Asturiana" obtense nun máster propio da Universidade de Ovedo (60 créditos, é decer, 600 horas) impartido en colaboración coa Academia de la Llingua Asturiana. A titulación de "Especialista en Gallego-Asturiano"[188], obtense asistindo a un cursiño de 60 horas organizado pola propia Academia de la Llingua Asturiana. A diferenza de trato e consideración académicos entre asturiano e "gallego-asturiano" é insultante e elocuente.

Mentres que na Universidade de Ovedo existen materias de lingua e literatura asturianas (en lingua asturiana) na Escola de Maxisterio (para a formación de mestres de ensino infantil e primario) e na Facultade de Filoloxía (para a formación de profesores de ensino secundario e bacharelato), outramente non existe ningunha materia universitaria de Lingua galega ou Lingua galega de Asturias. As autoridades asturianas queren introducir un grao ou postgrao universitario de Lingua e literatura en asturiano, pero ignoran a posibilidade de introducir sequera a materia de Lingua e literatura galega de Asturias nalgún grao ou como complemento formativo para o futuro profesorado[189]. Tampouco se ofrece o estudo do galego en ningunha Escola Oficial de Idiomas de Asturias.

---

[188] Obsérvese que non lle chaman lingua como ao asturiano; o galego de Asturias, para eles "gallego-asturiano" ou "fala", non se sabe moi ben se é lingua, fala, dialecto, rexistro, agrolecto ou xerga.

[189] O 26 de outubro de 2009 a Xunta de Persoal non universitario de Asturias emitiu unha "Resolución sobre la situación del gallego-asturiano" na que denunciaba que había centros sen profesorado especializado en "gallego-asturiano" e que non existían plans de formación específicos para este tipo de profesorado, algo que si está a ocorrer –afortunadamente- para o asturiano (véxase www.suatea.org/index_as.htm). Deste xeito, incúmprese flagrantemente a Disposición adicional da Lei 1/1998 de uso e promoción do Bable/asturiano, pois nela dicíase que o galego tería un tratamento similar ao asturiano "en lo que se refiere a protección, respeto, enseñanza, uso y tutela en su ámbito territorial". Nada disto se cumpre.

O 1 de abril de 2009 conseguiuse a introdución dun "Minor en Asturiano" no novo grao de Mestre en Educación Infantil da Universidade de Ovedo, non era o arelado grao de Mestre Especialista en Asturiano pero xa era un primeiro paso para o asturiano. Para o galego de Asturias nada. Paradoxal e incomprensiblemente a licenciatura oficial e o grao de Filoloxía Galega non capacitan para exercer como docente de "gallego-asturiano", mentres que un cursiño de 60 horas impartido pola academia doutra lingua diferente si.

A institución académica que se ocupa do galego de Asturias é a academia doutra lingua: a asturiana, caso único no mundo. En Asturias mesturan o que son competencias administrativas sobre o galego de Asturias (que lle corresponden unicamente ao goberno asturiano) con asesoramento científico sobre o galego de Asturias, que debería ser realizado pola Real Academia Galega pero corresponde, inexplicable e acientíficamente, á Academia de la Llingua Asturiana[190].

Se Asturias considera que o "gallego-asturiano" é unha lingua diferente do galego e do asturiano, por que non se lle crea unha academia propia? Na Lei 10/2009, de 22 de decembro, de uso, protección e promoción das linguas propias de Aragón, prevese a creación un Consello Superior das Linguas de Aragón (capítulo III) e de dúas academias (art.15.1): a Academia da

[190] O organismo oficial encargado de fixar a toponimia eonaviega é a Xunta de Toponimia del Principau d'Asturies, onde non hai ningún experto en galego. Este órgano acaba de remitirlle ao Goberno asturiano a proposta oficial da toponimia dalgúns concellos eonaviegos. No BOPA n.º 228 de 1-10-2010 aparecen as formas oficiais dos concellos de catro concellos eonaviegos sancionadas polo Goberno asturiano a proposta da mencionada Xunta de Toponimia. Observamos nestas oficializacións vulgarimos evitables (*Vilamiá* por Vilameá, *O Preiro* por O Pereiro), castelanismos imperdoables (*Villarede*, en Taramundi), asturianismos gráficos (*Peizáis, San Payo, San Cristobo, El Acebeiral*), vacilacións en topónimos semellantes (*A Ferreria/A Ferraría, Villarede/Vilamarín/Vilarpille, Chaudeleiras/ Chau do Monte* etc.) que denotan ningún coidado na oficialización da toponimia autóctona eonaviega. Se se tivese en conta o xa avanzado en Galicia e se estivese en relación coa Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, moi probablemente moitas destas eivas poderían terse evitado.

Lingua Aragonesa e mais a Academia Aragonesa do Catalán. Se Asturias fose un país normal neste tipo de temas e o goberno asturiano tivese vontade de rehabilitar e restaurar os usos sociais das súas dúas linguas autóctonas, tería unha Lei de linguas con vontade de aplicala, e aparte da Academia de la Llingua Asturiana podería existir unha Academia Asturiana da Lingua Galega, estreitamente vencellada á Real Academia Galega, que sería a encargada de asesorar as autoridades, fixar a norma, elaborar gramáticas e dicionarios etc. O que é inaudito e impensable é que este labor normativizador do galego de Asturias o vaia facer unha academia doutra lingua. O estudo científico e a fixación da norma do galego de Asturias está en mans da vontade maniática e desesperada dos dirixentes da Academia de la Llingua Asturiana.

**5.6. A negativa (de Asturias e Estremadura) a asinaren acordos bilaterais coa Xunta de Galicia para a promoción do idioma en diversos eidos, principalmente o escolar.**

Hai comunidades autónomas con lingua diferente do castelán (Galicia, Cataluña, Valencia) que se ocupan e preocupan de cadansúas linguas en situacións aínda máis delicadas noutras comunidades autónomas. Isto é visto ás veces como unha inxerencia por parte destoutras comunidades autónomas e é rexeitado política e mediaticamente mesmo con virulencia. É o caso da preocupación de Galicia polo galego de Asturias, Castela-León e Estremadura, expresado por acordos parlamentarios de solicitude de colaboración coas autoridades castelán-leonesas. As autoridades asturianas e estremeñas fan moi pouco ou nada pola protección e difusión do galego falado en cadanseus territorios, comezando por negaren politicamente que o alí falado sexa lingüisticamente galego, para lle restaren lexitimidade a esa preocupación procedente de Galicia.

Así, por exemplo, Cataluña financia e apoia as accións en favor do catalán da Franja del Ponent (Aragón), Valencia financia e apoia as accións en favor do catalán-valenciano en El

Carxe (Murcia), Euskadi financia e apoia as accións en favor do éuscaro en Castela-León (Condado de Treviño), centro-sur de Navarra e suroeste de Francia, e Galicia só pode financiar e apoiar as accións en favor do galego en Castela-León, porque Asturias e Estremadura se negaron sempre a tratar do tema, de maneira que non podemos pensar polo de agora na sinatura de convenios semellantes para a protección do galego, patrimonio lingüístico universal común tamén con Asturias e Estremadura.

Nas axendas das reunións mixtas gobernamentais Galicia-Asturias das dúas últimas lexislaturas sempre se evitou o aparentemente polémico tema da lingua no Eo-Navia, os mandatarios autonómicos nunca se mollaron; sempre desde Asturias se rexeitou e condenou todo ofrecemento de axuda desde sectores do galeguismo cultural. Desde Asturias nada se fixo para preservar e revitalizar socialmente as falas do Eo-Navia e tampouco consentiron que desde Galicia se quixera axudar.

Durante o período que gobernou o bipartito PSOE-BNG en Galicia, 2005-2009, con algunhas inicitativas do BNG tentáronse achegamentos aos parlamentos e gobernos asturiano, castelán-leonés e estremeño que, nas escasas ocasións en que se plasmaron en encontros cordiais, non pasaron da pura cortesía política sen froito nin concreción ningunha pola falta de receptividade das autoridades asturianas e estremeñas.

Desde a oficialidade asturiana, sexa goberno ou sexa a Academia de la Llingua Asturiana (ALLA), nunca se lle prestara atención ao galego de Asturias ata que desde Galicia alguén se ofreceu a axudar a esta variedade galega e aos seus falantes. Deste xeito, todo movemento oficial ou paraoficial asturiano non é senón unha réplica a un anterior movemento ou acción a favor da defensa e do recoñecemento da galeguidade lingüística das falas eonaviegas. Vexámolo máis claro con este cadro:

| Ano | Pro-galeguidade lingüística e cultural | Negacionistas da galeguidade lingüística e cultural |
|---|---|---|
| 1986 | Nace o Grupo Eilao en defensa da lingua galega | |
| 1989 | Fúndase a Mesa prá defensa del galego de Asturias (MDGA) | Nace a Asociación Xeira (pro-asturianista e antigaleguista). |
| 1990 | Publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* (MDGA) | |
| 1992 | Saída das revistas da MDGA *A Freita* (bimensual) e *Britonia* (anual) | |
| 1993 | | Redacción da *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego asturiano* (Conseyería d'Educación) |
| 1995 | | Modificación de estatutos da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA) para incluíren agora as falas eonaviegas[191] |
| 1996 | | Nace a revista *Entrambasaguas* (con financiamento oficial)<br>Créase no seo da ALLA a Secretaría Llingüística del Navia-Eo |
| 2005 | I Escola Fermín Penzol da Universidade de Vigo (Ribadeo) | |
| 2007 | Publícase o primeiro volume da colección *Òlga* sobre textos literarios galegos do Eo-Navia: *Évos un amaicer guapo*, de Xoán Babarro. | *Normas ortográficas del gallego-asturiano* (Secretaría Llingüística del Eo-Navia, Academia Asturiana) |
| 2008 | Publícase o segundo volume de *Òlga: A herdade que nós temos*, de | I Encontro d'escritores en Gallego-Asturiano (financiamento oficial) |

[191] Os estatutos da Academia de la Llingua Asturiana de 1980 só facían referencia ao estudo e promoción do asturiano. Porén, na modificación destes estatutos de 1995 (BOPA 14 de xuño de 1995) dise no art.1.k): *A todos los efectos la ALLA promoverá y velará por la variante gallego-asturiana o astur-galaica*. E con isto a ALLA xa se autolexitima para fagocitar o galego de Asturias. Nestes estatutos refírense ao galego de Asturias como "variante gallego-asturiana o astur-galaica"; se é variante, de que lingua é variante? Polo visto, e aos efectos prácticos, para a ALLA debe ser variante do asturiano, por iso lle crean no seu seo unha Secretaría Llingüística para el Navia-Eo un ano despois, en 1996.

| | | |
|---|---|---|
| | Suso Fernández Acevedo. | Nace con financiamento oficial a revista *Trabatel* de literatura eonaviega. |
| 2009 | IV Escola Fermín Penzol (Ribadeo).<br>Publícase o terceiro volume de *Òlga: Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia*, de Rita Bugallo González. | |
| 2010 | Publícase na colección *Ólga* o libro-CD recopilatorio: *A xente que soña desperta: recolla de achegas á lingua e á literatura galegas de Asturias.* | |

**Cadro 16.** Abalos e devalos na defensa do galego do Eo-Navia.

Decatémonos por exemplo –como detalle significativo–, de que moitos autores hoxe celebrados, laureados e reivindicados en Asturias serían totalmente descoñecidos na terra de seu se antes non os rescatase do esquecemento e os valorase o investigador Xoán Babarro nos seus traballos[192] .

## 5.7 Os incumprimentos reiterados da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias:* entre a ignorancia e a belixerancia.

A protección das linguas rexionais e minoritarias no ámbito xeográfico europeo ten o seu instrumento específico na *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (CELRM) do Consello de Europa. A CELRM é un texto asinado por España en 2001 e ratificado en 2002. O seu valor e forza de Lei resulta indiscutible, e desde a perspectiva constitucional integra o

[192] Fundamentalmente do volume II da súa obra *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística* (2003), pois entre as páxinas 202-321 introduce textos literarios de sete autores destas terras, moitos dos cales ata que foron recuperados e dignificados por Babarro eran completamente descoñecidos para case todo o mundo: Ignacio Pérez González, Conrado Villar Loza, Cándido Sanjurjo, Benjamín López, Antolín Mediante Ferraría etc.

bloque de constitucionalidade xunto co artigo 3 da Constitución española e os preceptos que sobre a materia lingüística conteñen os estatutos de autonomía. É decer, a sinatura e ratificación da CELRM por España confírelle rango de lei e obriga as institucións e gobernos ao seu cumprimento, como a propia Constitución ou calquera un estatuto de autonomía; con todo, é un texto descoñecido ou reiteradamente incumprido por moitos gobernos autonómicos e tamén incumprido desde hai vinte anos polos distintos gobernos españois.

En comunidades autónomas onde existen leis de normalización esta CELRM pouco anova pouco ou pouco engade verbo do xa prescrito nesas leis, pero en autonomías onde non hai nin recoñecemento estatutario ou legal nin protección efectiva (por exemplo Asturias, Castela-León, Estremadura, Murcia ou Aragón), esta texto legal é un instrumento vital e imprescindible para o mantemento e desenvolvemento da pluralidade lingüística, xa que recoñece dereitos dos falantes de linguas rexionais ou minoritarias en materias de ensino, administración, medios de comunicación, xustiza etc., que os estatutos de autonomía ignoran ou denegan.

España segue a incumprir unha longa listaxe de compromisos adquiridos na sinatura e ratificación da CELRM, comezando xa por incumprir reiteradamente o art. 1 ao non indicar a cales linguas lles vai aplicar a CELRM e que articulado lle vai aplicar a cada unha das linguas. España ratificou este tratado cando gobernaba o PP con José María Aznar de presidente e evitou propositadamente indicar cales eran as linguas atinxidas polos beneficios da *Carta* por dous motivos fundamentais:

a) Para canear a polémica sobre a denominación da lingua falada en Valencia, catalán ou valenciano.
b) Porque recoñecerlle dereitos ao galego, por exemplo, significaría recoñecerllos en todos os territorios onde o galego fose lingua natural, autóctona, e iso colidiría co non recoñecemento territorial de cooficialidade en diversos estatutos de autonomía (Asturias, Castela-León

e Estremadura); e o mesmo pasaría co catalán en Aragón e Murcia e co vasco en Castela-León e Navarra.

Os seguintes gobernos estatais, tanto do PP coma do PSOE, tampouco nada fixeron por dar a coñecer a CELRM nos lugares onde sería perfectamente aplicable e onde sería máis necesaria a súa aplicación. A CELRM asinouse e ratificouse por corrección política pero máis nada. España abandonou de inicio en mans das diversas autonomías o esforzo (accións e tamén financiamento) na promoción e difusión das linguas distintas do castelán, esquecéndose ela mesma de fomentar o (re)coñecemento da súa riqueza e pluralidade lingüística e cultural, sobre todo nas comunidades autónomas onde non existe dobre cooficialidade lingüística, a pesar dalgúns regulamentos recentes que teoricamente instan a este recoñecemento. Por exemplo, no art.2 da Lei Orgánica de Educación, Lei 2/2006 de 3 de maio, dise no epígrafe g) que esta lei se orientará a conseguir entre outros os seguintes fins:

> g) La formación en el respeto y **reconocimiento de la pluralidad lingüística y cultural de España** y de la interculturalidad como un elemento enriquecedor de la sociedad.

Nada disto se está a fomentar e, na maioría de España, existe unha grande ignorancia e descoñecemento (e polo tanto un gran desprezo) da pluralidade lingüística de España, cando non unha aberta belixerancia desde determinados estamentos mediáticos, sociais e políticos contra as outras linguas de España distintas do castelán.

Non hai información nin difusión nos centros educativos, universidades, administracións locais e autonómicas, administración de xustiza, corpos policiais etc., dos contidos, obrigas e beneficios da CELRM. Non hai ningunha pedagoxía social. Moitas administracións autonómicas, provinciais e locais non saben nin da existencia da CELRM nin das posibilidades que lles ofrece para a revitalización de cadansúas linguas ou variedades ameazadas. Non o saben nin as autoridades nin moito menos a maioría dos falantes desas variedades e linguas

en perigo. Se os falantes descoñecen a existencia duns dereitos, porque a administración non os informa, malamente os poderán exercer.

Non existe un organismo oficial que asesore ao goberno español en todos os campos de aplicación da CELRM en toda a súa extensión, fundamentalmente nos territorios das linguas carentes de cooficialidade ou lexislación autonómica protectora.

O 6 de xullo de 2007 (R.D. 905/2007) creouse o Consello das Linguas Oficiais na Administración Xeral do Estado e mais a Oficina para as Linguas Oficiais, dependentes ambos os organismos do Ministerio de Administracións Públicas, pero na nosa opinión estes son órganos que non serven en absoluto para cumprir cos obxectivos da ratificación por España da CELRM, polos seguintes motivos:

1) Son órganos interministeriais do goberno español que só van velar pola introdución das outras linguas oficiais en cadanseus territorios na administración periférica do Estado, e só nos territorios de dobre oficialidade estatutaria[193].

2) O órgano científico de referencia para este organismo é unicamente o Instituto Cervantes e non ningunha academia ou órgano homólogo das outras linguas de España.

3) As comunidades autónomas con cooficialidade estatutaria poden ter voz pero non voto na toma de decisións. As comunidades autónomas con varias linguas pero sen cooficialidade estatutaria nin serán tidas en conta.

4) As accións e medidas en favor das linguas deste novo organismo non repercutirán nas linguas non cooficiais estatutariamente, co que se incumpre gravemente o art.7"b da CELRM verbo do respecto á área xeográfica de cada lingua: galego en Asturias, Castela-León e

[193] Ningún beneficio lingüístico sería posible aplicar en Aragón, Asturias, Castela-León, Ceuta, Estremadura, Melilla e Murcia, pois en cadanseus estatutos a única lingua oficial existente é o castelán ou español.

Estremadura; portugués en Castela-León e Estremadura; asturiano en Asturias e Castela-León; aragonés en Aragón; catalán en Aragón e Murcia; árabe en Ceuta e tamazight en Melilla.

Sería moi necesario en lugar deste órgano meramente administrativo e excesivamente centralista a creación dun verdadeiro Consello das Linguas de España onde houbese representantes dos gobernos das comunidades e cidades autónomas onde se falan linguas distintas do castelán (Galicia, Asturias, Castela-León, Euskadi, Navarra, Aragón, Estremadura, Valencia, Murcia, Baleares, Ceuta e Melilla), das academias ou institutos das diversas linguas, especialistas en lexislación e dinamización lingüística e, evidentemente, representantes cualificados do goberno español. Este órgano sería o que asesoraría ao goberno español na aplicación da CELRM nos diversos eidos: ensino, administración, xustiza, medios de comunicación, toponimia etc., e canalizaría as demandas sociais dos usuarios das linguas rexionais e minoritarias de España. E sería moito máis efectivo e completo se pudiesen estar como observadores con voz representantes de asociacións de escritores, movementos cívicos, sindicatos e partidos políticos.

Lembremos que a Parte II da CELRM, a parte "light", é de obrigada **aplicación a todas as linguas** faladas no territorio de cada estado asinante, citadas expresamente ou non no documento de ratificación, mentres que a Parte III (a que máis beneficios e máis concrecións contén) só é aplicable ás linguas rexionais recoñecidas por cada estado, no caso de España só para as linguas estatutariamente cooficiais pero sen mencionalas (galego só en Galicia, catalán só en Cataluña, Valencia e Baleares; e vasco só en Euskadi). Pero onde máis falta fai que se aplique a CELRM é precisamente nas comunidades sen cooficialidade nin recoñecemento estatutarios ou sen leis ou medidas de protección.

No *Informe* 2002 para o Consello de Europa, España só citaba tres linguas incluibles nas beneficiarias da Parte II da

CELRM: asturiano de Asturias (e moi tanxencialmente "gallego-asturiano" de Asturias); catalán de Aragón e aragonés de Aragón, esquecendo o resto. No *Informe* de 2005 xa se mencionaba o galego de Castela-León (pero descoñecendo que estaba recoñecido estatutariamente, aínda que non fose cooficial).

No *Informe* 2008 a listaxe de linguas potenciais beneficiarias das medidas contidas na Parte II da CELRM xa era bastante máis ampla: asturiano de Asturias, galego de Asturias, galego de Castela-León, galego de Estremadura, portugués de Estremadura, árabe de Ceuta, tamazight de Melilla, aragonés de Aragón, catalán de Aragón e catalán de Murcia, grazas fundamentalmente ás contribucións e achegas de organismos non gobernamentais, asociación cívicas e gobernos autónomos. No caso do galego arraiano e valego foron decisivas a intervención da Secretaría Xeral de Política Lingüística que dirixía Marisol López e mais o dossier remitido polo Observatorio de Dereitos Lingüísticos da Mesa pola Normalización Lingüística.

### 5.8. Os incumprimentos concretos da CELRM e a desatención ás reiteradas recomendacións do Consello de Europa

Con esta Parte II da CELRM, aplicable como mínimo a todas as linguas rexionais de cada estado, España comprometíase a garantir uns mínimos dereitos a recibir educación da propia lingua, literatura e historia; ao dereito ao uso da propia lingua na xustiza, na administración, na toponimia, nos propios nomes e apelidos, na sanidade, nos medios de comunicación, na cultura, nas empresas etc.; a garantir a área xeográfica de cada lingua rexional de maneira que as divisións administrativas non supuxesen obstáculo para a promoción da lingua; a garantir o mantemento de relacións entre grupos falantes dunha lingua idéntica ou próxima; a promover os intercambios transnacionais entre falantes da mesma lingua ou linguas próximas; a adoptar medidas tendentes a facilitar que o respecto, a comprensión e a

tolerancia en relación ás linguas rexionais figurasen entre os obxectivos educativos xerais; a difundir os contidos e beneficios do articulado desta Parte II (no referente a dereitos na educación, na administración, na xustiza, na sanidade etc.) entre os seus posibles beneficiarios etc. Pero a triste realidade é que, case vinte anos despois, nada disto se está a levar a cabo. Vexamos os principais incumprimentos concretos:

5.8.1 España segue sen recoñecer explicitamente a cales linguas lles vai aplicar os beneficios da *Carta*, limítase a decer simplemente que "a aquelas linguas recoñecidas oficialmente nos estatutos" pero non as nomea. Se as nomease, como lle pide reiteradamente o Consello de Europa, a CELRM sería de inmediata aplicación no seu maximum ao galego de Valdeorras e ao do Bierzo, ao de Ribadeo e ao de Castropol, ao da Gudiña e ao de Lubián, ao de Corcubión e ao das Ellas.

No *Informe* dos expertos do Consello de Europa de 2005 sobre a aplicación da Carta en España só se falaba do galego de Castela-León, nin se mencionaba o de Estremadura e ao de Asturias chamábanlle indistintamente "galego de Asturias" ou "galego-asturiano".

No *Informe* de 2008 é a primeira vez que se fai referencia nun documento oficial ao "galego de Estremadura".

> *Además, el gallego es lengua de uso en territorios limítrofes pertenecientes a las comunidades de Asturias y Castilla y León, así como en tres pequeñas poblaciones de la Comunidad de Extremadura.* (p.31)

5.8.2. España segue sen concretar en cales partes do seu territorio residen os falantes desas linguas minoritarias, aínda cando a dialectoloxía xa lle adiantou con precisión onde e onde non.

5.8.3. España segue sen facilitar datos sobre coñecemento e uso das linguas minoritarias. Non hai censos lingüísticos oficiais.
As autoridades asturianas só lle facilitaron ao Consello de Europa para o *Informe* 2008 datos de uso do asturiano (lingua

asturiana, legalmente bable/asturiano) sen poñer ningún dato sobre o coñecemento e uso do galego de Asturias (ou galego/asturiano), dando mostras máis unha vez de desprezo cara ao galego de Asturias.

No *Informe* 2008 Castela-León facilitou datos sobre número de alumnos que estudan galego e número de centros que ofrecen galego na comarca occidental do Bierzo, pero non proporcionou cifras de falantes totais nos vinte e dous concellos galegófonos de Castela-León.

Verbo do galego de Estremadura, o máis novidoso é que por fin aparece referido no *Informe* 2008 cando se di que o galego tamén é lingua de uso en tres concellos estremeños (p. 31). Nin España nin Estremadura recoñecen esta realidade lingüística que atinxe a 5.000 cidadáns (o 95 % dos habitantes dos tres concellos do noroeste estremeño onde se fala), de feito non figura en ningún dos informes redactados polo goberno español ata agora sobre a aplicación da CELRM en España.

5.8.4 España comprometeuse a fomentar, por medio das medidas apropiadas, a comprensión mutua entre todos os grupos lingüísticos do país, actuando concretamente de maneira que o respecto, a comprensión e a tolerancia cara ás linguas rexionais ou minoritarias figurasen entre os obxectivos da educación e da formación impartida no país, e estimulando os medios de comunicación social a perseguiren o mesmo obxectivo.

O incumprimento deste punto é absoluto: non hai campañas de sensibilización e pedagoxía social sobre a riqueza das linguas de España; non se introduce o tema da riqueza lingüística na nova materia de Educación para a cidadanía; e non se estimula que os medios de comunicación –sobre todo os radicados na capital do Estado– sexan sensibles e favorezan un clima de coexistencia pacífica das linguas, máis ben ao contrario: o abandono deste obxectivo deixa o campo aberto para que unicamente se espallen cada vez con máis forza ideas glotófobas e xenófobas contra as linguas diferentes do castelán e contra os seus falantes.

En 2002, Ano europeo das linguas, o Senado español aprobou por unanimidade unha Moción para a introdución nos insititutos de toda España dunha materia optativa denominada 2ª Lengua española: galego/vasco/catalán. O seguinte trámite era trasladar ese acordo unánime ao Congreso. Pero as maiorías absolutas, primeiro do PP e despois do PSOE, fixeron que este acordo quedase na arca do faiado. En Cataluña hai institutos onde se están impartindo clases de Lingua Galega. En Galicia hai institutos onde se está impartindo clases de Lingua Catalá. Seguimos sen entender cal sería o problema que habería para que en calquera lugar do Estado fose posible estudar galego, vasco e/ou catalán, tanto en institutos como en E.O.I. ou universidades.

5.8.5 Incumprimento case total do ensino en galego nos territorios limítrofes con Galicia de fala galega.

Como vimos anteriormente, só no Bierzo e nas Portelas, de maneira tímida e desigual, é posible ver cumprida esta parte asinada e ratificada por España. En Asturias e Estremadura, ao non se recoñecer oficialmente a existencia de galego (co glotónimo "Fala" nos dous casos) non se ven "obrigados" ao ensino do galego, nin o Estado fai nada por llelo recordar. En Estremadura non se imparten clases máis que en castelán, e en Asturias hai algunhas clases de "gallego-asturiano", é decer, de galego de Asturias con normativa asturiana.

5.8.6. Incumprimentos concretos das recomendacións Comité de Expertos do Consello de Europa verbo da aplicación en España da CELRM.

5.8.6.1. No *Informe* 2005 do Comité de Expertos do Consello de Europa sinalábase que o único beneficio do que gozaba o galego en Castela-León era a súa simbólica introdución escolar e certa vitalidade cultural (música e teatro efectuadas por grupos amadores) e reivindicativa (desde as asociacións Escola de Gaitas de Vilafranca, Fala Ceibe e Xarmenta) pero no resto dos

eidos de uso (xustiza; administración autónomica, comarcal e local; medios de comunicación; visibilidade pública; toponimia; investigación; estudos oficiais; universidade etc.) era totalmente invisible e inexistente, a pesar das recomendacións do Procurador del Común (Valedor do Pobo) de Castela-León para que o goberno autonómico potenciase o galego nas zonas onde é lingua natural.

Pasados cinco anos o único feito positivo é –malia todos os atrancos- o aumento de alumnado nas materias de lingua galega nos centros onde se ofrece; no demais, todo segue igual, ou peor, porque co apagón analóxico e a introdución da TDT agora é difícil captar o sinal da TVG fóra dos lindeiros autonómicos de Galicia e nestas zonas arraianas teñen dificultades para poder sintonizar algunha televisión que emita en galego.

5.8.6.2. As recomendacións realizadas polo *Informe 2005* para o galego de Asturias foron reiterada e propositadamente incumpridas polo goberno do Principado de Asturias. Na conclusión Q do *Informe* 2005 do Comité de Expertos do Consello de Europa dicíase moi claramente:

> *La situación del gallego de Asturias no está clara, pero parece que apenas se han realizado esfuerzos para promover esta lengua, ya que* ***sigue sin reconocerse claramente su identidad específica como variante lingüística del gallego.***

O goberno de Asturias segue a negar acientificamente que no seu territorio se fale unha variedade da lingua galega e, no seu lugar, fala dunha nova lingua (*sic*) pero non fai nada por ela, ocúltaa ou discrimínaa moito máis gravemente do que discrimina o asturiano.

No punto 94 do *Informe* dicíase tamén que:

> *Aunque las autoridades competentes se comprometen en principio a promover esta lengua, es necesario redoblar los esfuerzos para promover la identidad especifica del gallego en Asturias.*

O certo é que o único que se promove é a morte por inanición desta lingua, por desprezo dos seus falantes e por rexeitamento político-mediático de toda axuda ofrecida desde Galicia.

5.8.6.2.1 Incumprimento do art.7."b (*respecto da área xeográfica de cada lingua rexional, de maneira que as divisións administrativas xa existentes ou novas non sexan unha pexa para o fomento da dita lingua*).

A realidade é que o único territorio galegófono onde parece que se fomenta algo a lingua é a Galicia administrativa. En Asturias trabállase por converter a fronteira administrativa en forzada e artificial fronteira lingüística e cultural primando e impóndolle a toda Asturias a lingua e a cultura do centro de Asturias como única lingua e cultura autóctonas xenuinamente asturianas.

5.8.6.2.2 Incumprimento do art.7."c (*necesidade da acción de fomento para salvagardar a lingua rexional*), punto 112 do *Informe* 2005: "*sigue sin estar claro si las autoridades han tomado medidas firmes, en particular en el ámbito de la enseñanza*".

Xa vimos anteriormente que no ámbito do ensino hai múltiplos incumprimentos e irregularidades: o número de centros onde se imparte galego con normativa asturianizante ("gallego-asturiano") estáncase ou mingua, mesmo hai centros en zonas galegófonas onde se dá asturiano estándar por galego; a formación dos mestres é ideoloxicamente refractaria contra o galego e pedagoxicamente moi limitada, encargándose dela unha institución doutra lingua; non se introduce nin como materia na universidade etc.

5.8.6.2.3 Incumprimento do art.7."d (*fomento do emprego oral e escrito na vida pública e privada*), punto 129 do *Informe* 2005: "*...la presencia del gallego-asturiano en la vida pública no es comparable con la del bable/asturiano (...) El Comité de Expertos alienta a las autoridades competentes a tomar medidas encaminadas a fomentar la presencia y visibilidad del gallego-asturiano en esta esfera.*"

O galego de Asturias segue sendo invisible. A TVA emite só en castelán (80%) e asturiano (20%); as campañas oficiais das diversas consellarías e do goberno asturiano só son en castelán (e algunhas poucas veces en castelán e asturiano); a sinalética dos organismos autonómicos está en castelán e asturiano; na universidade só hai castelán e (en moita menor medida) asturiano; a toponimia segue estando maioritariamente en castelán (ou en castrapo) e agora tamén algo en asturiano ou en galego con grafía asturianizante etc.

5.8.6.2.4 Incumprimento do art.7."e (*mantemento de relacións con grupos que empreguen unha lingua rexional falada de maneira idéntica ou parecida, e mantemento de relacións con grupos do Estado que falen outras linguas*), punto 137 do *Informe* 2005: "*No se facilitó información sobre el mantenimiento y refuerzo de los vínculos entre los gallegoparlantes que viven en Asturias y aquellos que viven en Galicia*".

Probablemente nunca se facilitará porque oficialmente en Asturias non hai galegofalantes senón "falofalantes" que falan "fala" ou "gallegoasturianofalantes" que falan "gallego-asturiano", outra nova lingua diferente do galego en opinión das autoridades políticas e académicas (da Academia) asturianas.

Máis aínda, cando existen estes contactos e vínculos entre asociacións cívicas e culturais, desde a oficialidade hai presións para rachalos e desde os poderes mediáticos hai terxiversación informativa para deostar as asociacións e institucións asturianas que se relacionan con outras galegas acusándoas despectivamente de "galleguistas". Por exemplo, os directivos dalgunhas asociacións culturais eonaviegas sofren literalmente "linchamentos mediáticos" cada vez que colaboran en actividades conxuntas con asociacións e institucións galegas.

A secretaria xeral de Política Lingüística de Galicia entre 2004-2009, Marisol López, intentou en innumerables ocasións manter entrevistas co seu homólogo asturiano para falaren de colaboración en beneficio dos galegofalantes de Asturias. O director da Oficina de Política Llingüística del Principado de

Asturies nunca lle respondeu, nin sequera por cortesía institucional.

Moita da culpa deste desencontro tamén a teñen as máximas autoridades autonómicas galegas e asturianas, porque obvian o asunto cada vez que se reúnen periodicamente para trataren de temas que afectan ás dúas comunidades autonómicas (intraestruturas, acordos de colaboración, intercambios científicos etc.). Como é un asunto mediaticamente delicado prefiren aparcalo sine die a afrontalo.

5.8.6.2.5 Incumprimento do art. 7."f (*provisión de medios para o ensino das linguas rexionais en todos os niveis*), punto 151 do *Informe* 2005: "*...las propias autoridades reconocieron que la formación del personal docente no cumple las normas establecidas para el bable/asturiano* (...) *sigue sin estar claro si realmente se enseña gallego-asturiano, y no el bable-asturiano...*"; punto 153 do *Informe* 2005: "*en lo que respecta a los libros de texto, se alienta a las autoridades competentes a aportar aclaraciones sobre las cuestiones arriba citadas y a informar al Comité de Expertos (...) sobre los resultados de la aplicación del mencionado plan de acción y sobre las medidas adoptadas.*"

Non existe tal plan de acción a favor da provisión de medios para o galego de Asturias, non hai libros de texto (ensínase por fotocopias) nin materiais pedagóxicos (agás un mínimo vocabulario temático infantil), pero en troques rexéitanse os materiais escolares, pedagóxicos, didácticos, musicais etc., producidos para o galego de Galicia e que moi ben poderían ser total ou parcialmente aproveitables para o galego de Asturias.

No ensino da literatura "gallego-asturiana" ignórase toda a literatura galega e portuguesa, mesmo a escrita en galego por autores desta zona desde a época medieval ata a época actual, e só se inclúen autores que escriben nuns galegos hiperdialectais da zona con grafía asturiana. A periodización da literatura "gallego-asturiana" faise cos moldes cronolóxicos da literatura asturiana e non da literatura galega nin doutros parámetros cronolóxicos propios.

Non se informa do número de centros onde se imparte "gallego-asturiano" sobre o total dos centros da zona galegófona, a progresión ou regresión no número e proporción de alumnos que estudan "gallego-asturiano". Non se informa porque existe interese en lle agochar a desfeita ao Consello de Europa.

5.8.6.2.6. Incumprimento do "Parágrafo 4 (*crearanse órganos encargados de asesorar as autoridades acerca das cuestións referidas ás LRM*), punto 202 do Informe 2005: "*No se proporcionó información con respecto a estas lenguas (gallego de Asturias, aranés, catalán de Aragón).*"

Cada lingua ten a súa academia, instituto de estudos ou órgano encargado de asesorar cientificamente ás autoridades administrativas. A Academia de la Llingua Asturiana recolle nos seus estatutos xurisdición "lingüística e científica" sobre o asturiano falado en León, Zamora e Miranda do Douro (Portugal) e de feito ten académicos destas zonas. Pero, sorprendentemente e agora cun criterio administrativo, a ALLA, desde 1995, antes non, tamén se recoñece a si mesma nos seus estatutos "xurisdición" sobre o "gallego-asturiano o astur-galaico" polo feito de ser unha "variedade" falada en Asturias.

Por iso o goberno asturiano non quere informar ao Consello de Europa sobre o órgano encargado de asesorar ás autoridades en temas de galego da zona Eo-Navia, porque en boa lóxica científica debería ser a Real Academia Galega, pero en pura ilóxica política é a Academia de la Llingua Asturiana (ALLA).

Ninguén imaxinaría que o Institut d'Estudis Cataláns puidese ter xurisdición científica sobre o aranés, lingua diferente aínda que tamén falada en Cataluña; o aranés non é catalán, por máis que os araneses sexan cataláns. Ninguén imaxinaría tampouco unha Real Academia Española atribuíndose xurisdición sobre "a variante lingüística asturiana". Pois tampouco non debería ser imaxinable unha Academia de la Llingua Asturiana con xurisdición científica sobre dúas linguas:

asturiano e galego de Asturias ou galego-asturiano. Mais a realidade é que así é.

Podemos concluír estas consideracións afirmándomos que na zona galegófona de Asturias hai unha dobre presión lingüística: a histórica do castelán e, actualmente e en moitísima menor medida, a actual do emerxente asturiano. Á histórica (re)presión do castelán engádeselle agora un intento de asturcentralización lingüística e cultural do occidente galegófono, tentando desde o goberno asturiano xebrar e varrer todo indicio de galeguidade lingüística e cultural.

Unha derradeira consideración glotonómica: ninguén se atrevería a denominar o catalán de Aragón como catalano-aragonés[194] ou afirmar que é lingua híbrida entre catalán e aragonés, porque é "catalán de Aragón", catalán autóctono falado en Aragón. Polo mesmo, o glotónimo "gallego-asturiano" debería ser evitado para non dar lugar a confusións: non é unha variedade mestiza mestura a partes iguais entre galego e asturiano, non é unha lingua híbrida ("lingua de transición" din os dirixentes da ALLA ignorando que todas as linguas e variedades románicas son transición de unhas a outras[195] pero que tamén hai límites evidentes entre unhas e outras), é galego de Asturias, galego con (lóxicos) trazos que o van aproximando ao asturiano, máis canto máis ao leste, pero mesmo as falas eonaviegas máis orientais só teñen un 19% de trazos asturianos fronte a un 78% de trazos diferencialmente galegos. Non son variedades ponte ou lingua ponte ou lingua de transición entre

---

[194] Mellor dito, si, hai quen se atreve: a plataforma No Hablamos Catalán e a FACAO (Federación de Asociaciones Culturales del Aragón Oriental) véñense manifestando nos últimos anos en contra da consideración do catalán da Franxa do Poente ou Franja del Ponent como catalán na nova Lei de Linguas de Aragón. Para estes grupos, o que falan 50.000 aragoneses do oriente non é catalán, é outra lingua nova: "aragonés oriental". Os argumentos filolóxicos para xustificar isto simplemente non existen, non importan. Sucede o mesmo cando desde algúns partidos ultranacionalistas asturianos se di que o falado no Eo-Navia é "asturiano occidental", as razóns filolóxicas sobran.

[195] Do mesmo xeito que as falas asturianas conformarían unha "lingua de transición" entre o complexo lingüístico galego e o complexo lingüístico castelán.

galego e asturiano, non o son porque en conxunto presentan un 12% de coincidiencia estrutural co asturiano fronte a un 87% de coincidencia estrutural co galego[196]

Para toda a filoloxía e a lingüística románicas e hispánicas non existe dúbida ningunha: o falado no Occidente de Asturias, entre os ríos Eo-Navia, é galego. O inventor deste hoxe problemático e manipulado glotónimo, Dámaso Alonso, designaba coa etiqueta de "gallego-asturiano" unha serie de "hablas fundamentalmente gallegas con algunos rasgos asturianos". Segundo a dialectometría actual, a proporción de distancia estrutural con galego e con asturiano (mellor dito a desproporción) non debería deixar lugar a dúbidas. Oxalá as autoridades asturianas o entendesen e colaborasen conxuntamente coas galegas para o mantemento e desenvolvemento desta riqueza común a galegos e asturianos.

Como o galego de Cáceres só foi recoñecido –a instancias de Galicia–, no último *Informe do Consello de Europa*, de 2008, pouco máis podemos engadir máis que sería posible aplicarlle todo este parágrafo anterior tamén ao galego do Val do Ellas, de Xálima, dos Tres Lugaris, valego ou xalimeiro, que de todas estas formas é coñecido.

Se as autoridades estremeñas quixeran colaborar coas galegas no fomento desta riqueza, coa base sociolingüística que xa existe nos tres concellos, sería relativamente doado facer deste val unha especie de santuario privilexiado da lingua común a galegos e estremeños, e non sería difícil traducir esta situación en termos de turismo cultural e revitalización económica do val.

O desaparecido Firme de Batribán, sabio gaiteiro de Vilanova de Ozcos, expresounos dunha volta ben ás claras o sentimento dos eonaviegos sobre o que falan cunha metáfora musical; este mesmo sentimento podería moi ben ser aplicable aos falantes de galego das outras zonas extramuradas:

---

[196] Vid. Asociación Abertal del Eo-Navia (2007: 57-64).

*Nosoutros alí na nosa zona tocamos uha gaita un pouco diferente da gaita galega. A nosa non é exactamente como a gaita galega peró é igual á gaita que tocan nalguhas zonas galegas como A Fonsagrada, Navia de Suarna, A Pontenova, Ribeira de Piquín i-outros sitos de Galicia, claro. Agora, se eu collo uha gaita asturiana, por exemplo das que fai El Praviano, non sein tocar nada de nada. E se collo uha gaita galega, por exemplo de Seivane, el da Ribeira, toco igual ca na mía dos Ozcos e toco de todo. Pos coa fala debe pasar uha cousa parecida, penso eu.*

### 5.9. Ramo

De aplicarmos un sinxelo cuestionario na liña do *Euromosaic* (1996)[197] con só unha vintena de ítems poderemos ter unha idea aproximada da vitalidade da nosa lingua en cada unha das zonas do exterior (Eo-Navia, Bierzo occidental, As Portelas e Val do Ellas) puntuando cada un destes diferentes epígrafes de 1 a 5 puntos, segundo o nulo, menor, medio, maior ou total cumprimento. Sobre un total de 100 puntos posibles, o galego de Galicia tería unha vitalidade dun 60 %, pois andaría arredor dos 60 puntos, pero estes galegos exteriores, nas condicións extremas de perda de prestixio e de falta de protección, non chegan a ter unha mínima visibilidade, presenza social e vitalidade, e pensamos que fundamentalmente é rechamante a súa escasa ou nula presenza nos tres piares básicos da recuperación lingüística: escola, administración e medios de comunicación.

Empregándomos como medidores de vitalidade da lingua items clásicos como porcentaxe de falantes, recoñecemento estatutario e cooficialidade, leis autonómicas protectoras, recoñecemento do glotónimo galego (coas súas implicacións na forma culta da lingua etc.), instrución primaria, instrución secundaria, estudo na universidade, xustiza, empresa, relixión, sanidade, medios de comunicación, cultura na lingua propia

[197] Vid. en http://ec.europa.eu/education/languages/languages-of-europe/ doc145_pt.htm máis información sobre o Euromosaic (1996).

(música, teatro, literatura de creación...), asociacionismo pola lingua, administración local, presenza en internet e recoñecemento da toponimia autóctona, a vitalidade presente destas falas é moi baixa:

| | |
|---|---|
| Galego do Eo-Navia (Asturias) | 19% |
| Galego do Bierzo (León) | 27% |
| Galego das Portelas (Zamora) | 28% |
| Galego do Ellas (Cáceres) | 25% |

En Asturias debido ao non recoñecemento legal, á forzada ruptura oficial co galego de Galicia e a súa práctica ausencia do mundo escolar, universitario, comunicativo e administrativo. No Bierzo, aínda con menos porcentaxe de falantes, a tímida introdución do galego na escola e a percepción dos medios de comunicación galegos (co prestixio conseguinte para a lingua) son factores de esperanza dunha posible recuperación idiomática; non son galegos, son bercianos de lingua galega. Pensar en cousa semellante en Asturias aínda é soñar.

Nas Portelas, grazas ao bastión de prestixio administrativo, cultural e dinamizador do Concello de Lubián, e tamén á frecuencia de contactos con Galicia e á recente presenza do galego na escola Tuela-Bibei, vanse suplindo outras carencias. No Ellas, ao igual que en Asturias, o problema non é a porcentaxe de falantes, é o non recoñecemento oficial do galego e o non emprego dunha normativa (para)oficial galega para a introdución da lingua no ensino e na administración, porque existir existe aquí un orgullo lingüístico moi grande.

Simplemente con que os concellos, asociacións cívicas e culturais e xente activa en defensa da lingua reclamase e reivindicase un mínimo cumprimento da Parte II da moi constitucional *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (presenza nas escolas e institutos, formación e capacitación de profesorado, presenza na universidade, na administración local, nos medios, no mundo cultural, no eido empresarial, dereito a empregalo na xustiza etc.) e a intensificiación de contactos coa Galicia "interior" (irmandamento de concellos; intercambios

escolares; premios literarios conxuntos; libre circulación de materiais escolares, audiovisuais, musicais e literarios; formación de persoal administrativo; extensión da cobertura informativa da RG e TVG a estas zonas etc.) poderíanse dar pasos de xigante na rehabilitación social para os novos tempos destas variedades da lingua galega.

O galego non é a lingua propia só dos galegos, tamén o é de 70.000 asturianos, bercianos, zamoranos e estremeños, é tan súa coma nosa e, por tanto, todos e todas temos que arrimar o lombo, os deste lado e os do outro lado da raia, pois a súa defensa e recuperación do idioma é labor común en todos os territorios onde é lingua propia e natural.

## 6. BIBLIOGRAFÍA


Academia de la Llingua Asturiana (2006): *Informe sobre la fala o gallego-asturiano. Una perspectiva histórica, social y lingüística.* Uviéu: Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana.

Acebedo y Huelves, B., e Fernández, F. (1932): *Vocabulario del bable de Occidente.* Madrid: Centro de Estudios Históricos.

Agirreazkuenaga Zigorraga, I. (2006): «La Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias del Consejo de Europa como derecho interno», en Pérez Fernández, J.M.(coord.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas de España.* Barcelona: Atelier, pp. 105-146.

Alonso, D. e García Yebra, V. (1959): "El gallego-leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa", en *Actas do III Colóquio Internacional de estudos luso-brasileiros.* Lisboa.

Alonso, D. (1972): *Obras completas* I. Madrid: Gredos.

Álvarez Castrillón, J.A. (2001): *Los Oscos en los siglos X-XIII: un modelo de organización social del espacio en la Asturias medieval.* Oviedo: edición do autor.

Álvarez Castrillón, J.A. (2008): *La comarca de los Oscos en la Edad Media. Poblamiento, economía y poder.* Oviedo: KRK.

Aparicio Casado, B. (1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega.* Sada: O Castro

Armesto, V. (1994): *Galicia feudal.* A Coruña: La Voz de Galicia.

Arzoz, X. (2008): "The protection of linguistic diversity through Article 22 of the Charter of Fundamental Rights", en X. Arzoz (ed.) *Respecting Linguistic Diversity in the European Union.* John Benjamins Publishing Company, pp. 145-173.

Asociación Abertal del Eo-Navia (2007): *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias).* Navia:

Asociación Abertal del Eo-Navia [reeditado dentro de Costas González, X.H. (ed.) (2010): *A xente que soña desperta: escolla de achegas á lingua e á literatura galegas de Asturias*].

Babarro González, X. (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística.* 2 vols. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Babarro González, X. (2004): «A fronteira do galego en Asturias», en Álvarez Blanco, R., Fernández Rei, F. e Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: Historia e Actualidade.* Santiago de Compostela: ILG/Consello da Cultura Galega, vol. IV, pp. 317-330.

Balboa de Paz, J.C. (1991): *El monasterio de Carracedo.* León: Diputación.

Baliñas Pérez, C. (1991): "El reino suevo de Galicia", en R. Villares (dir.): *Historia de Galicia,* Vigo: Faro de Vigo.

Barcia López, R.X. (1999): *Guía bibliográfica del gallego asturiano y la tierra Navia-Eo.* Uviéu: Principau d'Asturies.

Brañas, R. (1995): *Indíxenas e romanos na Galicia céltica.* Santiago: Follas Novas.

Calo Lourido, F. (1997): *A cultura castrexa.* Vigo: A Nosa Terra.

Calo Lourido, F. (2010): *Os celtas: unha (re)visión dende Galicia.* Vigo: Xerais.

Cano González, A.Mª (1982): *Vocabulario del bable de Somiedo.* Uviéu:IEA.

Caro Baroja, J. (1977): *Los pueblos del Norte.* Donosti: Ed. Txertoa.

Carpintero Arias, P. (2009): *Os instrumentos musicais na tradición galega.* Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Carrasco González. J.M. (1996): «Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. (ParteI: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama)», *Anuario de Estudios Filológicos,* XIX, pp. 135-148.

Carrasco González. J.M. (2000): «Las hablas de Jálama entre los dialectos fronterizos extremeños» in Salvador Plans, Antonio; García Oliva, Mª. Dolores; Carrasco González, Juan (coords.) *Actas del I Congreso sobre A Fala.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de

Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura, pp. 143-156.

Carrasco González, J.M. (2009): « La transición entre el gallego-portugués y el ástur-leonés», en X.Viejo Fernández (ed.) *Cien años de filoloxía asturiana (1906-2006)*, Uviéu: Alvízoras & Trabe, pp. 223-245.

Castro, I.; Marquillas, R.; León Acosta, J. (1991): *Curso de História da Lingua Portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.

Catalán Menéndez-Pidal, D. (1956-57): "El asturiano occidental: examen sincrónico y explicación diacrónica de sus fronteras fonológicas", en *Romance Philology* X (1956), pp. 71-92, e XI (1957), pp. 120-158.

Cintra, L.F. Lindley (1959): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonés e do galego-portugués do séc. XIII.* Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda. [Principalmente, capítulos «A linguagem dos Foros e o galego-português da região de Xalma», pp. 508-528; e « O galegoportuguês de Riba-Coa e o da região de Xalma - falares galegos do repovoamento», pp. 530-537.]

Cintra, L.F. Lindley (1974): «A linguagem dos foros e o galego-portugués de Xalma», en *Estudos de lingüística portuguesa e românica* I, Coimbra, pp. 508-537.

Consello de Europa (2005): *Informe del Comité de Expertos sobre la aplicación en España de la Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias* (21/09/2005), consultable en:
http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/EvaluationReports/SpainECRML2_es.pdf

Consello de Europa (2008): *Informe del Comité de Expertos sobre la aplicación en España de la Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias* (11/12/2008), consultable en:
http://www.coe.int/t/e/legal_affairs/local_and_regional_democracy/regional_or_minority_languages/2_monitoring/2.3_Committee_of_Experts%27_Reports/Spain_1st_report_esp.pdf

Costas González, X.H. (1992a) «Notas sociolingüísticas sobre os falares 'galegos' da Ribeira Trevellana (Cáceres)», *A Trabe de Ouro. Revista Galega de Pensamento Crítico*, XI, pp. 409-417.

Costas González, X.H. (1992b) «Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) da Ribeira Trevellana», *Cadernos de Lingua*, VI, pp. 85-107.

Costas González, X.H. (1996) «O galego de Extremadura: as falas do Val do Río Ellas» in Carrasco González, J. e Viudas Camarasa, A. (eds.) *Actas do Congresso Internacional Luso-Espanhol de Lingua e Cultura na Fronteira*. Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. 1, pp. 357-376.

Costas González, X.H. (1998) «Os subsistemas de sibilantes no galego do Val do Río Ellas» en Kremer, D. (ed.) *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, vol. 2, pp. 581-589.

Costas González, X.H. (1999a) «Unha vé había un rapá que comeu unha nó: o microsubsistema C do sub sistema thetaísta do galego» in Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.) *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 325330.

Costas González, X.H. (1999b) «Toponimia galega do Val do Río Ellas» in KREMER, Dieter (ed.) *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Trier / Sada, Universidade de Tréveris / Edicións do Castro / Centro de Documentación de Galicia "Galicien Zentrum", pp. 769-778.

Costas González, X.H. (1999c) «Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O "galego" do Val do Río Ellas (Cáceres)» in Fernández Rei, F. e Santamarina, A. (eds.) *Estudios de Sociolinguística Románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 83-106.

Costas González, X.H. (2000a) "Notas sobre o informe do Comité de Expertos do Consello de Europa: A aplicación da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* en España", n'*A Trabe de Ouro*, nº 63, pp. 417-428.

Costas González, X.H. (2000b) «Tipoloxía das falas do Val do Río Ellas» in *Actas do XVII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingilística*. Faro: Universidade do Algarve, pp. 98-111.

Costas González, X.H. (2000c) "Aspectos sociolingüísticos das falas do Val do Río Ellas (Cáceres)", en A. Salvador, J. Carrasco, e M.D. García (eds.), *Actas del I Congreso sobre A Fala*. Mérida: Presidencia de la Junta de Extremadura/Editora Regional de Extremadura, pp. 93-106.

Costas González, X.H. (2001) «Fronteiras linguísticas no Val do Río Ellas (Cáceres)», en *Revista de Filología Románica*, XVIII, pp. 35-50.

Costas González, X.H. (2003) «A cooficialización do galego fóra da Galicia administrativa», in Vázquez Facchini, A. (ed.) *A linguistica galega e portuguesa. Galicia desde Salamanca 4*. Salamanca/Santiago de Compostela: Universidad de Salamanca / Dirección Xeral de Política Lingiiística, pp. 133-159.

Costas González, X.H. (2004) «Historia e toponimia no Val do Río Ellas», in Álvarez, R. e Santamarina, A. (eds.) *(Dis)cursos da escrita. Escritos de filoloxía galega en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, pp. 81-99.

Costas González, X.H. (2005a) «Achegas ao léxico do galego falado no Val do Río Ellas», *Cadernos de Lingua*, XXVII, pp.127-153.

Costas González, X.H. (2005b) «Notas sobre o Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa: A aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias en España», *A Trabe de Ouro. Revista Galega de Pensamento Crítico*, LXIII, pp. 417-428.

Costas González, X.H. (2007a) «Análise sobre a situación do galego no Eo-Navia, O Bierzo, As Portelas e o Val do Ellas», *Longalingua*, nº11, pp.14-25. Santiago de Compostela: MNL.

Costas González, X.H. (2007b): «Os apañadores de palabras: o caderno do pastor, labrego e escultor valverdeiro Alfonso Berrío», *A Trabe de Ouro*, nº 70, pp. 115-133.

Costas González, X.H. (2008): «Zona IIIa. Provincia de Cáceres/ Xalma/ Língua, Cultura e História», en M. Barros Ferreira (coord.): *Bibliografía de língua e história na fronteira norte-sul*, pp. 351-365 [publicación en pdf. na rede consultable en http://www.camertola.pt/media/livro-bibliografia_1.pdf] [Consulta: 1/10/2010].

Costas González, X.H. (2008/2009): "A deturpación da toponimia galega do Eo-Navia", en *Cadernos de Lingua*, nº 30/31, pp. 5-26.

Costas González, X.H. (ed.) (2010): *A xente que soña desperta: recolla de achegas á lingua e á literatura galegas de Asturias*. Colección *Òlga*. Vigo: Universidade de Vigo [libro-DVD]. Este libro-DVD contén os volumes aumentados e corrixidos da colección *Òlga*: *Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias* (2007), 3ª ed., de Xoán Babarro González; *A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia* (2008) de Suso Fernández Acevedo; e *Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia* (2009), 2ª ed., de Rita Bugallo González. Ademais, inclúe os volumes *Textos dramáticos do Eo-Navia*, de Rita Bugallo; *Repertorio toponímico e xentilício da Terra Eo-Navia*, de Carlos Xesús Varela Aenlle; a reedición en catro idiomas (galego eonaviego, asturiano, castelán e catalán) do *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias)* da Asociación Abertal del Eo-Navia, que fora publicado en 2007 en Navia pola SAEGAO; e as *Orientaciois prá escrita do noso idioma*, tamén da Asociación Abertal del Eo-Navia.

Cuevillas, F. (1989): *La civilización céltica de Galicia*. Madrid: Itsmo, pp. 59-63.

David, P. (1974): *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI au XII siècle*. París.

Delibes, G. (s.d.): *El megalitismo ibérico*. Cuadernos de *Historia 16*, nº 233.

Díaz López, J. (1996): *Vocabulario d'A Roda (Tapia)*. Uviéu: Principau d'Asturies.

Díaz Santana, B. (2002): *Os celtas en Galicia: Arqueoloxía e política na creación da identidade galega*. Noia: Toxosoutos.

Domené Sánchez, D. (2008): "Orígenes históricos y pervivencia de A Fala", en *Revista Alcántara*, nº 68, pp. 79-94.

Durany Castrillo, M. (1989): *La región del Bierzo en los siglos centrales de la Edad Media (1070-1250)*. Santiago: USC.

Encabo Vera, M.Á. (2006): "Estatuto jurídico del patrimonio lingüístico de Extremadura", en Pérez Fernández, J.M.(coord.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas de España*. Barcelona: Atelier, pp. 501-512.

Fernández Morales, A. (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León.

Fernández de Prada, M. (1998): *El real monasterio de Santa María de Castañeda*. Madrid: San Pablo.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da Lingua Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fernández Rei, F. (1991): «Trazos linguísticos nos límites orientais da galeguidade», in González Reboredo, X.M. e Fernández de Rota, X.A. (eds.), *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da galeguidade I"* (celebrado no Cebreiro-A Pobra de Navia-Vilafranca do 5 ao 7 de xullo de 1990). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 113-128.

Fernández Rei, F. (1991-1992): «A normalización na "Franxa exterior" da lingua galega», *Cadernos de Lingua*, IV, pp. 5-25 e *Cadernos de Lingua*, V, 75-97.

Fernández Rei, F. (1994): «Galegisch: Areallinguistik (Áreas lingüísticas)», in *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, VI (2), pp. 98-110. Tübingen: Max Niemeyer.

Fernández Rei, F. (1994b): *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo: Xerais

Fernández Rei, F. (1994c):«Linguas fronteirizas: o galego da franxa occidental de Asturias e de Castela-León», en

*Variação linguística no espaço, no tempo e na sociedade.* Lisboa: APL/Colibri, pp.227-246.

Fernández Rei, F. (1996): «O galego de Asturias, León e Zamora. Situación sociolingüística», in Carrasco González, J. e Viudas Camarasa, A. (eds.) *Actas do I Congresso Internacional Luso-Espanhol de Lingua e Cultura na Fronteira.* Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. 1, pp. 277-308.

Fernández Rei, F. (1999): «A situación do galego en Galicia, Occidente de Asturias, de León e de Zamora», in Fernández Rei, F. e Santamarina, A.(eds.) *Linguas e variedades minorizadas. Estudios de sociolingüística románica.* Santiago: Servizo de Publicacións da USC, pp. 27 -8I.

Fernández Rei, F. (2000) «As falas de Xálima e a súa relación coa lingua galega. Notas sobre o "descubrimento" do "galego" de Cáceres», in Salvador Plans, A.; García Oliva, M.D.; Carrasco González, J. (coord.) *Actas del I Congreso sobre A Fala.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura, pp. 109-140.

Fernández Rei, F. (2002): "Galego de Asturias: delimitación e situación sociolingüística", en J.M. Gómez-Tabanera (coord./ed.) *En torno al Bimilenario del Eo.* Oviedo: Foro Cultural del Noroeste, pp. 941-971.

Fernández Rei, F. (2003): "A situación do galego nas comarcas occidentais de Asturias, León e Zamora", en Monteagudo, H. e Bouzada Fernández, X.(coords.): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000, vol.III, Elaboración e difusión da lingua.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 363-423.

Fernández Vior, J.A. (1998): *Vocabulario da Veiga.* Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.

Fink, Ó. (1929): «Contribución al vocabulario de Sierra de Gata», in *Volkstum und kultur der romanen,* vol. II, pp. 83-87.

Floriano Llorente, P. (1981): "Colección Diplomática del Monasterio de Villanueva de Oscos". Primera serie (1136-1200), *IDEA,* ano 35, nº 102. Oviedo, pp. 127-190.

Frades Gaspar, D. (1994): *Vamus a Falal. Notas pâ coñocel y platical en nosa fala*. Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura, 2000.

Frías Conde, F. (1997): «Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta», en *Revista de Filología Románica* XIV, pp. 241-256.

Frías Conde, F.X. (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VIP.

García Fernández-Albalat (1990): *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas*. Sada: Ed. do Castro.

García Larragueta, J. (1957): *Catálogo de los Pergaminos de la Catedral de Oviedo*. Oviedo.

García Rey, V. (1934): *Vocabulario de El Bierzo*. Madrid.

Gargallo Gil, E. (1995) «De fronteras lingüísticas peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades», *Lletres Asturianes*, LVII, pp. 23-40.

Gargallo Gil, E. (1999) *Las hablas de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno. Trilogía de los tres lugares*, Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura. Extremadura. [Inclúe tres traballos publicados anteriormente: «San Martín de Trevejo, Elas (As Elhas) y Valverde del Fresno: una encrucijada lingüistica en tierras de Extremadura (España)» (1994), «Valverdeiro(s), lagarteiro(s), mañego(s): a propósito de las hablas (y las gentes) fronterizas de Valverde del Fresno, Eljas y San Martín de Trevejo» (1996) e «La Fala de Xálima entre los más jóvenes: un par de sondeos escolares (de 1991 y 1992)» (1996) ].

Gargallo Gil, E. (2000a) «¿Se habla gallego en Extremadura? Y otras cuestiones, no menos delicadas, sobre romances, gentes y tierras peninsulares de frontera (con sus nombres)», in Salvador Plans, A; García Oliva, M.D.; Carrasco González, J. (coords.) *Actas del I Congreso sobre A Fala*. Mérida: Editora Regional de Extremadura y

Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura, pp. 53-73.

Gargallo Gil, E. (2001) «Aranés, mirandés, ¿valego? Tres enclaves romances de fronteira, tres retos de supervivencia e preservación da identidade na Europa do novo milenio», *A Trabe de Ouro. Revista Galega de Pensamento Crítico*, XLVII, pp. 349-363.

Gargallo Gil, E. (2007): «Gallego-portugués, iberorromance. La fala en su contexto peninsular», *Límite*, nº1, pp. 31-50. Cáceres: UNEX.

Gargallo Gil, E. (2009): "Fronteras y enclaves en la Romania. Encuadre romance para la Fala de Xálima", en *Límite*, nº 3, Cáceres: UNEX.

González González, J. (1942): "Repoblación de la Extremadura leonesa", en *Hispania* IX, pp. 195-273.

González González, J. (1943): *Regesta de Fernando II*. Madrid.

González González, J. (1944/45): *Alfonso IX*. 2 vols. Madrid.

González González, M. (1999) (coord.): *Atlas Lingüístico Galego*, vol. III: *Fonética*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.

González López, E. (1957): *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia*, Buenos Aires: Citania, pp. 36-39.

González Salgado, J.A. (2003): *Cartografía lingüística de Extremadura. Origen y distribución del léxico extremeño* [CD-ROM]. Madrid: Universidad Complutense de Madrid. [Tese de doutoramento lida na Facultad de Filología da Universidad Complutense de Madrid o 18/10/00. Con 418 mapas lingüísticos e etnográficos (un punto de enquisa establecido en As Ellas/Eljas). [consultable on-line en: http://www.geolectos.com [consulta: 01.10.2010].

González Salgado, J.A. (2010): *Hablas extremeñas y toponimia: bibliografía*. Consultable on-line en: http://www.geolectos.com [consulta: 01.10.2010].

Grupo de trabayo prá investigación didáctica y normativa (1993): *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del ga(l)lego asturiano*. Oviedo: Conseyería d'Educación, Cultura, Deportes y Xuventú.

Gutiérrez Tuñón, M. (1987-1988): "Diccionario [voces de El Bierzo]", en *Estudios Bercianos* 6, pp. 140-155 e 7, pp. 107-111.

Gutiérrez Tuñón, M. *et alii* (1996-): *Atlas Lingüístico do Bierzo (ALBI).* Vol.1: Léxico 1. Ponferrada: Instituto de Estudos Bercianos.

Krüger, F. (1925): *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete: Ein Beiträge zur spanischen und portugiesischen Volkskunde.* Hamburgo.

López Fernández, F. S.(1994) *Topónimus d'As Ellas y rimas en lagarteiru.* Salamanca: edición do autor.

López Fernández, F.S.(1999) *Arreidis. Palabras y ditus lagarteirus.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura.

López Lajas, I. (1998) *Seis sainetes valverdeiros.* Edición e notas de X.H. Costas González. Compostela: Edicións Positivas.

López Mira, A. X. (1998): *A Galicia irredenta.* Vigo: Xerais.

Llera Ramo, F.J. (1994): *Los asturianos y la lengua asturiana. Estudio sociolingüístico para Asturias 1991.* Uviéu: Conseyería de Cultura del Principáu d'Asturies.

Llera Ramo, F.J. y Sanmartín Acuña, P. (2003): *II Estudio sociolingüístico de Asturias 2002.* Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.

Maia, C. de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho do Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilha.* Suplemento IV da Revista Portuguesa de Filologia. Coimbra: Instituto de Estudos Românicos.

Maia, C. de Azevedo (1988): *História do galego-português. Estudo lingüístico da Galiza e do noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XV.* Coimbra: INIC.

Maia, C. de Azevedo (2000): «Os dialectos de Xalma: Problemática e perspectivas de pesquisa», Salvador Plans, A; García Oliva, M.D.; Carrasco González, J.(coords.) *Actas del I Congreso sobre A Fala.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura, pp. 77-91.

Marcos García, G. (s/d): *Singular habla del noroeste cacereño: A Fala.* [Estudo inédito de 110 páxinas].

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega.* Santiago: Sotelo Blanco.

Martín Durán, J. (1999): *A fala. Un subdialecto leonés en tierras de Extremadura.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura.

Martín Galindo, J.L.(1996): «O fenómenu lingüístico y cultural do Val de Xálima - El fenómeno lingüístico y cultural del Valle de Jálama», in Carrasco González, J. e Viudas Camarasa, A. (eds.) *Actas do Congreso Internacional Luso-Espanhol de Lingua e Cultura na Fronteira.* Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. 1, pp. 377-406.

Martín Galindo, J.L.(1999) *A Fala de Xálima. O falar fronteirizo de Valverde, Eljas y San Martín de Trevejo.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura.

Martín Galindo, J.L. (2006): "Os falaris do Val de Xálima: o manhegu, o valverdeiru i o lagarteiru", en *Universo Extremeño. Dialectología y cultura popular* nº1, pp. 42-44.

Martínez Hombre, E. (s.d.): "Astures bergidanos", en *Gran Enciclopedia Asturiana,* vol. II. Xixón: Silverio Cañada, pp. 97.

Martínez Martínez, M. (1994): "Los abades de Carracedo a través del Cartulario", en *Revista de Estudios Bercianos* nº 19.

Maya, L. (1989): *Los castros en Asturias.* Xixón: Silverio Cañada.

Meilán García, A. (2001): "Aspectos diacrónicos e sincrónicos do galego de Asturias" en *Revista de Filoloxía Asturiana,* nº 1, pp. 131-153.

Menéndez García, M. (1951): *Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias.* Oviedo.

Menéndez Pidal, R. (1906): *El dialecto leonés.* Edición conmemorativa de 2006. León: El Buho Viajero.

Mesa prá Defensa del Galego de Asturias (1990): *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias,* Eilao: MDGA.

Neira Martínez, J. (1989): *Diccionario de los bables de Asturias*. Uviéu: IEA.

Nogueira López, A. (2006): "Estatuto jurídico de la lengua gallega", en Pérez Fernández, J.M.(coord.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas de España*. Barcelona: Atelier, pp.449-471.

Nogueira Román, C. (1996):"Sobre as orixes da cuestión nacional galega: a división de Gallaecia e a creación do Estado portugués", n' *A Trabe de Ouro*, nº 25, pp. 11-25 e nº 26, pp. 59-79.

Onís, F. de (1930) «Notas sobre el dialecto de San Martín de Trevejo», *Todd Memorial Volumes, Philological Studies*, vol. II, pp. 63-70. New York.

Otero, A. (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Santiago: USC.

Parajó Calvo, M. e Costas González, X.H. (2001): «Posibilidades legais de equilibrio lingüístico no Bierzo Occidental e nas Portelas. Breve referencia á terra Eo-Navia e Val do Río Ellas», n'*A Trabe de Ouro. Revista Galega de Pensamento Crítico*, XLVII, pp. 379-392.

Pereira-Menaut, G. (2005): "Fundamentos históricos para o estudo (xenético) da poboación do noroeste peninsular", en A. Carracedo e G. Pereira (coords.) *Xenética e historia no noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 147-166.

Pérez Fernández, J.M.(coord.) (2006): *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas de España*. Barcelona: Atelier.

Principáu d'Asturies (1993): *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del ga(l)lego asturiano*. Uviéu: Conseyería d'Educación, Cultura, Deportes y Xuventú.

Quiles Casas, C. (2004): *Eizionariu brevi castelán-xalimegu*. Iuventia. Consultable en: http://sanmartindetrevejo.net/mediapool/61/ 610399/data/DICIONARIU.pdf].

Quintana Prieto, A. (1983): "Carracedo", en *Temas Bercianos I-II-III*.

Quintana Prieto, A. (1971): *El tumbo viejo de San Pedro de Montes*. León: CEI "San Isidoro"/ Caja de Ahorros y Monte de Piedad.

Rey Yelmo, J.(1999): *La fala de San Martín de Trevejo: O mañegu. Notas y vocabulario.* Mérida: Editora Regional de Extremadura y Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Junta de Extremadura.

Riobó Sanluís, B. e Sartal Lorenzo, M.A. (coords.) e Asociación Cultural Alén do Val (2004): *Fala e Cultura d'Os Tres Lugaris. Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello (Cáceres).* Noia: Toxosoutos.

Rodríguez Guerra, A. (2004):«Achegamento á sintaxe dos falares mañego, lagarteiro e valverdeiro», en Álvarez Blanco, R., Fernández Rei, F., Santamarina, A. (eds.) *A Lingua Galega: Historia e Actualidade.* Santiago: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, vol. IV, pp. 293-414.

Román Domínguez, A. (2007): «Contribución ao estudo do galego exterior: o léxico do galego do Val do Ellas». Traballo de Investigación Tutelado. Universidade de Vigo [inédito].

Rubal Martínez, X.; Veiga Martínez, D. e Arza Arza, N. (1992): *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Salas Ellacuriaga, A. e Carracedo, Á. (2006): "Xenes, historia e lingua: estrutura xenética da poboación galega", en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.) *Lingua e territorio.* Santiago: Consello da Cultura Galega, pp. 55-66.

Santamarina, A. (2003): *Diccionario de diccionarios. 3.* CD-ROM. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

Santos, M.J. de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Tras-os-Montes,* separata da *Revista Portuguesa de Filologia* 12. Coimbra.

Santos Yanguas, J. (2009): "Las organizaciones indígenas en el norte peninsular y la romanización", en D.Dopico Caínzos, P.Rodríguez Álvarez e M.Villanueva Acuña (eds.): *Do castro á cidade. A romanización na Gallaecia e na Hispania indoeuropea. Actas do Curso de actualización sobre a romanización de Galiza.* Lugo: Deputación de Lugo, pp. 65-83

Seco Orosa, A.(1997): *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*. [Tese de licenciatura inédita, defendida na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela].

Seco Orosa, A.(2001): «Delimitación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de Léon e Zamora», en *Revista de Filología Románica*, XVIII, pp. 73-102.

Seco Orosa, A. (2004): «O trazado da fronteira oriental do galego en León e Zamora», en Álvarez Blanco, R., Fernández Rei, F. e Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: Historia e Actualidade*. Santiago de Compostela: ILG/Consello da Cultura Galega, vol. IV, pp. 415-463.

Staaf, E. (1907): *Étude sur l'ancien dialecte léonais aprés des chartes du XIIIè siècle*. Uppsala [reimpreso en Ovedo en 1992 pola Academia de la Llingua Asturiana].

Suárez Fernández, X.M. (1996): *Vocabulario de Mántaras (Tapia): aportacióis al léxico del gallego-asturiano*. A Caridá: Xeira.

Tolivar Alas, L. (2006): "La extraterritorialidad de la oficialidad", en Pérez Fernández, J.M. (coord.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas de España*. Barcelona: Atelier, pp. 175-196.

Torres, C. (1977): *Galicia Sueva*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Varela Aenlle, C.X. (2003–): *Libros del Eo-Navia: uha páxina sobre a bibliografía del galego de Asturias*. [blog onde se introducen e actualizan fichas bibliográficas comentadas sobre o galego de Asturias: http://librosdeleonavia.blogspot.com] [Consulta: 1-10-2010].

Vasconcellos, J. Leite de (1927): «Linguagem de San Martín de Trevejo (Cáceres: Hespanha)», *Revista Lusitana*, XXVI, pp. 247-259. [on-line] http://www.instituto-camoes.pt /cvc/bdc /etnologia/revistalusitana/ [consulta 01.02.2010]

Vasconcellos, J. Leite de (1929) «Samartinhego», *Opúsculos*, vol. IV, pp. 671-675. Coimbra: Imprensa da Universidade.

Vasconcellos, J. Leite de (1935): «Português dialectal na região de Xalma. (Hespanha)» *Revista Lusitana*, XXXI, pp. 164-

275. [consulta on-line http://www.institutocamoes.pt /cvc/bdc/etnologia/revistalusitana/ [consulta 01.02.2010]

Vasconcellos, J. Leite de (1935): «Português dialectal na região de Xalma. Novos "adenda & corrigenda" para completarem os das págs. 274-275 do referido volume» [XXXI], *Revista Lusitana*, XXXIII, pp. 301-303. [on-linehttp://www.institutocamoes.pt/cvc/bdc/etnologia/ revistalu-sitana/ [consulta 01.02.2010]

Vasconcellos, J. Leite de (1901): *Esquisse d'une dialectologie portugaise*. Lisboa.

Vázquez Varela, J.M. (1980): *Las raíces de Galicia*. Santiago de Compostela: Sálvora

Veiga Martínez, D. (1991): «Situación sociolingüística do alumnado das zonas limítrofes con Galicia», in González Reboredo, X.M: e Fernández de Rota, X.A. (eds.), *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da galeguidade I"* (celebrado no Cebreiro-A Pobra de Navia-Vilafranca do 5 ao 7 de xullo de 1990). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 129-140.

Veny, J. (1992): "Fronteras y áreas dialectales", en *Actas del Congreso Internacional de Dialectología*, Bilbao, pp. 197-245.

Viudas Camarasa, A. (1982) «Un habla de transición: El dialecto de San Martín de Trevejo», *Lletres Asturianes*, IV, pp. 55-71. [on-line http://idd004qO.eresmas.net/dialectodesan martindetrevejo/index.html.]

Viudas Camarasa, A.(1987) «Islotes lingüísticos: las hablas de la comarca del Trevejo (Cáceres) y el chinato de Malpartida de Plasencia», in AA. VV. (1987) *El habla en Extremadura*. Salamanca: Editora Regional de Extremadura, pp. 67-73.

Witte, B. de (2008): "The protection of linguistics diversity throught provisions of the EU Charter other than Article 22", en X. Arzoz (ed.) *Respecting Linguistic Diversity in the European Union*. John Benjamins Publishing Company, pp. 175-190.

Xosé-Henrique Costas González
Val do Fragoso, 3 de marzo de 2011

REAL ACADEMIA
GALEGA